

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 11**

### **SESION ORDINARIA DO 28 DE XULLO DE 2008**

#### **ASISTENTES**

Excmo. Sr. Alcalde	Lago Rey, María Jesús
Abelairas Rodríguez, Isaura	Larriba Leira, Elvira
Alonso Pérez, Fco. Xabier	López Atrio, Laura
Calviño Rodríguez, Xulio	López Carreira, Xesús
Coello Bufill, Antonio	López Font, Carlos
Comesaña Abalde, Carlos	Martiño Gómez, Antonio
Conde Gil, Jorge	Méndez Piñeiro, María
Díaz Vázquez, Raquel	Molares Pérez, Lucía Emilia
Domínguez Olveira, Santiago	Muñoz Posse, Carlota
Fidalgo Iglesias, Miguel	Porro Martínez, María Corina
Figueroa Vila, José Manuel	Rivas González, Angel
García Míguez, María Angeles	Rodríguez Díaz, Santos Héctor
González Sagarra, Javier Pablo	Veloso Ríos, Iolanda
Iglesias Bueno, Marta	

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e sete minutos do día vinte e oito do ano dous mil oito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos (con atraso), actuando como secretario xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sr. Mariño Mendoza e Sra. Maure Noia e máis o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.- (150).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS 26/29.05.08)

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas correspondentes ás sesións ordinaria de 26 de maio e extraordinaria do 29 de maio de 2008.

2.- (151).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 49/08 (TRANSFERENCIA DE CRÉDITO), DIVERSAS PARTIDAS DA CONCELLERÍA DE TURISMO E COMERCIO. EXPTE. 310/107.

ANTECEDENTES.- Con data 16.06.08 o coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, coa conformidade do concelleiro delegado de Turismo e máis da concelleira de Facenda emite informe-proposta sobre a necesidade da realización dunha modificación de crédito por importe de 150.000 € para o plan de sinalética turística da cidade, así como dun importe de 400.000 € para o programa de pantallas de información turística.

Con data 25 do mesmo mes o interventor xeral emite informe, que se contén no expediente, favorable á modificación solicitada.

Con data 25 de xuño a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de xullo, ditamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Este é un expediente que nos traen hoxe ó Pleno

para facer unha serie de modificacións de crédito e sorpréndenos porque semella que este goberno logo dun ano, que coido é un tempo suficiente, vaise decatando da xestión que fixo o goberno do Partido Popular. Ademais durante este tempo calumniouse continuamente, difamouse e eu diría que mesmo se desprestixiaron accións do goberno anterior, pero paseniño e co paso do tempo vaise demostrando a xestión e a herdanza que deixou o Partido Popular.

Aquí hai dous expedientes moi claros. Un dicía: "Plan sinalética turística da cidade" e outro "Pantallas de información turística". Vostedes incluíron no orzamento do ano 2008 estas dúas partidas, unha con 150.000 euros e outra con 400.000 euros. Nós fixemos unha alegación á partida de información turística dicindo que se reduciran esas pantallas para ampliar postos de policía e vostedes negáronse e mesmo discutiron se era necesario. Non se decataron de que naquel intre estaba adxudicado un concurso de mobiliario urbano que contiña esas pantallas. Logo falarei deste tema en concreto.

Tamén no Plan de sinalética non sabían vostedes que dende o ano 2005 estaba adxudicado á UTE turística de Vigo, Aplicacións de Pintura API&EGA 4, un concurso para a sinalización da cidade. Vostedes fixeron algunhas modificacións dese plan de sinalización pero xa estaba adxudicado e en marcha dende o ano 2005 e había que desenvolver unha terceira fase que correspondía ó ano 2007.

É bo que logo dun ano se vaian decatando do que pasaba. É lóxico que agora vostedes consideren que este Plan de sinalización non é oportuno porque evidentemente estaba en marcha, estaba adxudicado e a nosa compañeira, dona Lucía Molares, como responsable de Turismo daquela, fixera a proposta.

O tema do mobiliario urbano aínda é moito máis grave porque vostedes durante os tres últimos meses do mandato anterior boicotearon este concurso con frases como "O PP xestiona contratos que están amañados", "Tentan atrasar os concursos"; algún concelleiro di que "O PP amaña os contratos", dise que xa está dado para unha empresa, etc. Pero hai dous ou tres meses, o 27 de xullo, o Sr. Alcalde comeza a facerse fotos con cabinas de internet, cabinas de mobiliario urbano, coas marquesiñas, coas pantallas, etc. Pois aquel concurso que vostedes criticaron, ó que dixeron que non rotundamente, mesmo dixeron que estaba amañado, para que saiban os cidadáns: o contrato do ano 91 que fixo un goberno do Partido Socialista contiña cen marquesiñas; o que fixo o goberno do Partido Popular vai conter 627

marquesiñas. A diferenza é de 527 marquesiñas máis. Vostedes tiñan 90 mupis e 45 columnas; pois agora pasamos a 627 marquesiñas, a 160 pantallas dixitais, a 11 puntos interactivos, 1.500 postes de parada, 90 *mupis*, 10 columnas, 14 paneis electrónicos, 8 aseos públicos, 14 paneis de información de ocupación de aparcadoiros e reloxo de termómetro.

A maiores hai 30 pequenas pantallas de información dixital, 100 cinceiros, 50 bancos, 15 colectores de recollida selectiva de pilas, 200 papeleiras, 30 soportes libres de expresión, 1 circuíto saudable constituído por 10 módulos e, o máis importante, a impresión de 2 campañas anuais de comunicación institucional, colocación e retirada de 26 campañas anuais de comunicación institucional, organización dun concurso de debuxo infantil anual e a cesión de espazos para a realización dunha campaña anual de promoción internacional na cidade de Vigo cun circuíto de 500 caras en soportes publicitarios de toda Europa. A maiores un canon que vostedes deixaron de 10.700 euros, agora a pagar a empresa 150.000 euros.

O máis importante e polo que vostedes discutían era que no anterior contrato o mobiliario pasaba á propiedade da empresa, non existía a reversión. Pois agora cando remate o concurso todo este material será de propiedade municipal.

Vostedes agora decatáronse de que estas pantallas de información estaban dentro deste concurso, como se decatarán de moitas cousas que antes criticaron e que agora tentan vender como obras ou proxectos de seu. Pois non, o proxecto do mobiliario urbano traballouse, adxudicouse e fíxose absolutamente toda a xestión polo Partido Popular. Sen embargo o que fan vostedes agora é aproveitarse desa xestión que criticaron no seu día con comentarios fóra de ton e de lugar, pero ó final o tempo nos dá a razón porque son vostedes mesmos quen agora tentan vender ese proxecto.

Deixando claras estas dúas importantes cuestións porque logo dun ano xa era hora de que vostedes se decataran de que deixamos un plan de sinalización turística na cidade e de que as pantallas de información turística estaban incluídas nese concurso de mobiliario urbano que algúns criticaron, pero agora se aproveitan del facéndoo como de seu.

Vostedes presentan unha modificación de crédito que ademais vai dirixida a estudos e traballos relacionados co turismo, 75.000 euros, non sabemos a qué

partidas van ser destinados. Cremos entender que estes 350.000 euros, que pasan dun capítulo de investimentos a un de gasto corrente, debe ser para unha proba deportiva polo que vostedes expresan, aínda que non deixan definida a cantidade. Tamén deste plan de investimentos pasan a convenios e programas da Tenencia de Alcaldía por 125.000 euros que semella van estar vinculados ó bicentenario, partidas que xa estaban amplamente consignadas no orzamento do ano 2008.

Nós imos votar en contra pola súa incoherencia e porque nos parece grave que un equipo de goberno criticara continuamente unha serie de actuacións do goberno anterior e que co paso do tempo acaben dándonos a razón. O tempo pon a cada quen no seu sitio e aquí demostrábase claramente. Ademais dentro do expediente vostedes din que para sinais turísticos é suficiente a partida aprobada e adxudicada; tamén se decataron agora de que había un concurso de mobiliario urbano que continúa esas partidas.

O máis grave de todo é que pasan partidas de investimento a gasto corrente. Creo que a situación debería ser do revés, é dicir, deberíamos comezar a facer modificacións de gasto corrente a partidas de investimento. Parécenos que xa teñen bastantes consignacións de gasto corrente como para que nos momentos nos que estamos vivindo fagan o troque ó revés, gasto corrente a investimento.

En calquera caso logo dun ano felicitámoslos porque polo menos nos acaban dando a razón e comezan decatarse dos proxectos que tiña en marcha o goberno anterior e que vostedes herdaron. Está ben que logo de doce meses se vaian decatando, é para felicitar ó goberno. Pensabamos que ninguén se ía dar conta ou que ó final vostedes con tanta calumnias e con tanta mensaxe publicitaria eran quen de agachar unha xestión anterior, pero o tempo pon a cada quen no seu sitio e a día de hoxe sentímonos extremadamente satisfeitos destes dous proxectos, do tema dos sinais, tamén do traballo que se fixo polo turismo e por suposto do concurso do mobiliario que foi impecable e agora se empezan a ver os beneficios.

Todas esas marquesiñas que se están a instalar, todos eses aseos, postes, pantallas de publicidade, *mupis*, deixounos adxudicados o Partido Popular e agora este goberno e o alcalde teñen a desvergoña, logo do criticar no seu día e mesmo do que non votaron a favor, de facelo de seu. Pois non, hai que lles dicir ós veciños e veciñas que a situación é a que lles estou a contar e que ó final hai un alcalde que se aproveita dunha xestión anterior e non ten nin a delicadeza de invitar ás

inauguracións ó grupo maioritario da oposición, ó grupo que deixou adxudicado ese proxecto.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Polo que a nós respecta non nos sentimos en absoluto aludidos. Cando fai referencia a calumniar, criticar, o BNG non se sente aludido nese sentido porque nunca fixemos ningunha alusión ou calumnia sobre ningunha das dúas cuestións ás que vostede fai referencia e polo tanto non lle vou contestar a ese tema.

Sinxelamente, polo que min me corresponde como responsable da área de Turismo, penso que hai que lle dicir á cidadanía de que estamos a falar porque neste punto da orde do día, Sr. Figueroa, non estamos a falar do contrato de mobiliario urbano, nin nesta modificación en ningún momento se di que esteamos de acordo con ese contrato. Non é certo de que nos deramos conta agora de que existían esas pantallas; sabiamos que existían. Pasa que, como vostede sabe, para unha modificación de crédito hai que pasar unha serie de trámites administrativos que levan a presentar hoxe esta modificación.

Tampouco se trata de se o plan de sinais turístico é bo ou malo, non o dicimos no expediente porque ese non é o obxecto hoxe aquí. O obxecto é que este goberno e esta Concellería de Turismo que eu represento se atopa con dous investimentos que estaban nos orzamentos e que, co obxecto de racionalizar mellor o gasto, chegamos á conclusión de que se as pantallas informativas que están dentro do contrato do mobiliario urbano van dar xa información turística, cultural e demais, poñémonos de acordo o concelleiro de Seguridade e máis eu e decidimos que nesas pantallas vaia toda a información e que polo tanto non é necesario facer un dobre gasto. Iso chámase, Sr. Figueroa, racionalizar o gasto. Isto é o que traemos hoxe aquí e non se o contrato de mobiliario ou o plan sinalético son bos.

Segunda cuestión, é certo que nos atopamos evidentemente cun investimento deixado polo seu goberno dun plan sinalético que non vou dicir eu que sexa malo, porque lóxicamente nos serviu e que vendo os pasos que quedaban, vímonos tamén na obriga de recompoñer eses ingresos dese plan sinalético porque ata o ano que ven non imos enfrontar outra nova fase.

Polo tanto hai cuestións que si necesitamos enfrontar nesta cidade e por iso aí si que ven a miña intervención para que lles quede moi claro a vostedes e ós

cidadáns en que se van gastar os cartos que reconsideramos do plan sinalético e do plan de mobiliario urbano.

Como vostede ben saberá estamos facendo un esforzo importante dende a Fundación Provigo, dende a Dirección Xeral de Turismo e dende a Concellería de Turismo para que Vigo poida ter novos voos internacionais e nese sentido acadouse, ademais do de París que xa estaba, pechar as negociacións do voo Vigo-Londres, do Vigo-Córdoba e estamos a piques de pechar as negociacións dun novo voo Vigo-Bruxelas.

Sobre todo neste momento, cando por desgracia a crise no sector turístico comeza aflorar con motivo de toda a crise xeral, aproveitando estes voos, necesitamos facer promocións importantes de turismo nestas cidades. A finais de ano imos facer unha grande promoción en París onde xa a Dirección Xeral de Turismo vai aportar 160.000 euros e nós aportaremos outra cantidade; a finais de setembro faremos un grande despregue de promoción en Londres e así o faremos tamén en Córdoba e en Andalucía en xeral. Para todo isto vai ir parte deses cartos que sacamos desas pantallas e dese plan de sinalética.

Pero ademais, para que non lles quede ningunha dúbida, logo de negociacións, e iso é traballar tamén a prol do turismo nesta cidade, acadamos que Vigo vaia ter un grande evento deportivo o 11, 12, 13 e 14 deste mes de setembro: a fórmula un do mar. Vigo vai ser a única cidade de todo o Estado español que vai poder albergar este grande evento que vai reunir só en organización a máis de seiscentas persoas e un evento que, cos equipos participantes e estas persoas, estamos falando de 1.500 persoas que se van ter que aloxar na nosa cidade, ademais da grande promoción que as televisión en directo Euro Sport, Channel Deportes, etc., van facer en todo o mundo da nosa cidade.

Efectivamente, como vostede dicía, necesitamos pechar actos, contratos que logo terán o seu desenvolvemento o ano que ven con motivo de certas actuacións culturais, deportivas, turísticas que estamos a elaborar con motivo do bicentenario. Iso é ó que se van dedicar estes cartos e repito que o que se trae aquí é cambiar dúas partidas que nos parecía que nestes momentos sería duplicar gastos innecesarios e dirixir os cartos a cousas que, como acabo de explicar, son positivas e interesantes para esta cidade.

Iso e non outra cousa é o que votamos. Por suposto que non é que nos esteamos

aproveitando do concurso do mobiliario urbano que vostedes aprobaron. Non o imos tirar, está adxudicado, claro que o temos que utilizar e aproveitar e por iso, como nese mobiliario urbano había esas pantallas de información, nós non queremos poñer outras. Agora ben, por suposto que ese plan de mobiliario urbano adxudicárono vostedes; por suposto que nel había pantallas que ademais están funcionando ben, pero repito que eu aquí non quero nin loar, nin criticar o seu plan do mobiliario urbano porque este non é obxecto desta orde do día, nin deste punto. Este punto sinxelamente consiste en eliminar dúas partidas para enfrontar os gastos que lle acabo de comentar.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Non podo por menos que facer unha pequena referencia á intervención do Sr. Figueroa que ademais, como están acostumados, botoulle a culpa a vostede como se estivesen na Corporación anterior, foi vostede o responsable de todo o que pasou na Corporación anterior.

Aquí están moitos xornalistas que viviron a auténtica febre adxudicataria do Partido Popular durante o último ano e medio de goberno. Lamentablemente non fixo moita xestión pero se encargou de que todo quedara perfectamente adxudicado. Iso si que está claro.

Tamén os medios de comunicación son testemuñas do esforzo extraordinario que se fixo dende o goberno do Partido Popular por deixar fóra do concurso do mobiliario urbano á anterior empresa adxudicataria, a quen ó final llo tiveron que adxudicar.

Nese sentido síntome quizais máis responsable da adxudicación do mobiliario urbano que o Grupo municipal do Partido Popular que o votou no seu momento sendo daquela goberno en minoría porque saben moi ben que, precisamente porque necesitaban os votos de parte da oposición, para todas esas adxudicacións fixéronse moreiras de reunións para chegaren a acordos. Síntome tan responsable das melloras dese mobiliario urbano como o propio goberno porque participei na mellora de todos eses procesos de adxudicación aínda que ó final se volveran contra vostede mesmo.

Seguro que se nomeo a Norman Foster, deseñador das actuais marquesiñas, os medios de comunicación lembrarán perfectamente que a miña loita foi sempre por tratar de acadar que JCDECO, que levaba entre outras as marquesiñas de Norman



Foster, non quedara fóra dese proceso de adxudicación. Ó final fixeron unha proposta tan boa que eu aplaudo a fondo porque non tiveron máis remedio que lle adxudicar o concurso. Pero vostedes saben moi ben que non ían as cousas por aí.

SR. FIGUEROA VILA: Mágoa que o Sr. Calviño faga este discurso demagóxico e vou dicir unha vez máis que politicamente rastreiro. Imos dicir o que pensamos, Sr. Font, isto é moi respectuoso porque vostede non sabe o que fixo o Sr. Calviño na súa última etapa, os que estivemos aquí si.

Primeiro, mente porque non necesitabamos o voto da oposición para nada porque era competencia da Xunta de Goberno Local. Segundo, logo de seis meses agora se demostra que todos os concursos que fixo o Partido Popular este goberno non ten máis remedio que os continuar porque son impecables, defenden os intereses xerais desta cidade e porque ademais se está demostrando que se fixeron con coherencia e con rigor. Repito novamente que teño cantidade de titulares do boicot que fixo o Sr. Calviño.

Evidentemente nós defendíamos a reversión deste mobiliario urbano; o Sr. Calviño non, defendía que cando rematase o contrato o mobiliario urbano pasase á empresa. Saberá el por que defendía isto e non os intereses xerais da cidade. Non me estraña nada porque xa no ano 90, gobernando o Partido Socialista, logo de facer a adxudicación dun concurso con reversión, cambiaron a reversión, logo da adxudicación modificaron o contrato e cando a reversión era para o Concello, quedou para a propia empresa. Supoño que dentro desa tese do Sr. Calviño, sabería el cales eran os intereses.

A diferenza era tan abismal como pasar dun contrato de 100 marquesiñas a 627, non estou errando. Tamén foi de 90 *mupis* e 5 columnas, á parte das 627 marquesiñas, a 180 pantallas dixitais, 1.500 postes, 90 *mupis*, paneis, aseos, internet, pantallas de información. O máis importante: vostedes poden entender que unha concesionaria pagara 10.000 euros e pase a pagar 155.000 euros, á parte da reversión porque todo este material é noso, cando remate o concurso todo o material será propiedade e titularidade do Concello de Vigo. A diferenza é que todo o que agora se está a retirar é propiedade da empresa. Coido que non hai cor. Criticaron os aparcadoiros e aí están seis aparcadoiros que están vostedes vendendo continuamente, Tenencia de Alcaldía, non tiveron nin a elegancia de

invitar á inauguración ó grupo que deixou feita a adxudicación. Coas dúas piscinas o mesmo. Ó final a historia está aí.

Gustaríame que este debate non se producira pero xa que o Sr. Calviño o quere nós non temos ningún tremor nin medo porque o tempo demostrará os criterios do Partido Popular nas adxudicacións.

Claro que o Sr. Calviño non quería que se adxudicara nada, nin que o goberno tomara decisións e así boicoteou todas as comisións que puido, tentou atrasar absolutamente todos os proxectos do goberno anterior. Non quería ningún proxecto aínda que tivesen a vantaxe de custo cero para a administración municipal porque os aparcadoiros que adxudicou o Partido Socialista na cidade de Vigo, as humanizacións correspondentes, tívoas que pagar o Concello de Vigo.

Nas adxudicacións destes aparcadoiros as humanizacións págaas a concesionaria e o custo é cero. Ademais é a primeira vez que hai nestas concesións o 20% nalgúns casos e noutros o 50% de prazas para residentes. Pero evidentemente non interesaba que se produciran estas adxudicacións e se levaran a cabo estes concursos.

Sr. Domínguez Olveira, sei ben que vostedes non teñen nada que ver co concurso do mobiliario xa que o apoiaron e iso tamén o digo claramente, pero si ten que entender que polo que vostedes din neste expediente de modificación de crédito demóstrase que a sinalización que deixamos adxudicada cumpre coa demanda que hai e ademais que hai pantallas de información que contén o concurso de mobiliario urbano. Supoño que vostedes tiñan que saber disto, o goberno tiña que saber que estes dous proxectos estaban adxudicados, conformados para levar a cabo.

Polo tanto vostede non nos pode dicir agora que non sabía desta situación, tíñana que coñecer perfectamente e fixeron un orzamento alegremente porque claro que non estamos por duplicar o gasto, pero comprenderá que cando vostedes fixeron o orzamento deberon ter o rigor suficiente como para se dar conta de que estes proxectos estaban xa consignados.

Coido que aquí van moitas promocións de cada quen. O alcalde ten agora un concurso de 200.000 euros para contratar a dez persoas, ten en marcha unha asistencia técnica que, por certo, publicouse no boletín antes de seren aprobado por unha Xunta de Goberno, pero esa é outra cuestión de procedemento

administrativo.

Coido que se teñen que poñer de acordo vostede e máis o alcalde para non duplicar o gasto corrente porque se vostede é quen leva Turismo, que nos parece ben que polo turismo se fagan promocións, contratos para voos de baixo custo pero o que si nos parece grave é que o Sr. Alcalde tamén teña agora un concurso de 200.000 euros para contratar dez persoas, á parte dos funcionarios e técnicos que hai na Casa para que leven a imaxe persoal do Sr. Alcalde.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, déixeme que lle diga que nós tiñamos un acordo de procedemento para os debates en Pleno e sucede que está sobrepasando claramente o tempo. Xa vai en dez minutos, pode continuar porque supoño que o que nós estamos contratando é consonte coas leis. Eu nin sequera sei do que está a falar pero lle debo dicir que os procedementos que se están levando se debaterán onde corresponda e polo tanto prégoles que siga co punto correspondente da orde do día.

SR. FIGUEROA VILA: Xa remato, Sr. Alcalde. Vostede ten un concurso aberto dunha asistencia técnica de 200.000 euros para contratar dez persoas para que leven a imaxe persoal da Alcaldía e supoño que será a do propio alcalde. Se non se decatou eu dígoles aquí publicamente e cando queira llo demostrarei.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, iso que está a dicir é completamente falso. Unha vez máis o Sr. Figueroa fai aseveracións neste Pleno que non teñen nada que ver coa realidade e corresponde á forma de facer oposición que vale todo, que non se substancia nada e que se convirte en meras afirmacións en calquera momento, fóra da orde do día, sen substancia, sen coñecemento e sen datos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Volvo dicir o mesmo de antes. A min gustaríame que non enganáramos á cidadanía e que respectáramos profundamente o sentido do que significa un Pleno dunha Corporación, do que significa aprobar unha cuestión e explicarlles ós cidadáns que estamos aprobando e para que. Outra vez imos ó debate de se o prego, de se o concurso de mobiliario urbano, de se 300 marquesiñas máis ou menos, de que se se lle quería dar a unha empresa e non a

outra.

A min gústame explicarlle ós cidadáns o que estamos a facer aquí: estamos aprobando suprimir dúas partidas que xa non son necesarias do gasto do Concello para enfrontar outra serie de gastos que si son necesarios e que acabo de explicar. O que ten que facer un goberno e nós queremos lo seguir facendo sempre, é que cando nos damos conta porque xa pasa o tempo suficiente e podemos comprobar que unha cousa funciona, emendarnos. Non nos doen prendas, Sr. Figueroa, en emendarnos para beneficiar a esta cidade.

Iso é o que nós traemos hoxe aquí: suprimir dúas partidas que xa non son necesarias para que esta cidade poida ter outros beneficios e é o mesmo que se de investimentos se pasa a gasto corrente.

Tamén lle vou dicir unha cousa para que quede claro: nos cartos que se van gastar na promoción turística desta cidade non vai haber nin un só euro, Sr. Figueroa, que se gaste en promocións persoais miñas, nin un so euro. Cando se vai promocionar algo vaise promocionar Vigo, esta cidade.

Non se pode enganar, póñanse vostedes de acordo porque con estes cartos vaise promocionar esta cidade, nin Tenencia de Alcaldía, nin Concellería de Turismo; vaise promocionar Vigo. Esta é a grande diferenza e por iso emendamos os nosos orzamentos e imos promocionar Vigo, crear riqueza para Vigo e un exemplo é ese grande evento deportivo que se traerá os días 11, 12, 13 e 14 de setembro que ós hostaleiros lles vai beneficiar moito. Para iso estamos traballando dende Turismo e nunca para promocións persoais.

O Sr. Figueroa, que aínda que marchou llo comunicarán, erra nunha cousa, a Tenencia de Alcaldía non está promovendo ningún tipo de campaña publicitaria nos aparcadoiros desta cidade porque non son competencia de seu e eu non me meto en cuestións que non me competen.

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Coello

Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o cambio no tipo de financiamento das seguintes partidas e proxectos:

1) Partidas financiadas con recursos do endebedamento concertado co Banco de Crédito Local ó 30 de maio de 2008 e que pasarán financiarse con recursos propios.

Partida	Concepto	Proxecto	Importe
7510.6010000	Plan sinalética turística cidade	08751001	150.000 €
7510.6290000	Pantallas información turística	08751003	400.000 €
Total	CAMBIO NO FINANCIAMENTO		550.000 €

2) Partidas financiadas con recurso propios e que pasan financiarse con financiamento do endebedamento concertado co Banco de Crédito Local.

Partida	Concepto	Proxecto	Importe
4510.6320000	Reforma Auditorio Municipal	08451004	450.000 €
4510.6800000	Adquisición de bens artísticos	08451005	65.000 €
4513.6260000	Equipos audiovisuais informáticos	08451302	5.000 €
4531.6240000	Adquisición de vehículo	08453104	30.000 €
Total	AUMENTOS		550.000 €

Segundo.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 49/2008 por un importe de 550.000 de euros, co desglose e aplicacións que figuran na proposta de tramitación, así como a memoria motivadora do expediente.

En cumprimento do previsto na Base 9ª das de Execución do Orzamento para o ano 2008 e dando cumprimento aos requirimentos previstos no art. 180 do TRLRFL, as partidas que son obxecto dos aumentos son as seguintes:

Partida	Concepto	Crédito inicial	Crédito que aumenta
1112.2270602	Convenios e programas Tenc. Alcaldía	165.000	125.000 €
4521.2260900	Outras actuacións e imprevistos	1.500	350.000 €
7510.2270602	Estudios e traballos técnicos	20.000	75.000 €
Total	AUMENTOS		550.000 €

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria por un importe de 550.0000 euros, teñen a súa orixe na baixa das seguintes partidas orzamentarias

Partida	Concepto	Crédito inicial	Crédito que diminúe
7510.6010000	Plan sinalética turística cidade	150.000	150.000 €
7510.6290000	Pantallas información turística	400.000	400.000 €
Total	DIMINUCIÓN		550.000 €

Terceiro.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Cuarto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose á súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Quinto.- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

3.- (152).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 54/08 (SUPLEMENTO DE CRÉDITO) PARA AXARDINAMENTOS VARIOS E ACONDICIONAMENTO PARCELA DE DON BOSCO. EXPTE. 4221/446.

ANTECEDENTES.- Con data 2 de xullo de 2008, o enxeñeiro técnico agrícola, coa conformidade da concelleira delegada de Montes, Parques e Xardíns, informa do que segue:

"No orzamento do vixente ano figuran no Servizo de Montes, Parques e Xardíns cretos para o proxecto de "Melloras na Alameda de Beade" por un importe de 422.295,00 €.

A execución actual do proxecto municipal non se vai realizar polo importe presupostado debido a que por conversacións mantidas cos veciños concretáronse as unidades de obra por un importe total de 331.295,00 €. Por outra banda, as condicións climatolóxicas do ano en curso fan necesario urxentemente a instalación de sistemas de rega en dúas zonas verdes da cidade para consolidar os espazos axardinados o poder complementalos durante o período actual con novas plantacións, xa sexan substitucións de mantemento ou nova creación que consoliden a natureza das plantas existentes.

Ademais considérase que as obras que se están realizando na parcela situada na confluencia das rúas Blein Budiño, Venezuela e Ronda de D. Bosco deben complementarse con outras unidades de obra imprescindibles para a correcta execución do conxunto e de carácter obrigatorio antes da súa finalización e utilización pola cidadanía.

En base aos aspectos expostos e de cara a dar operatividade aos recursos económicos do presente exercicio orzamentario será necesario realizar un suplemento de crédito para axardinar os seguintes espazos:

- Zona Interior Mestre Montes
- Zona Verde Pablo Iglesias
- Parcela D. Bosco - Blein Budiño- Venezuela

Partida que se minora: 4326-611.00.01 (Melloras Alameda de Beade)  
Partidas a incrementar: 4326-611.00.02 (Axardinamentos Varios)  
4326-611.00.03 (Acondicionamento Parcela D. Bosco-  
Blein Budiño Venezuela)"

Na mesma data a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral, en data 9 de xullo, emite informe favorable que se contén no expediente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de xullo, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 54/2008 por un importe de 91.000 euros, co desglose e aplicacións que figuran na proposta de tramitación, así como a memoria motivadora do expediente.

En cumprimento do previsto na Base 8ª das de Execución do Orzamento para o ano 2008 e dando cumprimento aos requirimentos previstos no art. 177 do TRLRFL, as partidas que son obxecto dos aumentos son as seguintes:

Partida	Concepto	Proxecto	Importe
4326.6110002	Axardinamentos varios	08432603	38.000
4326.6110003	Acondmt. parcela Don Bosco Blen Budiño	07432601	53.000
Total			91.000

Segundo.- Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria por un importe de 91.000 euros, teñen a súa orixe na baixa da seguinte partida orzamentaria

Partida	Concepto	Prxto, Endebmto.	Importe
4326.6110001	Melloras na Alameda de Beade	08432602	91.000
Total			91.000

Terceiro.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o



expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Cuarto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Quinto.- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

Explicación de voto do concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila:

Votamos en contra desta modificación porque é para o axardinamento desta zona que agora mesmo se esta reconstruíndo, as escalinatas da Praza de Portugal. Esta foi tamén unha obra que deixou o Partido Popular froito dun convenio asinado con Fenosa polo que o custo da obra para as arcas municipais era de cero euros e parécenos que unha partida destas características, tan pequena, deberían seguir coa negociación con Fenosa e xa que esta fixo a primeira e importante achega, que lla hai que agradecer pero que se debeu a unha compensación pola estación que agora mesmo se está a rematar no Castro e logo dun litixio importante nos vulgados, que o goberno amosa unha vez máis a súa falla de xestión ó non faceren as negociacións oportunas ó igual que fixo o goberno anterior con Fenosa para remataren esta obra.

Daquela coido que a alcaldesa fixo unha xestión magnífica con esta obra que se deixou adxudicada e en marcha polo goberno anterior e xa verán como queda unha magnífica obra. Por certo, hai que felicitar ós técnicos por esta recuperación e rehabilitación.

Parécenos que para unha cantidade menor como é esta deberían facer as negociacións oportunas con Fenosa e así llo instamos ó goberno para que Fenosa remate a obra na súa totalidade.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Fálolle da magnífica xestión da Sra. Porro. O custo da obra son 650.000 euros e ela acadou 500.000. Nós falamos con Fenosa e acadamos

100.000, quedan 50.000 que os hai que aportar das arcas municipais. Polo tanto aí está a falla de eficiencia da Sra. Porro, o custo da obra ascendeu a 650.000 euros. Atopámonos na obra cunha auténtica chapuza. Estaba debuxada nun papel unha rampla con máis dun 20% de pendente, había que andar pola beirarrúa tortos, a pedra non aparece por ningures, falla pedra, non se sabe como hai que montar a fonte, temos que coller fotografías, ver as fotografías para empatar todos os anacos da pedra. Esa é a súa xestión.

A PRESIDENCIA: Sería conveniente que mantiveramos a orde das palabras. Sra. Molares, a verdade é que non foi unha explicación de voto, foi unha suxestión dicíndolle ó goberno que volvera negociar e o que fixo a Sra. Díaz foi responder a esa suxestión.

4.- (153).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 62/08 (CRÉDITO EXTRAORDINARIO) PARA SUBSTITUCIÓN DA HERBA SINTÉTICA DO CAMPO DE FÚTBOL DE BOUZAS E TROFEO CIDADE DE VIGO. EXPTE. 7954/333.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de xullo de 2008, o director deportivo do IMD, coa conformidade do concelleiro delegado de Deportes e máis da concelleira delegada de Economía e Facenda, informa do que segue:

"No orzamento de investimentos vixente para o exercicio 2008 da área de xestión de Deportes do Concello de Vigo contéplase unha partida para a substitución da herba sintética do campo de fútbol de Travesas definida:

Denominación da partida:	Partida orzam.	Importe
Substitución herba sintética campo de fútbol Travesas	4521.630.00.00	350.000,00 €.

Así mesmo, no mesmo orzamento contéplase unha partida para a organización do trofeo cidade de Vigo de fútbol definida como:

Denominación da partida:	Partida orzam.	Importe
Cidade de Vigo de fútbol	4521.470.00.00	100.000,00 €.

Necesidades de realización de modificación destes créditos:

a. O proxecto para o campo de fútbol de travesas contéplase no proceso de redacción do orzamento para o ano 2008 (setembro 2007) e na actualidade atopámonos coa expectativa de realización dentro do complexo das Travesas dun aparcadoiro subterráneo, que dea resposta á crecente demanda dos usuarios deste complexo, que é utilizado diariamente por máis de 4.800 persoas que aumentan nos fins de semana coa celebración de innumerables actos e eventos deportivos. Esta actuación imposibilitaría a execución da obra prevista para a substitución da herba sintética do campo das Travesas dentro do exercicio 2008 e, ó mesmo tempo, atopamos que o campo de fútbol municipal de Bouzas ven experimentando un deterioro continuo nos últimos meses que aconsella a urxencia da súa substitución. Esta situación contempla tamén unha necesidade deportiva en relación á categoría de competición dos equipos usuarios do campo de Bouzas, polo cal esta actuación se considera prioritaria.

b.- O trofeo Cidade de Vigo de Fútbol será organizado este ano dende a Fundación Celta de Vigo, cuestión proposta polo propio RCC SAD, tendo en conta a necesidade de revitalizar e xerar novas iniciativas que xiren en torno ó proxecto, polo cal a capacidade de xestión e as propostas de organización dende a Fundación Celta de Vigo melloran a expectativa de organización do proxecto garantindo a execución deste proxecto deportivo.

En base ó exposto, esta Concellería de Deportes propón a necesidade de realización dunha modificación orzamentaria, por crédito extraordinario para cambiar a finalidade do crédito orzamentario vixente para a substitución do campo de herba sintética de Travesas e poder facer fronte a esta actuación de substitución da herba sintética no campo de fútbol Bouzas e de suplemento de crédito para adecuar o crédito en base á entidade organizadora do evento.

Os cambios que se propoñen non perturban o funcionamento xeral do servizo afectado e o novo crédito proposto fundaméntase na necesidade de das operatividade á execución dun proxecto necesario e inaprazable polas condicións descritas na presente memoria e non supón ningunha variación cuantitativa do actual orzamento.

Previamente a someter o expediente á consideración do Pleno da Corporación, será preciso o informe da Intervención Xeral en canto á fiscalización do gasto.

En consecuencia propónse ó Pleno da Corporación Municipal, competente segundo a distribución de competencias da Lei 57/2003 do 16 de decembro de Modernización do Goberno Local, que modifica e amplía o contido da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a adopción do seguinte acordo:.

Primeiro: Aprobar a modificación de crédito, por crédito extraordinario de acordo coas seguintes modificacións:

Denominación da partida a anular:	Partida orzam.	Importe
Substitución herba sintética campo fútbol Travesas	4521.630.00.00	350.000 €

Denominación da partida a crear:	Partida orzam.	Importe
Substitución herba sintética campo de fútbol de Bouzas e adecuación de Travesas e Samil	4521.630.00.02	350.000 €

Segundo: Aprobar a modificación de crédito, por crédito extraordinario de acordo coas seguintes modificacións:

Denominación da partida a anular:	Partida orzam.	Importe
Cidade de Vigo de Fútbol	4521.470.00.00	100.000 €
Denominación da partida a incrementar:	Partida orzam.	Importe
Convenio Cidade de Vigo de Fútbol Fundación Celta de Vigo	4521.489.00.14	100.000 €

No expediente figura informe de data 16 de xullo emitido polo interventor xeral á presente modificación de crédito.

Con data 17 de xullo a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de xullo, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a concelleira Sra. Veloso Ríos).

**VOTACIÓN E ACORDO:** Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

**ACÓRDASE:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 62/2008 por un importe de 450.000 euros, co desglose e aplicacións que figuran na proposta de tramitación, así como a memoria motivadora do expediente.

Segundo.- En cumprimento do previsto na Base 8ª das de Execución do Orzamento para o ano 2008 e dando cumprimento aos requirimentos previstos no art. 177 do TRLRFL, as partidas que son obxecto dos aumentos son as seguintes:

Partida	Concepto	Proxecto	Importe
4521.6300002	Campo fútbol Bouzas	08452106	350.000
4521.4890014	Conv. Fundación Celta Cidade de Vigo		100.000
Total			450.000

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria por un importe de

450.000 euros, teñen a súa orixe na baixa da seguinte partida orzamentaria

Partida	Concepto	Prox., endebedamento	Importe
4521.6300000	Campo fútbol Travesas	08452102	350.000
4521.4700000	Cidade Vigo de fútbol		100.000

Terceiro.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Cuarto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Quinto.- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas, así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria, ao citado órgano.

5.- (154).- INCREMENTO DE PARTIDAS DE "PRODUTIVIDADE" E "GRATIFICACIÓNS" POR UN IMPORTE TOTAL DE 2.300.000 EUROS. EXPTE. 18358/220.

ANTECEDENTES.- Con data 10 de xullo de 2008, a técnica de RRHH, coa conformidade da xefa da Unidade de Persoal e do concelleiro delegado, emite o seguinte informe:

"O Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, con data 8 de xullo de 2008, ditou orde de servizo para que se proceda pola Unidade de Persoal á realización dos trámites administrativos necesarios para o sometemento ao criterio do órgano municipal competente dunha proposta de autorización para o incremento das partidas orzamentarias 121.0.151.0000 "Gratificacións" e 121.0.150.0000 "Produtividade", polas contías necesarias para atender os compromisos de gastos adquiridos co persoal municipal con cargo a ditas partidas, recollidos no acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo e nas Instrucións sobre Cadro de persoal e relación de postos de

traballo vixente e entre outros, no caso da partida 121.0.1510000, os importes correspondentes a xornada reducida de verán a aqueles empregados adscritos aos servizos nos que non sexa posible gozar da redución de xornada (art. 11 e disposición transitoria sexta, do vixente acordo regulador), así como as produtividades que poidan ser propostas polos distintos servizos municipais, con cargo a créditos non consumidos no primeiro trimestre correspondente ao presente ano, dentro do Capítulo I dos vixente orzamentos.

As vixentes Instrucións de Plantilla, aprobadas xunto coa Relación de Postos de Traballo (RPT), constitúen normas xurídicas de carácter regulamentario, se ben de alcance limitado ou restrinxido ao ámbito interno dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo. A instrución terceira establece que con cargo ao complemento de produtividade retribuirase o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desempeña as súas funcións, sen prexuízo de que a Xunta de Goberno Local estableza no exercizo das competencias reservadas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, outros parámetros obxectivos de asignación.

Así mesmo, a instrución cuarta establece que con cargo ao concepto retributivo “gratificacións” aboaranse os servizos extraordinarios realizados fora da xornada normal de traballo e en concreto os traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22,00 e 7,00 h., os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, o persoal que traballe os días 24 e 31 de decembro por necesidades do servizo, segundo a redacción dada no art. 16. B) a) do Acordo regulador, os servizos extraordinarios dos funcionarios que excedan da xornada normal de traballo e que por circunstancias extraordinarias non podan ser compensados con descanso, o persoal do Corpo da Policía Local que realice servizos de garda ou escolta de honor nas cerimonias ou actos protocolarios nos que participe a Corporación, o Servizo de Extinción de Incendios, como compensación ás horas en exceso realizadas durante o ano, etc.

O artigo 93.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, consigna expresamente que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado. No seu apartado 3, o mesmo artigo sinala que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus orzamentos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado. Interpretando o referenciado artigo en relación co 123.1.h) da mesma norma -en canto que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación dos presupostos- parece claro que corresponde ao Pleno autorizar o incremento das partidas presupostarias 121.01500000 “produtividade” e 121.0.151.00.00- “gratificacións” en cantidades necesarias para facer fronte aos gastos que se poidan devengar ata finais do presente ano, sen prexuízo de que a operación económica da transferencia de crédito se materialice pola Alcaldía-Presidencia ex

artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos Presupostos Municipais para o presente exercicio económico 2008.

En consecuencia, o aboamento daqueles complementos de produtividade e gratificacións, recollidos en Instrucións de Plantilla resulta obrigado sempre que concorran os supostos fácticos xeradores dos mesmos, xa que o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005 aprobatorio das referenciadas Instrucións actualmente vixentes, goza da executividade propia daqueles actos que non teñen sido recorridos en prazo, recollida nos artigos 56 e 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, onde se sinala que os actos da Administracións Públicas suxeitos ao Dereito Administrativo serán executivos con arranxo ao disposto na propia Lei, presumíndose válidos e producindo efectos dende a data na que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa, ou ben a salvo do previsto nos artigos 111 e 138 da referida Lei 30/1992, e naqueles casos nos que unha disposición estableza o contrario ou necesiten aprobación ou autorización superior.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento legislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derrogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no artigo 28.Un. apartado E) da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

As propias Instrucións de Plantilla anteriormente citadas establecen expresamente (instrución terceira, parágrafo segundo) que corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade.

Por último, o artigo 123.1.h) da referida Lei de Bases do Réxime Local -en canto que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación dos presupostos- reforza a competencia plenaria para autoriza-lo incremento da partida presupostaria 121.0.1500000 e 121.0.151.00.00- en cantidade necesaria para facer fronte aos gastos que se poidan devengar, sen prexuízo de que a operación económica da transferencia de crédito se materialice pola Alcaldía-Presidencia ex artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos Presupostos Municipais para o presente exercicio económico 2008, aprobadas definitivamente pola Corporación Municipal na súa sesión do 20 de decembro de 2007.

Tendo en conta a existencia de diferentes prazas vacantes a incluír na vindeira

Oferta de Emprego Público de 2008, aínda sen aprobar pola Xunta de Goberno Local, e outras vacantes do cadro de persoal producidas por xubilacións, falecementos, etc, os seus créditos poden ser utilizados, a través dunha modificación orzamentaria, autorizada polo órgano competente e con cargo ós créditos non consumidos do Capítulo I, ao obxecto de incrementa-lo saldo das partidas de produtividades e gratificacións, tal e como dispón o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal na orde de servizo citada."

Polo anteriormente exposto, a funcionaria informante emite a proposta que se contén que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figura informe emitido polo interventor xeral con data 17 de xullo de 2008.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de xullo, ditamina favorablemente a proposta citada.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Comezar dando as grazias a todos aqueles funcionarios que realmente amplían a súa xornada unha hora de 14,00 e 15,00, no sentido de que aínda que son dalgún xeito aboadas é certo que teñen que dispoñer da súa posible situación de vacacións fronte ós que as teñen.

O que si quero lembrar é que efectivamente a produtividade, aínda que realmente fixeron unha xestión que nós realizáramos a teor da valoración dos postos de traballo, si é certo é que isto puido vir polo orzamento. No orzamento vostedes xa tiñan que ter recollido dalgún xeito esta produtividade xa que realmente xa se sabía que habería que pagar ós funcionarios correspondentes, así que estas partidas de produtividade tiñan que seren incorporadas previamente no orzamento correspondente.

Ó mesmo tempo as gratificacións correspondentes ás xornadas ampliadas, como ben indica o expediente, si que dalgún xeito se poden diversificar, é dicir, nese millón e medio de euros correspondente ás gratificacións hai que distinguir entre aquelas que se corresponden coa xornada reducida de verán das da produtividade proposta polos distintos servizos municipais.

Realmente esta circunstancia que vostedes non explican no expediente nos leva a preguntar neste Pleno realmente que cantidades corresponden á partida orzamentaria da redución de verán fronte á partida de produtividade proposta polos distintos servizos municipais.



SR. LÓPEZ FONT: En primeiro lugar sinalar que a modificación orzamentaria que se propón se axusta á normativa. Tamén clarear que non supón ningún incremento no Capítulo I de Persoal.

Ás preguntas que formulaba o concelleiro na última parte da súa intervención coido que está suficientemente detallado a que conceptos retributivos dos traballadores van ir destinados estes incrementos, tanto no apartado de produtividade como no de gratificacións.

Coido que o orzamento estivo acertado na súa composición, que foi un feito histórico que o orzamento deste Concello estivese efectivo o día 1 e é evidente, a diferenza da situación na que deixou o anterior goberno na política de Persoal, que a oferta de emprego público non se podía executar, nin moito menos, o mesmo día 1 de xaneiro no que comezaba a vixencia do orzamento.

Antes o Sr. Figueroa dicía textualmente: "...momentos nos que estamos", referíndose á situación económica, coido que é un acerto que o conxunto do Capítulo I, precisamente porque se poida dispoñer dunha serie de cantidades das vacantes que non dan lugar a poder realizar a oferta de emprego o 1 de xaneiro, se poida acondicionar e equilibrar dentro do orzamento.

Quero lembrar que todo isto, máis aló da opinión que me mereza, da intención que dende este goberno poidamos ter en política de recursos humanos, ven da política de recursos humanos de Persoal, dos compromisos que adquiriu o anterior goberno e da situación na que o deixou que estou seguro vostede coñece ben.

Cando se fala das produtividades que se poidan propoñer dende os distintos servizos, esta é unha fórmula que idearon vostedes á que eu xa non me quero referir porque toda a Corporación a coñece e polo tanto coido que se debería valorar polos concelleiros da oposición en primeiro lugar que esta é unha fórmula idéntica á que vostedes fixeron cando estaban no goberno.

Segundo, que supón tamén unha racionalización do orzamento, non supón ningún incumprimento de gasto, estamos diante dunha situación totalmente legal e que estamos sobre todo condicionados por unha serie de acordos ós que se chegou polo anterior goberno que en moitos casos non figuran por escrito e que crearon, como xa nos ocorreu no exercicio anterior e como aínda nos está ocorrendo neste, unha serie de compromisos a este goberno.

Coido que realmente estamos a falar dunha racionalización no desenvolvemento do orzamento e malo sería que incrementásemos o gasto deste Concello en partidas que non se puideran executar ó longo deste ano.

Polo tanto eu, pola coherencia que debería traer a postura mantida polo Partido Popular con respecto á política de Persoal, coido que o deberíamos deixar nesta fase, aprobar todos eta modificación que sobre todo, quero salienta, non supón ningún incremento do orzamento senón que sinxelamente unha racionalización entre as partidas do Capítulo I de Persoal.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Sr. López Font, paréceme sangrante o que me está a dicir. Por unha banda dime que nós tiñamos un orzamento que non cumprimos, que realizamos unha situación histórica de emprego e pola contra me di que isto o collen vostedes do que fixemos nós.

Efectivamente a valoración de postos de traballo fixémosla nós e coido que a xente está moi de acordo con ela e non nos temos que avergoñar para nada dese feito, senón pola contra alegrámonos de que se producira.

Tamén me di vostede que as cantidades que van gastar non saen do orzamento. Obviamente, como van saír do orzamento se non sacou aínda a RTP e a oferta de emprego público. Efectivamente seguen a cargo de vacantes de Persoal. Non sei como é quen de poñer o expediente cando, efectivamente non estamos dicindo que o faga vostede a 1 de xaneiro, pero xa non estamos a 1 de xaneiro, Sr. López Font, estamos a 28 de xullo, está rematando o ano e nin sequera se vai presentar. Esperemos que así o faga para ben de todos e para ben da cidadanía.

Tamén falaba vostede de que temos unha situación dentro do noso sistema de emprego bastante coherente no sentido de que as cantidades que vostede me está poñendo de 1.500.000 de euros non sei para que partida van. Vostede esta a dicir que se ve claramente e fixo unha disertación sobre a cantidade de 1.500.000 de euros pero eu aquí non a vexo, no expediente non aparece. Vostede pódeme dicir que é a cantidade correspondente á xornada reducida de verán e eu coido que non é así posto que aparece un segundo punto: "A produtividade que poida ser proposta polos distintos servizos municipais", por iso creo que ten que saber este Pleno e toda a cidadanía onde se dirixen 1.500.000 de euros, se á totalidade das cantidades para as persoas que fan a súa xornada ampliada dende as 14,00 ata as

15,00 horas, ou a outras que poidan ser propostas polos distintos servizos municipais.

O que si lle podo dicir é que estaremos moi atentos ás Xuntas de Goberno para ver onde se dirixe esta situación porque se vostede neste Pleno non me quere responder onde van as cantidades ou as cantidades divididas deses 1.500.000 euros, realmente terei que velo nas Xuntas de Goberno e estarei atento para veren se estas “bufandas” son propostas polos distintos servizos municipais pero cunha base sólida debidamente xustificadas e non porque si. Entendo que a cantidade debería ser explicada neste Pleno posto que os 800.000 euros correspondentes á produtividade maximo que serán das valoracións que nós fixemos no seu momento e que vostede ben apunta. Por iso coido que vostede ten que estar orgulloso de que nós fixeramos as valoracións pertinentes para que vostede agora poida dalgún xeito outorgar estes 800.000 euros ás produtividades correspondentes ós funcionarios que lles correspondan.

Ó mesmo tempo indicarlle que nos orzamentos do ano pasado (nós tivémolos prorrogados dende o ano 2005) vostede podía ter incorporado directamente as cantidades correspondentes a esta produtividade. Non hai ningún tipo de modificación no orzamento posto que os cartos saen das vacantes de Persoal xa que vostede a día 28 de xullo aínda non realizou a RTP nin a correspondente oferta de emprego público.

Insisto que desexaría que me explicase correctamente se estes 1.500.000 euros corresponden á totalidade das partidas relacionadas cos horarios reducidos de verán ou con esa produtividade que podería ser proposta polos distintos servizos municipais posto que eu non o sei e coido que pouca xente o sabe.

SR. LÓPEZ FONT: Vaíamos por partes porque, como xa lle ocorreu antes ó Sr. Figueroa, a forma que teñen vostedes de formular as cousas máis que irritar o que produce neste goberno é tranquilidade para non entrar no seu xogo dialéctico.

Este goberno no tempo que leva non deu ningunha “bufanda” a ningún funcionario. Todo o que se aprobou en Xunta de Goberno está dentro da legalidade e como son consciente e coñecedor de que fan vostedes un seguimento exhaustivo do aprobado en Xunta de Goberno, invítoos a que esa denominación tan pexorativa e con tantas connotacións negativas que ten o termo “bufanda”, diga cantas demos,

porque todos os expedientes que foron a Xunta de Goberno de produtividade e de gratificacións axústanse á normativa, ó acordo regulador e tiveron sempre unha motivación. Outra cuestión é que vostedes compartan ou non esa motivación.

Polo tanto novamente temos que saír en defensa dos funcionarios porque é moi fácil, vostedes adoitan facer un discurso sobre os funcionarios; vostede faino en ocasións afagador, de recoñecemento e demais para de seguido, non sei se dándose ou non conta, meterlles uns “pulazos” tremendos. Pero iso só vai na súa responsabilidade.

Eu non estou orgulloso de como fixeron vostedes a valoración de postos de traballo. Ogallá o anterior concelleiro de Persoal deixara por escrito todos os acordos ós que chegou. Nós estamos aplicando a valoración de postos de traballo acordada polo Sr. Guerra coa memoria histórica dos representantes sindicais e dos funcionarios de Persoal.

O que tería que ter feito o anterior goberno e agora é a miña pretensión e por iso as cousas poden tardar un pouco máis pero é preferible facelas legalmente a como as fixeron vostedes, e que todos os acordos que haxa co Comité de Empresa estean por escrito e non me pode mostrar vostede o escrito do seu antecesor na Corporación, Sr. Guerra, sobre a valoración de postos de traballo.

Eu non me quería referir a iso pero como pregunta vostede conta tanto detalle pois lle digo que se di nos antecedentes: “...Así como as produtividades que poidan ser propostas polos distintos servizos municipais”. O papel sopórtao todo e somos nós os que xa o ano anterior e tamén este ano vímonos obrigados a ter que facer este alcance.

Posteriormente no tema de produtividade, dou por feito, aínda que todos estamos moi ocupados, que leron todos os expedientes que veñen a este Pleno pero como parece que é necesario voulle dicir que no concepto de gratificacións, leo textualmente: “Aboaranse os servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo e en concreto os traballos realizados en horas nocturnas entre as 22,00 e as 7,00 horas, os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos ou persoal que traballe os días 24 e 31 de decembro por necesidades do servizo, segundo a redacción dada no convenio regulador.

Tamén se inclúen as circunstancias extraordinarias que non poidan ser compensadas con descanso ó persoal do corpo da Policía Local que realice servizos

de garda ou escolta de honor nas cerimoniais ou actos protocolarios nos que participe a Corporación, o Servizo de Extinción de Incendios, etc". Non sei se lle parece isto pouca explicación. Se vostede me pregunta as horas nocturnas que se van facer de aquí a finais de ano, sinceramente nin lle podo contestar, nin coido que tampouco vostede, aínda que fose o concelleiro de Persoal, tería ningunha previsión sobre este aspecto.

Insisto novamente en que aquí non hai ningún incremento de gasto, hai un acondicionamento a moitas cuestións que vostedes tiveran feito e que a min me gustaría que, se fixeran doutro xeito e coido que tendo en conta que isto ten un antecedente clave na xestión de persoal realizada polo anterior goberno, no deberían facer demagogia neste aspecto como adoita ser a súa tónica cotiá porque estamos falando realmente deses funcionarios ós que vostede en principio agradecía que traballasen de 14,00 a 15,00 para de seguido poñer pedras no camiño que coido porque non proceden.

A PRESIDENCIA: Sr. Martiño, xa tivo dúas quendas, fixo dúas intervencións, esgotou polo tanto o seu trámite de intervención e non vai ter a palabra.

(Están ausentes as Sras. Iglesias Bueno e Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Autorizar o incremento da cantidade global destinada á partida 121.0.150.00.00 -produtividade-, nunha contía máxima de 800.000,00 €, sobre a dotación existente na actualidade, mediante a aplicación de créditos sobrantes do Capítulo I.

Segundo.- Autorizar o incremento da cantidade global destinada á partida 121.0.151.00.00 -gratificacións-, nunha contía máxima de 1.500.000,00 €, sobre a dotación existente na actualidade, mediante a aplicación de créditos sobrantes do Capítulo I.

Terceiro.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á materialización das correspondentes transferencias de crédito á partida 121.0.150.00.00

“Produtividade” e 121.0.1510.00.00 “gratificacións”, con cargo ás vacantes de persoal, ao abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2008.

6.- (155).- DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NOS AREAIS DE RODAS, A PUNTA, O TOMBO DO GATO, ARGAZADA, O VAO, FONTAÍÑA, CANIDO, SAMIL E FORTIÑÓN. EXPTE. 5795/306.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-presidencia, por decreto de data 18 de xullo de 2008, ditou a seguinte resolución:

"En uso das facultades que me confire o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 41.11 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co obxecto de cumprir o previsto no artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, o cal atribúe ás entidades locais entre outras responsabilidades a vixía das normas sobre salvamento e seguridade, e tendo en conta os informes emitidos polo xefe do servizo de Medio Ambiente onde xustifica as circunstancias sobrevidas que provocan a emerxencia da situación

#### RESOLVO

1. Contratar polo procedemento de emerxencia o expediente para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo para o ano 2008.
2. Contratar dito servizo coa empresa Transgalaica, SL, con CIF: B15312838, por un importe de 194.366,20 euros (cento noventa e catro mil trescentos sesenta e seis euros con vinte céntimos), IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 4533.227.01.00 “Vixilancia de praias” que conta con orzamento suficiente. O servizo iniciárase o vindeiro 22 de xuño do ano que andamos.
3. A prestación do servizo axustarase as condicións técnicas e administrativas que figuran como anexo a este decreto, sendo por conta do contratista todos os gastos de persoal, medios técnicos, equipamento e vestiario que sexan necesarios para unha adecuada e eficiente prestación do servizo.
4. Do anterior deberase dar conta á oficina de Intervención Xeral, á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da corporación municipal."

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 24 de xullo de 2008, quedou enterada da anterior resolución.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Hoxe traen aquí un deses expedientes que non sabemos como cualificar porque para a contratación dun servizo que se ten que prestar por parte do Concello todos os anos dende o 15 de xullo ata o 15 de setembro, vostedes traen unha contratación por emerxencia. Gustaríame lembrarilles o que di a lei sobre a tramitación por emerxencia: "Cando a administración teña que actuar de xeito inmediato por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional, estarase ó seguinte réxime excepcional".

Parécenos bastante grave que poidan dicir que haxa que tramitar este expediente por emerxencia e sobre todo cando vostedes o 16 de maio contratan un coordinador de servizos para os socorristas das praias ó que lle pagan 18.000 euros. Ben pagado está porque é o máximo que permite a Lei de contratos do Estado para a tramitación de expedientes de contía menor e de adxudicación directa; 18.000 euros por tres meses, multipliquen por catro e dan 72.000 euros; este coordinador vai cobrar uns 4.000 euros mensuais.

Parécenos vergoñoso que a día de hoxe se poida traer unha situación deste tipo para que unha persoa cobre uns 4.000 euros netos durante os meses de verán cando esta figura non era necesaria e mesmo antes non existía, facíanse os servizos de praias sen coordinador porque no contrato coa empresa estaba perfectamente articulada a coordinación e a información.

Agora si entendemos por que este goberno suprimiu o Órgano Xestor de Praias que estaba funcionando correctamente, reuníase mensualmente durante todo o ano, cun seguimento dos técnicos municipais. Entendemos tamén por que certos funcionarios de prestixio nesta casa pediron voluntariamente o cambio do departamento de Medio Ambiente porque non estaban de acordo coas directrices dadas polos responsables políticos.

A final todo ten sentido, ten unha causa e unha xustificación. Non entendíamos por que un técnico de tanto prestixio nesta casa, que traballou con gobernos de todas as cores políticas pedira o cambio de departamento. Empezamos a explicármonos

esa e máis cuestións de asistencias técnicas que se están contratando que seguramente non sairán hoxe pero que denunciaremos no seu momento.

Con respecto a este tema parécenos grave que o 16 de maio vostedes contraten un coordinador mediante un contrato menor e co máximo que lles permite a lei, 18.000 euros.

Se contratan ese coordinador o lóxico é que sexa para mellorar eses servizos e dende o 16 de maio, se vostedes axilizaran a contratación destes socorristas, poderíamos ter o expediente en prazo, cunha adxudicación normal, cun procedemento negociado ou como vostedes considerasen, mesmo por un procedemento de urxencia. Pero non, o teñen que traer por emerxencia e a lei di claramente cales teñen que ser as súas motivacións. Mesmo o asesor xurídico no seu informe o reflicte e di claramente que non hai motivación de emerxencia senón que seguramente hai unha falla de eficacia ou de xestión do goberno á hora de facer esta tramitación.

Dende que tomaron posesión sabían vostedes perfectamente que hai que contratar socorristas dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro. Toman a decisión de facer a contratación por emerxencia logo de lles mentir ós cidadáns e iso non o dicimos nós, dino mesmo os medios de comunicación.

Un medio de comunicación da cidade di o día 26 que os dispositivos de socorristas non están funcionando e hai unha nota do goberno, neste caso da responsable de Medio Ambiente, que di que si cando hai testemuñas, probas, fotografías de que nos postos de socorrismo están baleiros. Pódolles ler a nova: "As praias vigueses abarrótanse pero aínda carecen de socorristas. A Sra. Lago aseguraba onte que os vixiantes comezaron a traballar a pasada fin de semana pero o seu posto segue baleiro. Do dispositivo de praias que todos os anos se pon en funcionamento a mediados de xuño ante as previsións de visitantes só está operativa a patrulla da Policía Local. Malia que a concelleira de Medio Ambiente, A Sra. Lago, asegurou onte que xa está en marcha dende a fin de semana pasada, onte non había rastro nin de socorristas, nin dos voluntarios de Cruz Vermella en praias tan abarrotadas como Samil. Os axentes encárganse practicamente de todo e mesmo contan cunha improvisada caixa de urxencias que xa tiveron que utilizar para as picaduras de fanecas. A praia de Samil (no pé de foto) onte pola tarde cun aspecto xa estival pero sen socorristas nos seus postos como se pode comprobar na foto".



Agora cando imos ó contrato de emerxencia resulta que pon que está contratado dende o día 22 de xuño e é falso, logo din que vostedes non menten. Se o día 26 hai unhas fotos que reflicten claramente que non están os socorristas e os responsables políticos din que si están, logo de estudar o expediente explicámonos por que este afán de dicir que ese día estaban os socorristas, porque o contrato de emerxencia que vostedes asinan está dende o día 22 de xuño.

Pero iso non é o máis grave, senón que vostedes nunha revista inglesa que leva o tema das bandeiras, o día 22, pásanlles a información para as bandeiras azuis e din que todas as praias teñen socorristas. Enganaron ós representantes de bandeiras azuis, a todos os cidadáns e agora están tamén enganando e mentíndolle a este Pleno.

Parécenos grave que vostedes presenten esta contratación por emerxencia, sería moito máis elegante facelo polos trámites normais de contratación, en tempo e forma porque tiveron máis que tempo suficiente.

O que si que axilizaron vostedes foi o contrato menor para lle pagar a un coordinador 18.000 euros. Non existía esa figura e vostedes creárona, pero non só iso, senón que incrementan un contrato en 72.000 euros, 65.000 máis que lle pagan ó coordinador con respecto a anos anteriores.

Parécenos grave esta situación, é unha maneira de enganar ós cidadáns e ó Pleno da Corporación e esperemos que estes temas non se volvan repetir.

Como semella que ó alcalde hoxe non lle gusta o Pleno, aproveito para dicir que o alcalde desta cidade mente porque teño aquí o contrato de asistencia técnica que está en concurso e que el antes dicía que era mentira. Di o seguinte: "Informe-Proposta. O Servizo da Alcaldía remite á oficina de Patrimonio e Contratación o expediente para a contratación da asistencia técnica para a creación, desenvolvemento e execución dun programa para consultoría e asistencia técnica da Alcaldía nas áreas susceptibles de proxectar a imaxe da nosa cidade nos ámbitos locais, nacional e estatal. Prezo do contrato: 200.000 euros".

A maiores dise: "A empresa adxudicataria deberá contar cun mínimo de dez persoas no equipo, especificando tanto as correspondentes titulacións académicas como a pirámide organizativa e profesional que presenta: director do proxecto, xornalistas con coñecemento en consultoría e publicidade, persoal de apoio administrativo". Pódeno ter todos os medios se o queren e ademais se publicou no

Boletín oficial antes de seren aprobado pola Xunta de Goberno.

Polo tanto o Partido Popular e o concelleiro que lles fala non mente. Hai unha asistencia técnica de 200.000 euros para mellorar a imaxe da Alcaldía e tamén para contratar dez persoas, supoño que xornalistas e persoas que poidan desenvolver este programa.

Sr. Domínguez Olveira, eu sabía perfectamente o que estaba dicindo e supoño que vostede tamén coñece este contrato e se non é así non se preocupe que lle paso fotocopia cando vostede coido oportuno.

Isto é o que está facendo este goberno: unha tramitación de emerxencia para un contrato normal, convencional, que debería ter unha tramitación ordinaria ou como moito de urxencia. Pode quedar algo atrás nun momento determinado, pero o que nos parece grave é que pase isto cando xa hai un coordinador. Sabemos perfectamente os motivos porque eu coñezo a esta persoa dende o ano 95 e polo tanto coñezo perfectamente os motivos desta contratación e desta axilidade tan grande para contratar un coordinador que vai cobrar aproximadamente 4.000 euros netos cada mes, non facer o contrato de servizo dos socorristas e aínda por riba enganar.

Non o dicimos nós, son os medios de comunicación da cidade que din que o día 26 non tiñan os socorristas na praia cando asinan un contrato o día 22. Isto parécenos máis grave e por riba queren desmentir isto cando aquí está perfectamente reflectido.

Como comprenderán isto non é un tema para unha tramitación por emerxencia. A emerxencia está para situacións de necesidade ou catástrofes, pero en todos estes últimos anos estase facendo este contrato de socorrismo para as praias de Vigo dende xuño ata setembro.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, en primeiro lugar temos o acordo de dez minutos de intervención; a súa intervención unha vez máis foi de quince.

En segundo lugar, Sr. Figueroa, hai unha norma que é a terse ós puntos da orde do día e non hai ningún punto da orde do día que teña que ver con ese contrato de imaxe da cidade de Vigo, en Vigo e no exterior, como vostede mesmo acaba de ler. Polo tanto acaba vostede de introducir un punto da orde do día distinto que vai ter que ser respondido.

Esta é unha institución seria, Sr. Figueroa, e cando as institucións son serias se atañen ás ordes do día e ós seus contidos. Todos os parlamentos e todos os plenos do mundo, e esta é unha cidade importante, téñense que rexer polas súas propias normas.

Para vostede semella non existiren normas. Vostede decide que é o que vai entrando en cada momento e a forma na que entra. Non lle quixen interromper porque considere que iso que vostede acaba de argumentar, vostede mesmo acaba de ler o título do contrato, é para mellorar a imaxe da cidade de Vigo, unha importante cidade neste país que ten necesidade de seren coñecida tal e como é, cos seus méritos e coa súa capacidade. Estamos falando da primeira cidade de Galicia, dunha das grandes cidades motoras da economía de España e isto tense que saber porque non se coñece, non é unha cuestión coñecida neste País.

Non podo dar os nomes por razóns que entenderá pero lle podo dicir que moi pouca xente dos grandes reitores do país saben que a factoría Citroën é a segunda en tamaño de Europa. É completamente necesario que se saiba. É necesario que se saiba que Vigo ten o primeiro porto de pesca do mundo. É completamente necesario que se saiba que Vigo é unha grande metrópole do granito no mundo. É importante que se saiba o que somos, o que aportamos porque de aí se ten que derivar a atención que nos merecemos, tense que derivar que cada vez que alguén fale desta cidade inmediatamente se asinta coñecendo a súa importancia e o seu liderado.

Sr. Figueroa, moita xente en España cre que A Coruña é a primeira cidade en habitantes de Galicia e cren que outras cidades de Galicia lideran a economía. É preciso que transmitamos o que somos, esta extraordinaria cidade que durante tantos anos foi quen de se colocar á cabeza da economía de Galicia e de España. Esta é unha función primordial cunha lixeira e cativa asignación de recursos comparado co que estamos a pretender.

É moi importante que se saiba que Vigo lidera os cruceiros do norte e do oeste de España e Portugal, é bo que se saiba que estamos recibindo nestes momentos máis cruceiros que un porto tan importante como Bilbao, é importante que se saiba que pretendemos seren en colectores o primeiro porto do litoral atlántico e cantábrico de España. É importante que se saiba o ritmo de crecemento da economía en Vigo, a forma na que distribuímos e damos os servizos nesta cidade e todo o papel que

estamos a xogar neste momento en Galicia e en España.

Sr. Figueroa, señores do Partido Popular, isto aínda non se sabe. Eu téñolles que dicir que dende a Alcaldía e cos meus propios medios estou tentando levar adiante unha presentación persoal desta cidade con custo cero para estas arcas, ocupando espazo político e foros públicos en Madrid e en Barcelona para que se saiba quen é esta cidade, pero é importante que todo o mundo saiba cara onde imos. Por iso o que fixemos, Sr. Figueroa, foi contratar unha asistencia para que coopere e, por certo, constados os gastos e constatado que sempre é cidade de Vigo, en todo a promoción que estamos a facer sempre aparece “cidade de Vigo”.

Se queren, Sr. Figueroa e Sra. Porro, falamos das fotos que aparecen nas promocións da Deputación porque nas deste Concello, desta Alcaldía, nunca aparece o alcalde, nunca, en ningunha promoción pública pagada con anuncios nunca aparece o alcalde e voulle dicir máis, coidámolo exquisitamente.

Agora ben, aparece moito este alcalde nos medios? Sen dúbida porque estamos continuamente traballando. Por certo, nos medios de Vigo, de Galicia e nos de España porque temos presenza e porque cada vez imos ter máis. Quérolle dicir que vou seguir promocionando esta cidade con toda a miña forza, con todo o que sexa quen de facer e tentando que o custo sexa moi menor para as arcas deste Concello.

SRA. LAGO REY: Sr. Figueroa, eu non minto, a xente que me coñece sabe que eu non minto e se eu digo que o socorrista estaba a fin de semana de xuño, do 21 ó 22, e pódese demostrar porque hai contratos e porque había persoas que estaban alí fisicamente, pódese chamar e preguntarllas se estaban. Había socorrismo o 21 e o 22 de xuño que foi cando comezou.

En xuño non ten por que estar o socorrismo durante a semana e se un xornalista vai un xoves e non ve ós socorristas, é lóxico porque non teñen que estar, non estaban nin este ano, nin o ano pasado, nin o anterior porque “Bandeiras Azuis” non o recoñece nin o pide. Entón pídalle explicacións a ese xornalista que non coñece o regulamento de “Bandeiras Azuis”. Pero eu non minto, podo facer as cousas máis ou menos pero non minto.

Falando do seu técnico, pois se foi e por que non se ía ir? Coincide que se vai o técnico que deixou vostede, que facía máis de concelleiro que de técnico, pero non

imos entrar niso, foise e coincide ademais esta marcha coa vixencia da nova Lei de contratos e a concelleira atrásase, culpa miña, pero tamén culpa de que este socorrismo que está funcionando agora está considerado como un dos mellores de España. Eu tamén fixen socorrismo, era unha das miñas materias e sei o que funciona e non funciona en socorrismo, vostede non e vouno demostrar agora mesmo.

Voulle explicar tamén por que hai un coordinador, por que se aumentou o orzamento; voulle explicar moitas cousas.

Claro que foi culpa miña, pero tamén que o socorrismo que temos este ano está considerado como un dos mellores de España, Vigo está considerado como un dos sitios onde mellor funciona o socorrismo e xa o veu co tema das medusas que se tardaron cinco minutos para unha coordinación. Agora voulle explicar como se fai unha coordinación. Ou tamén co tema dos vertidos. Ría, Sra. Molares, pero de vostede mesma ademais.

Existen mecanismos para corrixir os erros de tramitación do procedemento ordinario e estes son cun procedemento de emerxencia. Pero o demais non se improvisou. Lembre isto cando falemos do seu socorrismo do ano pasado e do anterior.

Non o pensaba facer pero lles vou ler dúas cartas que máis que para vostedes van para os cidadáns de Vigo, para que vexan que si son responsable e que non se improvisou, vai saber vostede como tiven que manter eu as bandeiras azuis do seu socorrismo do ano pasado.

Antes de empezar con esta carta quero dicir que o Órgano Xestor de Praias segue funcionando.

Leo a carta. “Estimada concelleira: Estando próxima a tempada de verán e con ela o comezo da campaña da Bandeira Azul así como a apertura de servizos de socorrismo nas praias permítome lembrarlle as reunións mantidas con vostede sobre este servizo e os informes de inspección das praias “Bandeira Azul” do municipio de Vigo nos últimos anos. Lémbrolle que a nosa valoración xeral das praias con bandeira azul de Vigo na campaña 2007 foi: cumprimento xeral dos criterios agás no servizo de socorrismo que de non se cambiar substancialmente podería significar a perda das bandeiras azuis. (Este era o seu socorrismo, do que está tan orgulloso, do seu orzamento, da falla dun coordinador). Esta valoración

sustentábase nos seguintes problemas que puidemos detectar en varias inspeccións". Logo lle conto o que me custou a min perseguir ós socorristas que vostede contratara e, por certo, só se presentou unha empresa sen ningún tipo de ganancias, a min gustaríame saber que gaña unha empresa porque non vai gañar nada.

"Descoordinación entre entidades. Cruz Vermella encárgase dos primeiros auxilios, unha empresa privada encárgase da vixilancia e rescates e Protección Civil das embarcacións. Esta situación xera moitos problemas e unha descoordinación xeneralizada nunha actividade na que en ocasións un fallo pode influír en que alguén perda a vida". Preocúpese disto e non de se estamos en hora ou de se é un procedemento de emerxencia porque xa sabe vostede por que foi. "Escaseza de socorristas acuáticos para os labores de vixilancia e de rescate en todas as praias. Nalgúns casos chegan a estaren sós nas praias. 3.- Escaseza de recursos materiais para exercer con garantías os labores de vixilancia e rescate (con ese súper-orzamento que vostede deixou prorrogado durante anos, xa me dirá do que está tan orgulloso), nin sequera teñen comunicación entre os socorristas, nin tampouco prismáticos, aletas, ou tubos de rescate. Nula ou insignificante actuación de control do traballo dos socorristas acuáticos o que significa un fallo na coordinación dos mesmos. Nun mesmo día se puido ver e fotografar a socorristas exercendo o seu traballo de forma non axeitada e irresponsable..." Se a un lle pagan 700 euros e non o aseguran por facer un servizo de socorrismo, case le o xornal. "...lendo o xornal no posto de vixilancia á vista de todos os usuarios e comendo na cadeira de vixilancia tamén á vista de todos os usuarios, por poñer outros exemplos. Descontento xeneralizado entre os socorristas e comentarios moi negativos acerca do servizo que prexudican a imaxe do servizo do Concello. Nula actitude profesional na maior parte dos socorristas acuáticos. Estes problemas evidentes motiváronnos a presentar a seguinte recomendación xeral: Mellorar substancialmente o servizo de socorrismo xa que o seu estado actual se contradí cos valores que defende e representa a "Bandeira Azul".

Neste sentido serían necesarios os seguintes logros para poder optar ó distintivo "Bandeira Azul" na campaña 2008: Encargar a unha entidade todo o que representa o servizo de socorrismo, primeiros auxilios, vixilancia, rescate e embarcacións ou polo menos acadar unha coordinación perfecta entre as

diferentes entidades, deixando claro nun plan de actuación nas praias os organismos e protocolos necesarios. Na nosa opinión, que coincide coa bibliografía especializada, é necesaria a figura dun coordinador xeral que asegure o bo traballo no servizo de socorrismo e garanta sobre todo o bo traballo dos socorristas mediante un labor de supervisión constante.

Incrementar o número dos socorristas nas praias e ter en conta reforzos para os días de grande afluencia: fins de semana, festas, etc. (tamén se fixo). Dotar de suficientes recursos materiais de prevención e intervención, de rescate e primeiros auxilios a todos os socorristas (iso faise con maior orzamento, non co mesmo). Mellorar as condicións de traballo dos socorristas acuáticos: soldos, días libres, horarios, ambiente laboral, xa que repercutirá positivamente en todos os sentidos. Mellorar a formación profesional dos socorristas sobre todo a referida ás súas aptitudes profesionais.

Estamos seguros de que o municipio de Vigo e concretamente a súa concellería farán todo o posible para lograr estes cambios e dar así unha imaxe de xestión axeitada co obxectivo de beneficiar ós cidadáns e usuarios das praias de Vigo potenciando a imaxe do progreso do municipio". Isto é o que me interesa e non quedar ben diante de vostede.

Hai máis cartas pero esta a asina don José Palacios Aguilar, vicepresidente primeiro de ADEA, membro do xurado nacional de praias e portos "Bandeira Azul" en España, inspector técnico e asesor en materia de salvamento e socorrismo en ADEA.

Xa darei logo as datas pero é da primeira inspección que se fixo dende que está este socorrismo: "Estimada concelleira: Achégolle o informe correspondente á inspección realizada nas praias "Bandeira Azul" de Vigo. Felicítola polas melloras que puiden comprobar na nosa inspección e ánimoa a continuar nesta liña xa que se contribúe a dar unha imaxe de xestión axeitada que beneficia ós cidadáns e usuarios das praias de Vigo e potencia así a imaxe do progreso do municipio. Conta coa nosa colaboración e asesoría para todo o que estime oportuno..."

Fai unha ficha-resume da inspección da que lle leo un pouco: "Zona area praias: Todas as praias presentan un bo aspecto na zona do areal. As papeleiras son suficientes e non existen problemas de sucidade nos areais. Os accesos ós areais son fáciles e seguros e en todas as praias facilítase o acceso a persoas con

discapacidade ou mobilidade reducida.

A información de todas as praias é excelente, apórtase ós usuarios toda a información que esixen os criterios de bandeira azul e ademais faise de xeito atractivo e sinxelo. Existen informes sobre a calidade da auga de todas as praias con nivel excelente. No Vao ademais realízase unha completa información sobre a recuperación das dunas”.

É máis longo pero imos ó que realmente interesa de seguridade e servizo de socorrismo: “É neste apartado no que o Concello de Vigo máis progresou”. Tivéronse en conta case todas as recomendacións que realizamos no noso informe da tempada anterior e en carta sobre este criterio tan relevante. As melloras observadas son as seguintes: coordinación entre as diferentes entidades que participan no servizo de socorrismo e da seguridade das praias ó contaren cun coordinador xeral...” Xa ve que aparece por todas as partes e o salario é merecido, ademais é da miña confianza porque traballei con el, é unha excelente persoa, socorrista e un INEF, ten o que hai que ter para estaren nunha praia coma esta. “...que asegura un bo traballo no servizo de socorrismo e garante sobre todo o traballo correcto e profesional dos socorristas mediante un labor de supervisión constante. 2.- Incrementouse o número de socorristas en todas as praias cun mínimo de dous por praia, ata catro, e tendo en conta os reforzos para os días de grande afluencia: fins de semana, festas, etc. 3.- Dotouse ó servizo de socorrismo dos suficientes recursos materiais de prevención e intervención: prismáticos, comunicación, aletas, tubos de rescate e recursos de primeiros auxilios. 4.- Melloráronse as condicións de traballo dos socorristas acuáticos: salario, días libres, horario, ambiente laboral, etc., o que está repercutindo moi positivamente no traballo realizado. Este aspecto púidose comprobar entrevistando directamente a diferentes socorristas. 5.- Comezouse antes que a pasada tempada. 6.- A formación profesional dos socorristas mellorou ó contarse co labor formativo do coordinador e tamén ó contaren con socorristas con experiencia e formación actualizada. 7.- Tamén hai que salientar o bo servizo que está ofrecendo Cruz Vermella tanto nos postos de primeiros auxilios como de atención a persoas con discapacidade”.

Logo fai recomendacións, por suposto, e fareille caso a todas a ver se chegamos seren o mellor socorrismo de España.



SR. FIGUEROA VILA: Paréceme moi ben que lea todas esas cartas, eu poderíalle traer tamén as do ano 2005-2006 porque cando nós chegamos a este goberno había cinco “Bandeiras Azuis” e pasamos a sete, isto quere dicir que se esa mesma persoa que asina era o responsable de conceder as bandeiras a esta cidade, se tiñamos cinco e nos deron dúas máis era porque se fixo unha boa xestión e ademais porque estaba totalmente supervisado, viña cada 15 días, tiñamos reunións con el e sempre deu os seus informes favorables.

É curioso pero vostede nun só ano pasou de sete a seis. Como, con esa xestión tan magnífica que fixo o ano pasado? Ademais esa é a responsabilidade de seu. Estase contradicindo porque se di por unha banda que no ano 2007 critican a xestión dos socorristas e encomian outro tipo de xestións, imos ver, a xestión do ano 2007 a fixo vostede ou non? Si a fixo vostede e tan funestamente que se perdeu unha bandeira azul. Ese é o resultado desa persoa que fai os informes, magnífica xestión do goberno socialista que pasa de sete bandeiras azuis a seis. Á persoa que vostede lle dá credibilidade, que eu lla dou tamén porque o coñezo perfectamente, díxolle que non fixeron ben as cousas.

O que pasa é que vostede durante o ano 2007 non se decatou das praias, estaban sucias, en mal estado e vostede non fixo ningún tipo de xestión, chegaron e preocupáronse doutras cousas como publicidade, *marketing* e propaganda pero non de xestionar as praias.

O goberno anterior do Partido Popular tiña un equipo que percorría todas as praias todas as mañás cun concelleiro ou concelleira todos os días do mes de verán e non facía falla ningún coordinador. Pero si lle vou dicir por que fai falla un coordinador, como vostede di porque é da súa confianza. Por suposto que o é e non quero entrar nesas cuestións, claro que é da súa confianza.

O 17 de xuño teñen vostedes unha reunión coa concelleira de Economía e Facenda e dise que hai que facer a tramitación de emerxencia. É a primeira vez neste Concello que por escrito se manda un correo electrónico do servizo ó coordinador e se lle di que diga a empresa que ten que facer os servizos da praia de Vigo. Un técnico, o xefe do servizo de Medio Ambiente por un correo electrónico dille o seguinte: “Tras os repasos sobrevidos nos trámites do expediente de contratación do servizo de salvamento e socorrismo nos areais, iníciase o procedemento de emerxencia para a súa contratación inmediata, polo que na súa calidade de

coordinador e tras as conversas coa señora concelleira, solicitamos nos comuniquen esta mañá o nome dunha empresa, razón social, CIF, enderezo e teléfono de contacto coa persoa responsable capacitada para a prestación do servizo nas condicións previstas no prego de condicións..."

É dicir, déixaselle a decisión da empresa que ten que contratar o Concello de Vigo ó coordinador. Onde está a transparencia? Isto é *amiguismo*, favoritismo e por iso é da súa confianza. Ese señor ó día seguinte manda o nome dunha empresa coa razón social e o contrato e ademais é da Coruña. Isto é o que fai o goberno do Partido Socialista na cidade de Vigo. Aquí os trámites administrativos se obvian. O lóxico é coller todas as empresas de servizos e segundo o prego pedirles que remitan un prezo concertado que consideren e en vinte e catro horas ábrese as ofertas e rematou.

Pero vostedes fan unha tramitación de emerxencia e é o coordinador é quen decide, porque ademais contesta e di: "Razón social: Transgalaica". Como non vai citar a esta empresa se traballou con ela. El mesmo estase delatando, por que non se presentan todas as demais empresas? Chámaselle favoritismo e é un contrato teledirixido, isto é dar un contrato de 200.000 euros a dedo e por riba darlle a un coordinador 4.000 euros netos ó mes. A iso se lle chama favoritismo e ata coido que agora non hai nin boa fe, coido que isto está con premeditación e aleivosía porque evidentemente non é de recibo que poña: "Transgalaica", o prezo do contrato e esa empresa contrátase ó día seguinte.

É lamentable, coido que non pasou xamais neste Concello. Como mínimo pídense tres ofertas ou mándase unha carta ás empresas do sector e da provincia de Pontevedra ou de Vigo que hai empresas que están xestionando as nosas piscinas e os nosos ximnasios; mándase a unha empresa da Coruña que por casualidade este señor traballou con esta empresa durante moito tempo e por iso agora é "da miña confianza".

Vostedes mesmos delátanse porque fan un trámite de emerxencia, contratan un coordinador, páganlle 4.000 euros ó mes, dinlle a ese coordinador que empresa hai que contratar e ese coordinador remite o nome. Garden as formas polo menos, non o fagan por correo electrónico e que non apareza no expediente esta información. Pero non só isto, é que ademais hai un tema máis grave: hai un anuncio no xornal buscando socorristas antes deste contrato. É dicir, a persoa que ían contratar

sabía con antelación que lle ían dar o concurso porque puxo un anuncio nun medio de comunicación para contratar socorristas e fai nun medio de comunicación unha oferta de traballo antes de que se lle asine o contrato. Isto é unha chapuza interesada.

Eu non considero que un técnico sexa meu, nin seu, nin de ninguén. O técnico que tiña vostede levaba traballando na Concellería de Medio Ambiente moito tempo, con outros gobernos e con estes gobernos. Se estiveramos a falar hai ano e medio non sei como lle chamaría algún membro do seu partido a este contrato de emerxencia.

Alá vostedes se coidan que isto é transparencia, que é a maneira de facer tramitación administrativa. Son tantas casualidades: que se contrate un coordinador, que se lle paguen 4.000 euros, que a ese coordinador se lle pregunte que empresa ten que contratar, que esa empresa faga nun xornal unha oferta de emprego para socorristas antes de facer a contratación, que vostedes fagan a contratación, que se faga o día antes de que os socorristas estean traballando.

Nós queremos denunciar este caso, parécenos que había outras fórmulas para levar este expediente, por tramitación de urxencia ou mesmo estaríamos dispostos a tragar por emerxencia pero evidentemente polo menos que vostedes lles deran a oportunidade ás empresas do sector que hai na cidade de Vigo e de Pontevedra, aínda que fose a dedo pero polo menos darlles a oportunidade. Pero non, vostedes guiados polo coordinador, dánlle o servizo a unha empresa da Coruña, a dedo, pola porta de atrás, con escurantismo e con falla de transparencia. Nós queremos denunciar este caso e poñelo en coñecemento dos cidadáns para que vexan cal é a forma que teñen vostedes de traballar.

SRA. LAGO REY: É vostede un manipulador, Sr. Figueroa. Por aquí non hai escurantismo nin nada. Eu entendo de alpinismo e pódolle citar a alpinistas pero non de empresas que se dediquen ó socorrismo, quen as coñece é a persoa que traballa no socorrismo que é Carlos Vales e non o coordinador e non coñece unha soa porque estivo traballando en varias. A titulación e a formación debidamente acreditada é o que te dá a confianza e eu, para estar nos areas salvando vidas só quero xente de confianza, non quero a empresa que deixou vostede o ano pasado, unha empresa que non gaña ren presentándose ela soa, por suposto, non sei se

alguén a puxo a dedo ou obrigouna a poñerse aí; non sei que fai aí levando o socorrismo unha empresa que non gaña nada e pagándolle 600 euros sen asegurar. A esa xente eu non a quero, a esas empresas eu non as quero. Quero unha empresa solvente.

Si tentamos outros sistemas. Eu non sei que fai vostede con ese email pero é igual porque ningún dos meus correos relativos a isto son privados, dá igual, non lle vou preguntar como o conseguiu, se está no expediente moi ben, xa ve que privado é isto, xa llo digo eu por dobre partida. Si que se tentou pero ningunha empresa quixo presentarse porque non se podían facer contratos prorrogados porque non chegamos a tempo e porque había que comprar todo o material.

É moi sinxelo de explicar pero a verdade é que non quero entrar nese tema de que á primeira empresa que colle as fins de semana o socorrismo non lle compensaba comprar todo o material e arriscarse a que logo non puidera seguir contratada, facer un gasto que non lle compensaría. Pero iso se fixo como se fixo.

Totalmente transparente, aquí non hai nada que agachar e o coordinador, persoa da miña confianza, foi quen me dixo a empresa da que se fiaba e eu aceptei para a seguridade dos vigueses na praia.

Pecho dicindo que “da miña confianza” é alguén que ten a titulación axeitada e a formación suficiente. Con isto é co que se ten que quedar a cidadanía.

*Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.*

#### 7.- (156).- NOMEAMENTO DE VOCAIS VECIÑAIS NO PADROADO DO MUSEO MUNICIPAL "QUIÑONES DE LEÓN". EXPTE. 3144/337.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 27 de xuño de 2008, a concelleira presidenta da Xunta Reitora do Museo Municipal Quiñones de León, formula a seguinte proposta:

"O Concello-Pleno de Vigo, mediante acordo do 28 de febreiro de 1981, aprobou o Regulamento do Pazo-Museo Municipal "Quiñones de León" indicando (art. 11) que dito museo sería rexido por un padroado de funcionamento autónomo do cal formarían parte, ademais do Alcalde como presidente nato e o presidente da comisión de Cultura (Concelleiro de Cultura) como vicepresidente, cinco membros

da Corporación Municipal designados polo Pleno (art. 13).

O Concello-Pleno, na súa sesión extraordinaria do 17 de xullo de 2007, acordou, entre outros, nomear membros do órgano reitor do órgano colexiado Museo municipal "Quiñones de León" ós seguintes concelleiros/as:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Elvira Larriba Leira  
D. Antonio Coello Bufill  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira (vicepresidente)

Así mesmo acordou que a concelleira delegada de Patrimonio histórico, D<sup>a</sup> Elena Maure Noia, entre outras atribucións, representara ó Concello de Vigo no Padroado do Museo Municipal de Castrelos como Presidenta.

O Regulamento do Pazo-Museo Municipal "Quiñones de León" indica así mesmo (art. 13) que o padroado do museo estaría integrado por cinco veciñas ou veciños, personalidades da vida cultural e científica da cidade, designados pola Corporación Municipal.

Solicitada proposta de veciños ou veciñas para constitución do padroado do museo municipal aos grupos políticos que forman parte do goberno municipal, estes propuxeron os seguintes:

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA: Juan Carlos Martínez López  
Domingo Teixeira Rodríguez

GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR: Antonio Quesada Porto  
Francisco Pablos Holgado

GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Xoán Xosé Ermida"

Co obxecto de proceder á constitución da Xunta Reitora (Padroado) do museo municipal; vista a proposta realizada polos diferentes grupos políticos do goberno municipal, a presidenta do padroado do Museo Quiñones de León formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, en sesión do 21 de xullo, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

## ACÓRDASE:

Designar como membros da Xunta Reitora do museo municipal de Vigo “Quiñones de León” ós seguintes veciños:

- D. Juan Carlos Martínez López
- D. Domingo Teixeira Rodríguez
- D. Antonio Quesada Porto
- D. Francisco Pablos Holgado
- D. Xoán Xosé Ermida”

## 8.- (157).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO CONTIDO, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES E EDIFICIOS A REHABILITAR. EXPTE. 4720/401.

ANTECEDENTES.- O técnico de administración xeral e máis o director da oficina de Planeamento e xestión, coa conformidade da Xerente municipal de urbanismo, informan do que segue:

“O 11.12.06 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo tomou coñecemento do informe xurídico emitido polo Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 11.12.06 no que se constataba a necesidade de elaborar a ordenanza reguladora do rexistro municipal de soares e a súa posterior constitución.

O mesmo día, o Concelleiro Delegado de Urbanismo, resolveu o seguinte: “(...) resultando evidente o interese público da constitución dun Rexistro Municipal de Soares, así como da delimitación de áreas prioritarias de edificación forzosa, resolvo INCOAR o correspondente procedemento, que se tramitará na forma legalmente establecida (...)”.

En data 8.07.08 o técnico da administración xeral da oficina de planeamento e xestión, asina proposta de “Ordenanza reguladora do contido, organización e funcionamento do rexistro municipal de soares e edificacións a rehabilitar”.

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Necesidade de constituír o Rexistro de Soares.- A Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, trata de fomentar o uso das medidas que teñen os Concellos para a intervención no mercado do solo. O propio preámbulo estima como necesario o impulso á constitución formal dos rexistros de soares e dos patrimonios públicos do solo. Sen

prexuízo que a constitución formal do rexistro de soares non ten unha relación directa coa xestión, administración e control do Patrimonio municipal do solo, a recente Lei aludida con anterioridade, esixe que con carácter previo á calquera acto de disposición de bens se teña constituído o rexistro de soares e o Patrimonio municipal do solo. A dicción literal da Lei, no punto segundo do reformado artigo 177 da Lei 9/02, do 30 de decembro, establece: “(...) Non se poderán allear ou permutar bens do patrimonio público do solo ata tanto este e o rexistro de soares se constituían formalmente (...)”.

2.- Sobre a necesidade de constituír formalmente o Patrimonio Municipal do Solo.- Trátase dunha cuestión superada pola Doutrina, no sentido de entender que o PMS non precisa dun acto de constitución formal. Son maiores as voces que entenden eludible o requisito formal de constitución, sobre todo para aqueles municipios obrigados a dispor de Plan Xeral de Ordenación Municipal. A escasa Xurisprudencia recompilada, conclúe que a aplicación da normativa reguladora do PMS debe facerse ope legis. Sirva como exemplo a STS de 5.5.86 -RX 2807-, STSX País Vasco 6.5.96, STSX Canarias de 5.06.98, STS 29.09.04 -RX 304864-. Pese a que o Concello de Vigo en todos os actos de disposición e administración está a observar a normativa urbanística sobre o patrimonio municipal do solo (Título V do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e o no capítulo I, do Título V da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia), procede a adopción dun acordo de constitución formal do patrimonio municipal do solo.

3.- Análise da ordenanza reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro municipal de soares e edificacións a rehabilitar.- A ordenanza para a que se propón a súa aprobación, consta dunha Exposición de Motivos, un Título Preliminar, dos Títulos, unha disposición adicional e final.

Son tradicionais obrigas dos propietarios de solo e edificacións, as de edificación en prazo e mantemento en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación. Na lexislación urbanística se establecen varios mecanismos tendentes para obrigar aos propietarios ao cumprimento das anteditas cargas. Un dos mecanismos, é o Rexistro de soares e edificacións a rehabilitar. O mesmo ven regrado no Capítulo I, do Título VI da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Con carácter supletorio aínda segue vixente o Decreto 625/1964, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento de Edificación Forzosa e Rexistro municipal de soares.

Tense que salientar que no artigo 4º prevense os supostos nos que un solo ou unha edificación é susceptible de ser incluído no Rexistro de soares ou edificacións a rehabilitar. Tras a entrada en vigor da Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, son susceptibles de ser incluídos no Rexistro, os soares que deban necesariamente ser destinados a uso residencial sometido a algún réxime de protección pública. Desta forma, pode darse cumprimento ó mandato legal de acompañar a execución do solo residencial vivenda protexida e a libre (artigo 189.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, modificado pola Lei 6/2008, de 19 de xuño).

O prazo previsto para o cumprimento dos deberes de edificar ou rehabilitar, dependerá da natureza do inmovible e a clasificación ou situación do solo. No artigo 8º se articula un procedemento para a inclusión dos inmovibles no Rexistro de Soares. Destaca por ser unha tramitación que garanta ós dereitos dos propietarios e reproduce o disposto para o efecto ó Decreto 625/1964, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento de Edificación Forzosa e Rexistro municipal de soares.

No Título segundo, prevense as consecuencias de non edificar en prazo. Son tres supostos que están previstos na Lei 9/02, do 30 de decembro e nalgún punto alterados polo Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo. A primeira consecuencia é a de expropiación por incumprimento da función social da propiedade. Por outra parte, regúlase a posibilidade de acudir á venda forzosa (figura idéntica á prevista na lexislación comunitaria, denominada “axente edificador”) e a substitución forzosa.

Por último, na única disposición adicional se realiza unha proposta de organización do Libro de Soares e Edificacións a rehabilitar. Coas particularidades propias do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Corporacións Locais, sería desexable que dispoñan dun sistema similar de organización dos libros do Rexistro de Soares e do Inventario de bens integrados no Patrimonio municipal do solo.

4.- Procedemento e órgano competente para a aprobación da ordenanza.-Á ordenanza deberá darse aprobación polo procedemento previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, polo que se aproba a Lei de bases de réxime local. Así mesmo, tendo en conta o Título X do mesmo texto legal (título introducido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro), o procedemento será o seguinte:

- a) Aprobación do proxecto de ordenanza pola Xunta de Goberno Local (artigo 127.1 da Lei 7/85).
- b) Ditame do Consello da Xerencia municipal de Urbanismo (artigo 82.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Administracións Públicas).
- c) Aprobación inicial polo Pleno.
- d) Información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- e) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva do Pleno.

No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobada. Para a adopción dos acordos nos diferentes órganos, require maioría simple.

Unha vez aprobada definitivamente, a ordenanza deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Unha vez publicada, a súa entrada en vigor quedará condicionada ó transcurso do prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.

Con respecto á constitución formal do Patrimonio municipal do solo, trátase dun



acto inmediatamente executivo dende a data de adopción do acordo plenario.

Por todo isto, á vista do informado, propónse ao Pleno do Concello de Vigo, previa aprobación da Xunta de Goberno Local e subseguinte ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo..."

A seguir o asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo."

Polo anteriormente exposto, os técnicos informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 23 de xullo, por unanimidade, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Unha breve intervención neste punto en primeiro lugar para agradecer que todos os grupos municipais o aprobaran xa na Xerencia por unanimidade e dicir que realmente hoxe nos temos que felicitar todos por esta ordenanza, cremos que vai ser un elemento importante para rematar coa práctica desgraciadamente habitual de moitos propietarios que non arranxan as súas vivendas e os seus edificios co perigo e sobre todo coa imaxe ruínosa que dá para a nosa cidade.

Quería facer esta intervención como responsable dos cascos históricos da nosa cidade porque isto vai ser sen ningunha dúbida un pulo moi importante para o Casco Vello, para a súa rexeneración, vai ser un elemento que nos vai permitir ter un complemento ideal ó esforzo que xa se está facendo por parte do Consorcio do Casco Vello, por parte deste Concello e por parte da Xunta a través da Consellería de Vivenda e polo tanto felicítámonos, agradecer a unanimidade e felicitar tamén á Xerencia de Urbanismo por este trámite.

SR. MARIÑO MENDOZA: Sinxelamente dicir que é unha ordenanza que ademais dos edificios tamén intervén nos solos para que se destine a aqueles fins que prevé o planeamento. Coido que vai ser moi positiva para esta cidade, vai poñer en funcionamento moitas cousas porque vai fixar prazos para execución e dálle poder á administración para actuar sobre eses terreos.

SR. FIGUEROA VILA: Ímonos engadir a este tema porque esta ordenanza se iniciou

na etapa anterior. Sobre todo quero agradecer ó anterior xerente, Sr. Rivas, porque sei do traballo que fixo cos técnicos municipais para que o básico quedase totalmente rematado e polo tanto parécenos que facer este recoñecemento é unha obriga directa. Sei do traballo que fixo, coido que é un magnífico traballo e vai redundar en beneficio do interese xeral.

Polo tanto a miña felicitación ó Sr. Rivas e ó equipo de técnicos que daquela conformaron esta ordenanza.

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a “Ordenanza reguladora do contido, organización e funcionamento do rexistro municipal de soares e edificacións a rehabilitar”, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles, mediante publicación no BOP de Pontevedra e nun diario de maior difusión da provincia.

Terceiro.- De acordo co previsto no artigo 177.2 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (na súa redacción da Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo), entender por constituído formalmente o Patrimonio municipal do solo.

## **ORDENANZA REGULADORA DO CONTIDO, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES E EDIFICACIÓNS A REHABILITAR.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Tralo recoñecemento constitucional do dereito de propiedade (artigo 33), se establece un mandato aos poderes públicos no sentido de establecer normas para que o solo sexa utilizado de acordo co interese xeral. Os propietarios, sexan de soares ou de edificacións, teñen a obriga de destinar aos que non sexan incompatibles coa ordenación territorial e urbanística, conservalos en condicións legais para servir de soporte a dito uso e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade e ornato legalmente esixibles (artigo 9 da Lei 8/07, de 28 de maio, de solo e da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística

e protección do medio rural de Galicia). Por outra parte, é obriga dos propietarios do solo a de edificación no prazo legalmente establecido.

Para garantir o cumprimento das obrigas descritas con anterioridade, o Ordenamento Xurídico faculta ás Administracións para a intervención na esfera xurídica dos propietarios. De tal xeito, o Decreto de 23 de maio de 1947 foi o primeiro instrumento nos que se establecía en certos supostos a obriga de edificar e rehabilitar aos propietarios que incumpriran os seus deberes. En virtude da disposición transitoria sexta da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, continúa en vigor o Decreto 635/1964, de 5 de marzo polo que se aproba o regulamento de edificación forzosa e rexistro municipal de soares con carácter supletorio.

Dentro do Título VI da Lei 9/2002, de 30 de decembro (“Intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística), regúlanse no Capítulo primeiro diversas medidas tendentes ao fomento da edificación. Baixo a normativa aludida con anterioridade elaborase o presente regulamento.

A importancia do Rexistro municipal de soares e edificacións, se veu incrementada trala aprobación e publicación da Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo e que modifica a Lei 9/2002, do 30 de xuño, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Na mesma, vincúlase calquera acto de alleamento dos bens integrantes do Patrimonio municipal do solo, á previa constitución do Rexistro de soares.

A ordenanza está composta dun Título preliminar e Tres títulos. No preliminar defínense as características básicas do contido da ordenanza e os supostos de inclusión. No Título Primeiro regúlanse os prazos do cumprimento do deber de edificación e as consecuencias do seu incumprimento. Por último, no Título Segundo, atópase dividido a súa vez por catro capítulos, nos que se regula a posibilidade de acudir á expropiación, venda e substitución forzosa.

Na disposición adicional única establécese a estrutura básica e organización do Libro Rexistro.

## **TÍTULO PRELIMINAR**

Artigo primeiro.- Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto a regulación do contido, organización e funcionamento do Libro Rexistro Municipal de soares e edificacións a rehabilitar ou edificar, de conformidade co disposto no artigo 188 e seguintes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e normativa que con carácter supletorio está vixente.

O Rexistro que se crea co presente regulamento ten natureza pública, tendo todos os cidadáns o dereito do acceso e información nos termos que dispón a lexislación vixente e coas limitacións derivadas da aplicación da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal.

Artigo segundo.- Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación do Rexistro Municipal de soares e edificacións a rehabilitar ou edificar comprende todos os inmobles que foran incluídos no mesmo dentro do Término municipal de Vigo.

Artigo terceiro.- Forma.

O Rexistro levarase por medio de libros, podendo instrumentarse a través de calquera dos medios informáticos que faciliten a xestión e sexan compatibles coa Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

A organización do Rexistro levarase a cabo de acordo coa estrutura que ven relacionada na disposición adicional primeira.

O Rexistro ostenta a natureza de rexistro público de carácter administrativo, polo que deberá manterase en condicións de pública consulta, a disposición de calquera cidadán, sen que resulte necesario acreditar a condición de interesado.

Artigo cuarto.- Supostos de inclusión no Rexistro.

Son susceptibles de inclusión no Rexistro Municipal de soares e edificacións, os inmobles que se encontren nalgunha das seguintes situacións:

- a) Soares non edificados, que carezan de edificacións, permanentes ou parte dos mesmos non utilizados e susceptibles de aproveitamento pola normativa urbanística.
- b) Soares non edificados, cuxo uso sexa residencial destinado á construción de vivenda sometida a algún réxime de protección pública.
- c) Construcións paralizadas, que son aquelas obras que quedan abandonadas ou suspendidas.
- d) Soares nos que o Concello ten unha participación en proindiviso.
- e) Edificacións derruídas, nas que se dean algúns dos seguintes supostos:
  - Edificacións nas que desaparecera como mínimo o 50% do volume aproveitable na construción.
  - Edificacións declaradas inhabitables en máis dun 50% da súa capacidade.
  - Edificacións ruinosas, que son as así declaradas por resolución firme conforme a lexislación vixente. A declaración de ruína leva de seu a inscrición de oficio no Rexistro.
- f) Edificacións inadecuadas, entendendo por tales:

- As que teñan un volume inferior ao 50% do mínimo autorizado polas ordenanzas de edificacións en relación coa superficie aproveitable.
- As que en máis dun 50% do seu volume ou a superficie construída estean destinadas a uso urbanístico contrario no previsto na ordenación urbanística.
- As que, ademais de estar en manifesta desproporción coa altura legalmente autorizada e executada na zona, desmerezan polo seu estado, condición ou clase das demais do ámbito.
- As edificacións provisionais que se estiman inadecuadas, agás cando a lexislación vixente dispoña outra cousa.

Artigo quinto.- Órganos competentes.

As funcións instrumentais de estudo e xestión relativas ó Rexistro, están encomendadas á Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo (artigo 2.a dos vixentes estatutos).

Dentro da Xerencia municipal de urbanismo, será o Área de Xestión e Planeamento a encargada da levanza e control do Rexistro municipal, agás que se trate de edificacións ou soares que estean dentro do ámbito dun barrio histórico da cidade de Vigo que contará coa colaboración da Oficina de Barrios Históricos.

## **TÍTULO PRIMEIRO.**

Artigo sexto.- Deber de edificar os soares.

O momento a partir do cal os propietarios de soares e de construción en ruína ou inacabados deberán emprender a edificación é o seguinte:

- Nos inmobles sitos en solo urbano consolidado, o prazo para o cumprimento do deber de edificar comezará no momento da aprobación da ordenación detallada (aínda que os terreos non teñan a condición de soar).
- Nos inmobles que están en solo urbanizable ou urbano non consolidado, o prazo comezará no momento da conversión dos terreos en soares.

O contido do presente artigo, é extensible ao resto de inmobles descritos no artigo 4º da presente Ordenanza.

Naquel caso no que o planeamento ou órgano competente, prohiba a substitución total ou parcial das edificacións existentes ou impoña a conservación de determinados elementos ou a súa rehabilitación integral, o deber de edificar entenderase como deber de rehabilitar, respectando, ao materializarse os correspondentes aproveitamentos urbanísticos, os elementos dotados de protección.

#### Artigo sétimo.- Prazos para a edificación.

O prazo para o cumprimento do deber de edificar ou rehabilitar é o seguinte:

- a) No caso dos soares, será de dous anos, salvo que o planeamento xeral ou de desenvolvemento especifique outro menor, dende a comunicación do acordo de inclusión no Rexistro.
- b) No suposto de construcións ruinosas, derrubadas ou inadecuados o prazo de nova edificación destas fincas será en todo caso de dous anos dende o momento no que se notifique o acordo de inclusión no Rexistro.

Poderá instarse unha prórroga dos prazos para a edificación/rehabilitación. En todo caso, deberá solicitarse con anterioridade ao transcurso do prazo previsto e no caso de ser estimada, non poderá superar o prazo dun ano. A mesma deberá ser por causas xustificadas e motivada. Non se concederá prórroga para a construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección se xa se outorgasen licenzas para construír a metade da edificabilidade residencial destinada a vivenda libre prevista no polígono no que se localice o soar.

De acordo co establecido no artigo 18.1 da Lei 8/2007, do 28 de maio, do solo de Galicia, a transmisión das fincas non modifica a situación do titular respecto dos deberes do propietario de edificar ou rehabilitar en prazo. O novo titular queda subrogado nos dereitos e deberes do anterior propietario.

#### Artigo oitavo.- Procedemento para a inclusión dos inmobles no Rexistro.-

Unha vez vencidos os prazos para cumprir os deberes de edificación ou rehabilitación (con ou sen prórrogas) ou non executada ao ritmo normal previsto, procederáse á súa inscrición conforme ao procedemento seguinte:

- a) Iniciación do expediente: O expediente poderá ser incoado de oficio, por iniciativa do Concello, requirimento doutra Administración ou por solicitude de calquera persoa física ou xurídica. Nos dous últimos casos, deberase acompañar fundamentación de que o propietario do soar ou edificación incumpriera os seus deberes urbanísticos e deberase acompañar dunha memoria valorada das obras precisas, un anteproxecto das mesmas e un documento no que se determinen as garantías que se ofrecen á Administración en relación coa súa execución.
- b) Outorgamento dun trámite de audiencia ós propietarios, titulares de dereitos reais, arrendatarios, ocupantes ou titulares de calquera dereito que consten no Rexistro da Propiedade ou sexan comunicados polos interesados: Os propietarios están obrigados a comunicar calquera modificación ou alteración da titularidade do inmovible. Así mesmo, están obrigados a comunicar se o inmovible está arrendado ou existen outros titulares de dereitos reais ou doutro tipo. Acto seguido, procederáse o outorgamento dun trámite de audiencia a todas as persoas interesadas que consten no expediente.
- c) Resolución do expediente: Unha vez informadas as alegacións, naquel caso que se presentaran, procederá a resolución do expediente no prazo máximo de tres

meses. A competencia para a resolución do expediente, corresponde ao Presidente da Xerencia municipal de urbanismo. En todo caso resolverase do seguinte xeito:

- Declaración de incumprimento do concreto deber urbanístico que motivou a incoación ou, no seu caso, a improcedencia de tal declaración.
- Resolución de inscrición do inmovible no Rexistro.

## **TÍTULO SEGUNDO.**

### **CAPÍTULO PRIMEIRO**

Artigo noveno.- Anotación no Rexistro da Propiedade.

Unha vez resolta a inclusión no Rexistro Municipal de Soares dunha finca, remitirase oficio ao Rexistro da Propiedade solicitando expresamente a práctica de nota marxinal na que conste a notificación ao titular ou titulares rexistrados. O título inscribible será o certificado emitido polo Secretario da XMU no que se conteña a transcripción literal da resolución da inclusión dunha finca no Rexistro Municipal de Soares.

Esta nota relacionarase nas certificacións de cargas que se expidan e se cancelará por caducidade, transcorridos cinco anos dende a súa data, se non constara no Rexistro da Propiedade asento acreditativo de modificación de prazo ou do procedemento de venda ou substitución forzosa.

Se o inmovible incluído no Rexistro de Soares non estivera inmatriculado no Rexistro da Propiedade ou non constara o nome do propietario, estenderase anotación preventiva, que caducará ós catro anos.

Artigo décimo.- Resolución declarativa do incumprimento do deber de edificación ou rehabilitación forzosa.

Transcorrido o prazo de dous anos dende a inclusión do inmovible no Rexistro, sen que conste comunicación do inicio das obras ou cando menos se acreditara a imposibilidade de obter a licenza necesaria, a Xunta de Goberno Local declarará o incumprimento do deber de edificar ou rehabilitar. No mesmo acto, se acordará a aplicación da expropiación, venda ou substitución forzosa.

### **CAPÍTULO SEGUNDO**

Artigo décimo primeiro.- Expropiación por incumprimento da obriga de edificar.

A expropiación por incumprimento da función social da propiedade poderase aplicar por inobservancia dos prazos establecidos para a edificación dos terreos ou, en xeral, dos deberes básicos contidos na lexislación urbanística.

Constatado o incumprimento do prazo, o Concello porao en coñecemento do

propietario, requiríndolle para cantas obrigas lle sexan esixibles. Se transcorren seis meses dende dito requirimento sen que o propietario iniciara o proceso de cumprimento das obrigas, o Concello incoará expediente expropiatorio.

Para a determinación do valor de expropiación, teranse en conta as normas de valoración previstas no Real Decreto 2/2008, do 20 de xuño, do solo e demais normativa que as desenvolvan ou substitúan.

Artigo duodécimo.- Edificación das parcelas expropiadas por incumprimento do deber de edificar.

Os inmobles expropiados formarán parte do Patrimonio municipal do solo e deberán ser destinados ás finalidades previstas na lexislación vixente. En todo caso, no prazo de seis meses dende a expropiación de parcelas por incumprimento do deber de edificar ou rehabilitar, o Concello resolverá sobre o modo de levar a cabo a edificación ou rehabilitación. Poderá ser beneficiaria da expropiación outra Administración Pública que asumirá a obriga de edificación ou rehabilitación.

O incumprimento por parte do Concello do prazo de dezaoto meses para comezar a edificación e a rehabilitación habilitará ao antigo propietario a solicitar a reversión.

### **CAPÍTULO TERCEIRO**

Artigo décimo terceiro.- Venda forzosa.

O Concello realizará a venda forzosa dos inmobles no Rexistro, conforme ao sinalado no acordo de inclusión e na forma establecida nos artigos seguintes.

O prezo obtido como resultado da aplicación do tipo de licitación entregarase ao propietario previa liquidación e dedución de cantas cargas tivera o mesmo co Concello.

Artigo décimo cuarto.- Procedemento de licitación.

Constatado o incumprimento do prazo, o Concello porao en coñecemento do propietario, requiríndolle para cantas obrigas sexan esixibles. Se transcorren seis meses dende dito requirimento sen que o propietario iniciara o proceso de cumprimento das obrigas, o Concello incoará expediente para a venda forzosa.

O Concello venderá forzosamente os inmobles incluídos no Rexistro a través do procedemento no que se garanta a concorrencia e a publicidade.

Naquel caso en que o procedemento quedara deserto, convocarase novo procedemento no que se pode proceder a unha nova valoración. Así mesmo, no prazo de seis meses dende a declaración de deserto, poderá acordar a adquisición do inmovible para integralo no Patrimonio municipal do solo polo tipo de licitación do último concurso.

Naquel caso no que se opte pola xestión por medio dunha persoa física ou xurídica



colaboradora, deberá convocarse procedemento de contratación no que se garanta en todo caso a publicidade e a concorrencia para a selección do axente edificador. A Administración valorará as distintas propostas tendo presente entre outros factores o prezo e o réxime das vivendas resultantes.

Artigo décimo quinto.- Cesamento de efectos.

Transcorrido o prazo de dezoito meses dende a incoación do expediente para a venda forzosa sen que sexa adxudicado ou acordada a súa adquisición directa, a inclusión do inmovible no Rexistro de soares quedará sen efecto. Tal circunstancia comunicarase ó Rexistro da Propiedade aos efectos en termos establecidos na normativa estatal sobre inscrición de actos de natureza urbanística.

## **CAPÍTULO CUARTO**

Artigo décimo sexto.- Substitución forzosa.-

Unha vez constatado o incumprimento do deber de edificar ou rehabilitar en prazo, o Concello poderá acordar a substitución forzosa. A mesma terá por obxecto a facultade de edificación para impoñer o seu exercicio en réxime de propiedade horizontal co propietario actual do solo.

Artigo décimo sétimo.- Procedemento.

Unha vez acordado o incumprimento dos deberes establecidos na presente ordenanza e a aplicación do réxime da substitución forzosa, tramitarase o correspondente expediente de contratación no que se garantan os principios de publicidade e concorrencia. Acto seguido, o Concello remitirá ó Rexistro da Propiedade certificación do acordo para a súa constancia por nota ó marxe da última inscrición de dominio.

Artigo décimo oitavo.- Cesamento de efectos.

Transcorrido o prazo de dezoito meses dende o acordo de aplicación do réxime da substitución forzosa, sen que sexa adxudicado o procedemento, a inclusión o inmovible no Rexistro de soares quedará sen efecto. Tal circunstancia se comunicarase ao Rexistro da Propiedade aos efectos en termos establecidos na normativa estatal sobre inscrición de actos de natureza urbanística.

Disposición adicional única.- Organización do Libro Rexistro de Soares e Edificacións a rehabilitar.

O Libro Rexistro Municipal de Soares e Edificios a Rehabilitar, constará de:

- Libro índice: No Libro índice constarán os inmovibles incluídos no Rexistro Municipal de Soares e Edificios a Rehabilitar, ordenados alfabeticamente polo nome da rúa e polo número que ten atribuído polo departamento de Estatística do Concello. Farase constar o tomo, sección, folio e número de soar ou edificio, facilitando a rápida localización da finca obxecto de consulta.

- Tomos: O Libro Rexistro Municipal de Soares e Edificios a Rehabilitar, constará dun total de 8 tomos, correspondentes cos distritos que veñen delimitados no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aprobado pola Orde da CPTOPT do 16.05.2008.
- Seccións: En cada tomo, diferenciaranse dúas seccións, unha destinada a soares e outra a edificacións.

O Libro Rexistro Municipal de Soares e Edificios a Rehabilitar expresará respecto de cada edificio ou soar as circunstancias seguintes:

- Datos de situación: Emprazamento, rúa e número; distrito; barrio.
- Datos catastrais: Referencia catastral; Superficie.
- Datos rexistrals: número de rexistro, libro, tomo, folio, finca, inscrición, descrición.

Datos administrativos: Número de expediente administrativo; orde de edificación e prórrogas concedidas; declaración en situación legal de ruína/orde de execución incumprida; declaración de incumprimento de deberes urbanísticos; orden de inclusión; motivo de inclusión; outras resolucións que lle afecten; cancelación; motivo de cancelación.

Observacións.

Circunstancias urbanísticas: Con carácter informativo incorporárase un informe sobre a situación urbanística na que se faga mención á clasificación, cualificación, superficie, uso global, específico, número máximo de plantas e un plano de situación.

Disposición final.

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todos os asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio pola vítimas da violencia de xénero.*

9.- (158).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTAR Ó GOBERNO DO ESTADO QUE REALICE AS MODIFICACIÓNS LEXISLATIVAS PRECISAS PARA O CUMPRIMENTO ÍNTEGRO DAS PENAS DE DETERMINADOS DELITOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xullo de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

"A sociedade en xeral, atópase moi sensibilizada coa aparición nos últimos tempos de desprezables casos de delitos de extremada violencia que afectan á nosa cidade. polo menos nos últimos anos temos asistido a asasinatos coma os de Vicente Lemos Haya e Rosa Gil Blanco, Manuel Salgado Fernández, Carmen Casal Carrera, Sara Alonso González, Javier Amorín Varela, Pablo Docamiño Fernández, Isaac Pérez Treviño "Al-Dani" e Julio Anderson, Luciano e Isabel Ferreira Vieira e máis ás desaparicións de Francisco Javier Fernández Golpe e María Victoria Méndez Caride.

Estes e máis outros delitos de extrema gravidade levan a moitas persoas a meditar sobre a necesidade de realizar reformas lexislativas que garantan a seguridade cidadá, o que implica reformularnos moitos dos aspectos do sistema punitivo e dos beneficios penitenciarios en España.

De feito, nalgúns casos, as condenas quedan en simples cifras aritméticas sen cumprir os obxectivos que en verdade pretenden. Sensibles a esta cuestión, este grupo municipal entende que se debería modificar a LO do Código Penal e elevar as penas para determinados delitos, a máis do cumprimento íntegro das condenas impostas polos Tribunais nos casos de delitos graves como asasinatos, homicidios, violacións ou pederastia, sempre que as penas impostas sexan superiores ós dez anos.

en Vigo, de feito a Asociación de Apoio ás Vítimas e Familiares de Delitos Violentos -AVIDEV- ven de reclamar que se realicen as modificacións lexislativas necesarias para que as condenas sexan cumpridas integramente nestes casos.

Diante destes antecedentes, o Grupo Municipal do partido Popular propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Mostrar o apoio expreso deste Pleno ás familias das vítimas de delitos violentos da nosa cidade.
- 2.- Instar ao Goberno da Nación a fin de que realicen as modificacións lexislativas necesarias para que, nos casos de delitos máis graves como asasinatos, homicidios, violacións e similares, os condenados cumpran integramente as súas penas, sempre que as mesmas sexan superiores aos dez anos, sen que, en tales casos, sexa posible a concesión de beneficios penitenciarios."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 21 de xullo, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL.- Traemos a este Pleno un pedimento que cremos está asentado na sociedade española. Ultimamente estamos asistindo a numerosos casos que sensibilizan especialmente a nosa sociedade, casos como o de "Nanisex", o de "De Juana Chaos" e casos para os que tampouco temos que irnos tan lonxe, casos como o que temos na nosa cidade de Carme Casal Carrera que precisamente foi xulgado o pasado mes.

O Estado ten o deber de protexer de xeito eficaz ós cidadáns contra as agresións da delincuencia. Hai doutrina penal que sinala que o maior freo dos delitos non é a dureza das penas, senón a súa infalibilidade, de xeito que a certeza dun castigo, aínda que este sexa moderado, fará máis efecto que o tremor doutro máis severo, unido á esperanza da impunidade ou do seu incumprimento.

Dende aquí gustaríame felicitar ós Corpos e Forzas de Seguridade do Estado polo seu labor en canto á eficacia na resolución dos delitos e posta a disposición dos criminais ante os Tribunais de Xustiza. Felicitar tamén ós Tribunais de Xustiza polos resultados ós que están chegando: á condena destes criminais. Pero coidamos que falla unha terceira pata que precisamente asente o tema e é que estas penas non queden, como sinalamos nos antecedentes desta moción, nunha sinxela cifra aritmética, senón que no seu seo cumpran o obxectivo que verdadeiramente pretenden que é que os cidadáns que cometen eses delitos sufran a consecuencia do Estado de Dereito e que recaia sobre eles todo o peso da xustiza.

O Partido Popular xa no ano 2003 aprobou unha Lei orgánica, a 7/2003, de 30 de xuño, na que adoptamos medidas de reforma para o cumprimento íntegro e efectivo das penas dirixida ós casos de terrorismo e casos de especial gravidade. Neste Pleno precisamente estamos a gardar un minuto de silencio antes de entrar nas mocións polas vítimas de violencia de xénero, pero falo de asasinatos, homicidios, violacións ou casos similares (falaba antes do caso "Nanisex") e entendemos que a antedita Lei orgánica debe ser estendida precisamente a outros casos e que as penas que sexan impostas polos Tribunais de Xustiza, tras un procedemento xusto como é o que temos no noso país, sexan cumpridas integramente. Poñemos o límite de "sempre que sexan superiores ós dez anos", entendendo que a partir deses dez anos falamos xa de penas e de procedementos xudiciais de especial gravidade.

Por todo o sinalado traemos a este Pleno esta moción no seguinte sentido:

Primeiro, demostrar o apoio expreso deste Pleno ás familias das vítimas de delitos violentos da nosa cidade e, segundo, que se inste ó goberno da Nación a fin de que se realicen as modificacións lexislativas necesarias para que os casos de delitos máis graves, como asasinatos, homicidios, violacións e similares, os condenados cumpran integramente as súas penas sempre que as mesmas sexan superiores a dez anos, sen que en tales casos sexa posible a concesión de beneficios penitenciarios.

SR. LÓPEZ CARREIRA.- Efectivamente o BNG considera que moitos dos casos citados nesta moción son parte dunha problemática criminal de grande impacto para as vítimas e para as súas familias ó tempo que producen unha grande alarma social entre a cidadanía que se reflicte periodicamente nos medios de comunicación.

Partindo de que unha modificación do Código Penal non se debe facer a raíz dun feito particular, si somos conscientes da necesidade de facer unha análise fonda dos problemas que se derivan da ineficiente actuación do sistema xudicial na execución das penas e das medidas cautelares.

As reformas penais tendentes a un agravamento de penas ou privación de beneficios penitenciarios deben facerse de xeito sosegado e analizando dende unha perspectiva criminolóxica todas as circunstancias que rodean ó tipo delituoso, pero sempre na liña do establecido no artigo 25.2 da Constitución Española que declara que "as penas privativas de liberdade e medidas de seguridade estarán orientadas cara á reeducación e reinserción social".

No BNG cremos que do que se trata, máis que de defender un agravamento das penas ou a privación de beneficios penitenciarios das mesmas sen atender ás circunstancias particulares do delito e do delincente, é conseguir que a administración de xustiza actúe con dilixencia nos trámites xudiciais e nas ordes de busca e captura.

O que se debe abordar é o establecemento de medidas que melloren a eficacia da administración de xustiza para que non se dean situacións, como ocorre en non poucas ocasións, de incumprimento das Sentenzas. Esa é a cuestión que se debe tratar e non a supresión de beneficios penitenciarios ou o endurecemento das penas porque en moitos casos, como algúns dos citados nesta moción, non teñen

nada que ver coa duración ou o incumprimento íntegro da pena, senón coa ineficaz actuación da administración de xustiza. O debate sobre o tratamento penal é outro e deberíase abordar tendo en conta que calquera solución que se propoña é absurda se o sistema xudicial non é quen da aplicar.

O BNG non pode apoiar o segundo punto desta moción. Non temos problema ningún co primeiro, evidentemente porque ó noso xuízo as propostas que se deben facer para afrontar o problema dos delitos reflectidos no texto da moción deberían xirar en primeiro lugar na mellora do funcionamento da administración de xustiza con máis dotacións de medios económicos, humanos e materiais e en segundo lugar na plena asunción pola banda do Consello Xeral do Poder Xudicial das súas funcións de goberno da xustiza, órgano máis empeñado nos últimos tempos en emitir opinións políticas que en exercer as funcións que ten constitucionalmente encomendadas.

SR. LÓPEZ FONT: Dende o conxunto do grupo municipal e dende o conxunto do Partido Socialista, alí onde gobernamos, ou estamos presentes nos órganos legislativos, sempre foi un motivo especial de preocupación a violencia nos seus diversos xéneros.

É certo, como se dicía anteriormente, que determinadas situacións, tamén é certo que polo seu tratamento mediático, levan a unha especial sensibilidade por parte dos cidadáns que nós compartimos e que coido que se tomaron dende os distintos gobernos medidas eficaces de cara a reducir esa violencia e sobre todo a tentar rematar con ela. Polo tanto vaia, sen ánimo de colocar ningunha medalla a ningún goberno, a constatación dese compromiso policial e xudicial que se desenvolveu alí onde membros do Partido Socialista gobernan e onde legislan. Polo tanto quero e compartimos coa moción, como tamén se dicía anteriormente, o primeiro punto e queremos recalcar en canto ó apoio expreso á situación que viven determinadas familias e todos aqueles que son vítimas de temas de violencia.

Tamén traballamos dende os gobernos e dende os órganos legislativos para que se dean pasos na solución destes problemas e así se podería citar a Lei contra a violencia de xénero e outras que coido supoñen un compromiso firme na erradicación desta violencia.

Coincidindo coa anterior intervención, estamos a favor completamente do apartado

un que se presenta na moción pero non podemos estar a favor do apartado dous e nese caso pediríamos que se votasen separadamente porque xa se fixo referencia e non me quero eu estender na reiteración. A Constitución é moi clara e taxativa en canto ó cumprimento das penas e polo tanto o Partido Socialista, insisto, está presente nos órganos legislativos onde esta reflexión se debe realizar de xeito moito máis sereno e coido que xa se están dando pasos.

Coido que levados da boa fe en canto a estes casos específicos que se propoñen na moción, faise unha proposta moi concreta que requiriría mesmo dunha modificación constitucional e nós cremos que este non é o foro no que debemos presentar algo que por outra banda ás veces adoita ser un pouco a moción-tipo do Partido Popular. aspecto no que diferimos sen estar en desacordo no fondo en canto a que se quere instar ó Goberno da Nación a algo tan taxativo como se di nesta moción.

Isto é o que nos impide apoiar este punto dous pero evidentemente, tamén como se dicía anteriormente, dende os gobernos estanse a dar os pasos para que a Xustiza teña un maior grao de eficacia, para que as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado tamén poñan diante da Xustiza ós que cometen estes feitos violentos e polo tanto trasladando a maior solidariedade e sobre todo o compromiso da forza política que represento neste momento para adoptar as medidas axeitadas para que isto se vaia erradicando. Pero dende logo non podemos estar de acordo en algo tan taxativo que, insisto, requiriría unha modificación constitucional.

Maximo que o fin que pretendía a moción do Partido Popular e co que nós, insisto unha vez máis, estamos de acordo, é o de trasladar esa solidariedade, poñer en valor, en coñecemento da sociedade este problema que sofren moitos cidadáns e co que nós nos sentimos solidarizados, coido que sería bo que esta moción saíse con esta reflexión que estamos a facer as tres formacións políticas con parte dos antecedentes que vostedes expuxeron na mesma, pero realmente deixándoo aí e non propoñendo cuestións que sinceramente creo que exceden do noso cometido.

SR. CONDE GIL: Vanme permitir que lles diga en primeiro lugar ós dous que non estou en nada de acordo en que sexa necesaria unha modificación da Constitución porque non o é. Non é certo que sexa necesaria unha modificación da Constitución e así o demostrou un goberno do Partido Popular no ano 2003 ditando unha lei

orgánica no Parlamento do Estado español na que se aproba precisamente unha modificación para o cumprimento íntegro das penas nos casos de terrorismo e que, por certo, segue vixente co goberno do Sr. Zapatero. Mesmo o outro día, non lembro se era o ministro Bermejo ou a vicepresidenta, sinalaban a eficacia desta norma na loita contra o terrorismo, á parte doutras actuacións e gustárame neste caso felicitar á Garda Civil pola actuación desta fin de semana que impediu unha verdadeira masacre.

Sinala o artigo 25 da Constitución: "As penas privativas de liberdade e as medidas de seguridade estarán orientadas cara á reeducación e reinserción social e non poderán consistir en traballos forzados". Non sinala esta norma que esa reeducación e reinserción social se deban facer a través dos beneficios penitenciarios, non sinala polo tanto que non poida ser logo do cumprimento íntegro das penas; outra cousa é que vostedes non queiran votar a favor da moción como por outra banda adoita seren habitual.

Pola parte do BNG se deriva o tema cara unha mellora da administración da xustiza e a unha plena asunción das capacidades do Consello Xeral do Poder Xudicial. É unha postura moi cómoda. Nós estamos a falar de casos reais, casos ós que non vai afectar esta modificación legislativa desgraciadamente. Estaba falando antes do caso de Carmen Casal Carrera, condenouse ó seu asasino e violador a trinta e dous anos de cárcere e en seis ou sete anos pode estar na rúa vendo ós familiares da súa vítima. Coido que é unha auténtica vergoña como o é que non apoiemos iso. A Carmen os seus familiares non a van poder ir ver a ningún sitio máis ca ir poñer flores ó cemiterio; o seu asasino en seis ou sete anos estará na rúa e a el o van poder ir ver ó cárcere. Coido que a diferenza é bastante significativa.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Eu insisto en que a solución non pasa por entender as penas coa aplicación da Lei de Talión, ollo por ollo e dente por dente, por sorte hai moito que a evolución da nosa sociedade deixou de crer que o castigo ten que servir como compensación, aínda que sexa moral, da vítima e da súa familia. A reforma que vostedes propoñen do Código Penal tendente ó agravamento das penas e á privación de beneficios penitenciarios vai encamiñada nesta liña. Mal pódese falar de reinserción se non se valora na práctica esa reinserción, é difícil.

Dende logo que vostedes non teñen en conta o artigo 25.2 da Constitución que



establece claramente cal é a liña que ten que seguir o tema de penas no Código Penal. Chámame a atención porque vostedes, o Partido Popular, son os que consideran un dogma de fe absolutamente incuestionable o establecido na Constitución. O que vostedes propoñen nesta moción dende logo non vai no camiño do que falamos da reinserción, cando o certo é que a incidencia delituosa é moi variada e vai dende unha maioría de suxeitos que foron condenados por un só delito, a uns poucos casos de agresores moi reincidentes co que cun agravamento das penas ou a privación dos beneficios penitenciarios estaríamos a provocar situacións que impedirían a reeducación e a reinserción social á que un grande números de condenados estarían en condicións obxectivas de acceder.

O que temos que conseguir é que a administración de xustiza mellore o seu funcionamento ademais de dotala de máis medios humanos, económicos e materiais. Temos que aplicar solucións (algunhas delas ben doadas) para remataren con problemas como que ó día de hoxe, na era da informática, non exista aínda unha conexión informática entre todos os órganos xudiciais do Estado español e destes coas policía.

A reeducación e a reinserción social debe ser obxectivo fundamental do noso sistema penitenciario e creo que non estaría de máis lembrar que a media de reincidencia (falo de media de todos os delitos) delituosa é só dun 38% o que quere dicir que ó 62%, gracias a esas medidas, é posible reinserilos e recuperalos.

Remato mantendo o mesmo, que nós non temos problema ningún en votar a favor do primeiro punto pero non do segundo.

SR. LÓPEZ FONT: Este é un tema no que eu queira polemizar e coido que debemos facer unha análise xeral e non singularizar, por moi graves que nos poidan parecer a todos determinadas situacións precisamente singulares.

O que se propón aquí, Sr. Conde, é unha modificación de carácter moi xeral que tanto dende o Bloque Nacionalista Galego como dende o noso Grupo municipal cremos que contestamos de xeito o suficientemente amplo como para dicir que estamos a favor do fondo desta cuestión, que se está a traballar porque estas cuestións melloren. Non quero entrar en debates sobre determinadas medidas que puido tomar o Partido Popular cando gobernaba no Goberno da Nación ou outras que tomou o Partido Socialista. Coido que temos que deixar este debate á marxe,

coido sinceramente que é de loar que se presentara esta moción, que coincidamos no fondo os tres grupos políticos e coido que nos corresponde nese sentido a responsabilidade que este Pleno debe manter que unha vez presentado o tema, unha vez trasladada a solidariedade ós que o padecen, e na busca de solucións se falaba do Poder Xudicial e da administración de xustiza, non fagamos algo concreto que realmente non nos corresponde.

Polo tanto nós, crendo firmemente no que neste momento está establecido na Constitución e sen entrar nun debate doutrinal sobre se isto se pode modificar dunha ou doutra maneira, coido que o importante é aprobar o punto número 1, que vostedes tivesen a xenerosidade de retirar o número 2, dado que o debate que se produciu foi o suficientemente amplo como para que esta Corporación unanimente traslade o seu sentir diante dunha lacra social como é a violencia nas súas diversas manifestacións.

SR. CONDE GIL: En primeiro lugar gustárame dirixirme a don Xesús López no sentido de que eu en ningún momento falei da Lei do Talión, do único que estamos a falar é da aplicación dunha norma xurídica a unha persoa que comete un delito, nada máis. Ademais falar dun nivel de reincidencia dun 38% sen especificar o tipo de delito paréceme un pouco arbitrario.

En canto o tema da reinserción e da reeducación, insisto en que o texto da Constitución é moi claro e nada impide que se acometa esta modificación lexislativa.

Non quería falar deste caso en concreto pero dada a situación vouno facer, vou citar unhas palabras do ministro, Mariano Fernández Bermejo, quen considerou que o terrorista, José Ignacio De Juana Chaos, cumpriu a súa pena e debe saír do cárcere, insistiu en que o importante é que aprendeu a lección. Alguén sinceramente cre que esta persoa entendera a lección? Unha persoa que dicía que lle encantaba ver as caras dos familiares desencaixadas nos funerais, que no cárcere "os seus choros son os nosos sorrisos e acabamos a gargallada limpa. Esta última acción de Sevilla foi perfecta, con ela xa comín para todo o mes." Por iso se entende que logo estivera en folga de fame amparado por algúns.

Sr. López Font, non sexamos máis papistas que o Papa, se están tan de acordo apóiennos, non só a nós, apoien á asociación de familiares de vítimas de delitos

violentos que están propugnando manifestos de condenas íntegras e son esas familias ás que ó final están precisamente sufrindo toda esta problemática criminal e, como lles dicía antes, mentres uns van poder ir velos ó cárcere, outros como moito flores e velas no cemiterio. Paréceme bastante triste e por suposto que non vou retirar ningún punto da moción.

SR. PRESIDENTE: Hai un pedimento de votación separada dos puntos primeiro e segundo. Rematado o debate procedemos á votación da moción por puntos.

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos).

*Vótanse separadamente os dous puntos da moción.*

VOTACIÓN DO PUNTO PRIMEIRO DA MOCIÓN.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Mostrar o apoio expreso deste Pleno ás familias das vítimas de delitos violentos da nosa cidade.

VOTACIÓN DO PUNTO SEGUNDO DA MOCIÓN: Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Rexeitar o apartado segundo da moción co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (159).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTAR Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
RESOLVER CARENCIA DE INSTALACIÓNS Ó AR LIBRE NO CEIP ALFONSO  
CASTELAO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xullo de 2008, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

"Ao Grupo Popular impórtalle moito o ensino público en Vigo e o benestar dos seus usuarios, polo que apoia calquera iniciativa que veña reparar as carencias que os colexios da cidade poidan padecer en relación a servizos indispensables hoxe en día, como son as garderías, os comedores, o transporte ou as actividades extra-escolares.

Neste sentido trasladamos a este Pleno unha demanda que a ANPA "O muíño" do colexio Alfonso Castelao de Navia dirixiu ao Concello o pasado mes de maio.

Este colexio foi aumentando progresivamente o seu número de alumnos nos últimos anos, debido ao crecemento da poboación na parroquia. Aínda que non hai problema de sitio nas aulas, xa que non superan a ratio establecida, quedáronse pequenas as dependencias auxiliares: comedor, ximnasio, sala de usos múltiples e aula de informática, situación que foron remediando nos últimos anos trasladando de sitio aos escolares segundo as necesidades.

Sen embargo, esta boa disposición dos alumnos e do claustro de profesores non é suficiente para contrarrestar a máis grave carencia das súas instalacións que é a inexistencia dun espazo cuberto para actividades ao aire libre. Isto ocasiona que os alumnos non poidan saír ao recreo cando chove e que se suspendan aulas deportivas, festas escolares e actividades extra-escolares.

Recentemente o Pleno aprobou unha modificación de usos no Pao de Navia consistente na previsión de terreo para usos xerontolóxicos, que non obstaculizará a edificación de novas instalacións que amplíen a oferta educativa na zona, pero non existe, de momento, proxecto ningún delas. Estas futuras instalacións solucionarían previsiblemente as carencias que denunciámos, pero mentres tanto seguirase a padecer unha situación precaria que se alongará no tempo.

A comunidade escolar laméntase do desinterese da Consellería de Educación por este tema. Especialmente cando todos estamos de acordo na importancia que teñen os servizos e actividades complementarias nos centros de ensino ao facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.

O grupo municipal do Partido Popular entende que a administración educativa debe

dar resposta ás necesidades dos alumnos e das súas familias, xa que logo propón para a súa aprobación no Pleno da Corporación que o Goberno Municipal:

Inste á Consellería de Educación a resolver a carencia de instalacións ao aire libre no CEIP ALFONSO CASTELAO de Navia, proporcionando unha solución, aínda que sexa de carácter transitorio, de cara ao vindeiro curso escolar”.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de xuño de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Ó Grupo popular impórtalle moito o ensino público en Vigo e o benestar dos seus usuarios polo que apoia calquera iniciativa que veña reparar as carencias que os colexios da cidade poidan padecer en relación a servizos indispensables hoxe en día como son as garderías, os comedores, o transporte ou as actividades extra escolares. Neste sentido trasladamos a este Pleno unha demanda que a ANPA "O Muíño" do colexio "Alfonso Castelao" de Navia dirixiu ó Concello o pasado mes de maio.

Este colexio foi aumentando progresivamente o seu número de alumnos nos últimos anos debido ó crecemento da poboación na parroquia. Aínda que non hai problema de sitio nas aulas, xa que non superan a ratio establecida, quedaron pequenas as dependencias auxiliares: comedor, ximnasio, sala de usos múltiples e aula de informática, situación que foron remediando nos últimos anos trasladando de sitio ós escolares segundo as necesidades. Sen embargo esta boa disposición dos alumnos e do claustro de profesores non é suficiente para contrarrestar a máis grave carencia das súas instalacións que é a inexistencia dun espazo cuberto para as actividades ó ar libre. Isto ocasiona que os alumnos non poidan saír ó recreo cando chove e que se suspendan aulas deportivas, festas escolares e actividades extra escolares.

Recentemente o Pleno aprobou unha modificación de usos no PAU de Navia consistente na previsión de terreo para usos xerontolóxicos que non obstaculizará a edificación de novas instalacións que amplíen a oferta educativa na zona. Estas futuras instalacións solucionarían previsiblemente as carencias que denunciámos pero non existe de momento ningún proxecto delas, mentres a comunidade escolar seguirá a padecer unha situación precaria que se alongará no tempo.

A comunidade escolar laméntase do desinterese da Consellería de Educación por

este tema, especialmente cando todos estamos de acordo na importancia que teñen os servizos e as actividades complementarias nos centros de ensino ó facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.

O Grupo municipal do Partido Popular entende que a administración educativa debe dar resposta ás necesidades dos alumnos e das súas familias, xa que logo propón para a súa aprobación no Pleno da Corporación que o goberno municipal inste á Consellería de Educación a resolver a carencia de instalacións ó ar libre no CEIP "Alfonso Castelao" de Navia proporcionando unha solución, aínda que sexa de carácter transitorio, de cara ó vindeiro curso escolar.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Nos antecedentes desta moción dise que ó Grupo popular impórtalle moito o ensino público en Vigo. Eu asegúrolles que á concelleira de Educación deste momento, do goberno de Vigo, impórtalle moito máis que a ninguén o ensino público e dedica moito tempo e esforzos a coñecer e reparar cos medios dos que dispón as carencias dos colexios públicos da cidade que padecen hoxe en día, pero non esquezan que se foron acumulando ó longo dos anos e dos gobernos anteriores.

Para poder atender ás necesidades da miña concellería elaboramos este ano un plan de control e seguimento do estado actual das infraestruturas dos centros educativos para actuar en función das prioridades de xeito ordenado e sen esquecer ningún dos colexios e poder, por suposto, instar á Consellería a facer a parte que lle corresponda, sobre todo porque as responsabilidades do Concello son unhas e as da Consellería outras.

Por suposto que un dos centros máis estudados por min, visitado polo equipo técnico da Concellería e polo da Delegación de Educación é precisamente este colexio "Alfonso D. Rodríguez Castelao" sito no polígono de Navia.

Din vostedes, entre outras cousas, que o aumento de matrícula debido ó crecemento da poboación... Eu dígolles que xa non permite atender todas as solicitudes presentadas neste curso, xa a demanda supera á oferta, cousa facilmente previsible dende hai tempo. Polo tanto, ademais das carencias apuntadas na súa moción tamén hai que dicir que é insuficiente o colexio para atender ás solicitudes de matrícula. É preciso pois pensar nunha ampliación do centro tanto pola escaseza actual que manifesta, como pola abundancia de

solicitudes previsible en anos sucesivos tendo en conta que o polígono chegará ter unha mínima poboación arredor de 20.000 habitantes, que actualmente só vive un 15% e xa non chega.

Na investigación realizada para lle solicitar á Consellería de Educación a súa ampliación e corrección de carencias que presenta o centro atopámonos con que o solo lindeiro de uso público e destinado na planificación á educación, foi cambiando de uso, cedidos por unha banda 10.000 m<sup>2</sup> á Vicepresidencia de Igualdade para unha residencia de maiores mediante un protocolo asinado pola Sra. alcaldesa de Vigo, dona Corina Porro, e don Anxo Quintana con data 26 de abril de 2007. Tamén se cedeu polo goberno de vostedes a dúas ONGs para a atención a persoas adultas con deficiencias físicas ou psíquicas outro terreo lindeiro de 7.000 m<sup>2</sup>, aproximadamente.

Queda así o colexio "Alfonso D. Castelao" sen posibilidades de ampliación por ningures para cubrir as previsibles e urxentes necesidades educativas da zona. Para emendar as súas carencias de xeito inminente precisa da ampliación de espazos existentes, cousa que xa cedemos o que puidemos, é dicir, a parte que podíamos ceder xa se cedeu á Consellería para facer todo o necesario de servizo puntual a este centro coas condicións que ten; para poder ampliar comedor, ximnasio, máis aulas, patios e sobre todo esas cubertas exteriores que vostedes demandan.

Isto non é para facer provisionalmente, obriga a facer un proxecto de obra moi importante que fai pensar en aproveitar recursos e non facer obras inmediatas que supoñan telas que desfacer no momento en que se leve a cabo o proxecto axeitado ó espazo que actualmente dispón.

Entendendo que todo é necesario e importante, que fixeron vostedes foi "denudar un santo para vestir outro". Había outras posibilidades máis axeitadas, quedarían solucións sen crear problemas que eu vin e supoño que vostedes tamén, pero non as tiveron en conta. Tal vez a educación pública non lles importa tanto como din nesta moción.

Pero se queren demostrar o seu interese eu propoño o seguinte, moito máis que o que piden vostedes. Sería no primeiro caso, para seren aprobado neste Pleno: "Instar á Consellería de Educación a resolver todas as carencias de instalacións no CEIP "Alfonso D. Rodríguez Castelao" o máis axiña posible e no espazo de que

dispón actualmente."

En segundo lugar: "Instar á Consellería de Educación a que constrúa un segundo centro público no polígono de Navia para cubrir as previsibles necesidades educativas da zona".

Esta é a miña proposta.

SRA. LARRIBA LEIRA: Alégrome moito de que todos manifestemos a nosa preocupación polo ensino público. Estando de acordo nisto parécenos perfectamente asumibles as cuestións que a concelleira de Educación presenta e aceptamos que formen parte deste pedimento que se vai trasladar á Xunta de Galicia.

Non obstante do que eu estou a falar é dunha solución que se lles ten que dar ós alumnos e ós pais, non só ós alumnos, senón ós pais e ás nais que non dispoñen de actividades extra- escolares nesa zona.

En canto ás prioridades que vostede fixa para investir e reformar os colexios de Vigo, parece que esta asociación de pais e nais non recibiu aínda resposta pola súa parte e tampouco das autoridades da Consellería á que se dirixiron levándolle información abondo, fotografías dos nenos patinando polos corredores os días que chove porque non poden saír ó recreo.

Efectivamente vostede e a Consellería anuncian unha serie de instalacións educativas que se van facer en Navia e que son de todo punto urxentes e necesarias pero non existe aínda proxecto, canto se vai demorar isto? canto tempo van estar estes nenos sen solucionar estes problemas? Porque a reclamación non é recente.

Eu pediría que á marxe de incorporar estas modificacións no pedimento que se lle faga á Xunta, si que me gustaría que houbera algún tipo de compromiso para que esta xestión non se dilatara no tempo, que se faga o máis axiña para que se lle puxera remedio a esta dificultade con anterioridade á construción das novas instalacións.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Este centro, á asociación de pais, á asociación de veciños, ó equipo directivo, absolutamente todos foron atendidos. A miña xestión levoume non só ós recibir senón iren ó lugar onde están situados, tanto a asociación de



veciños, como a asociación de pais, como o equipo directivo; visiteinos varias veces, pero ademais me trasladei persoalmente cos técnicos á Delegación de Educación para expoñer a situación deste centro. É dicir, a atención e a preocupación a máxima porque se vía claramente o que viña enriba, non facía falla moito máis. Sucede que isto implica obra e ampliación, claro que podemos falar, como eu lle formulei ós técnicos, dun patio cuberto para que os nenos saian pero este patio que hoxe custaría facer 20 millóns de pesetas chegaría un momento, moi preto desta construción en que habería que tiralo para facer debidamente a obra.

O que me din os técnicos é que dean tempo a facer o proxecto axeitado, vendo como este mes de maio a ampliación de matrícula é tal que se precisa xa, non se pode esperar máis tempo, hai que ampliar aulas, ximnasio, comedores, etc. O patio tamén o hai que ampliar e cubri-lo non vexo como de xeito puntual porque non se pode facer a través dunha carpa, nin cousa breve, nin cousa temporal de xeito que non supoña un gasto moi significativo que podería redundar no ben do colexio.

Esta situación lévase dando, o patio sen cubrir, dende que se creou o colexio e polo tanto nós pediríamos, sabendo o sacrificio que supón, a ver se neste ano se resolve toda a problemática cun proxecto de inmediato que eu levo reclamando dende hai moito tempo.

Pero por falla de atención, de recibimento, de explicación, mesmo de pedimento moi superior ó que pedía a propia asociación de pais, pola miña banda tería moito mellor o centro do que eles pedían. Coido que agora se dan conta do moito que necesitaban ese proxecto que polas miñas condicións profesionais facíame ver claramente a necesidade de ampliación antes de nada.

Iso é o que eu seguirei tentando por todos os medios conseguir en tempo e forma para non alongar a situación que están a padecer os nenos tendo que sufrir os patios pequenos e sobre todo a intemperie.

SR. PRESIDENTE: Moitas gracias, Sra. López Atrio, se nos pasa o texto da moción alternativa, por favor, llo agradeceremos. Faga a lectura pública do texto.

SRA. LÓPEZ ATRIO: O texto sería o seguinte: Primeiro, instar á Consellería de Educación a resolver todas as carencias de instalacións no CEIP "Alfonso D.

Rodríguez Castelao" canto antes no espazo do que dispón actualmente (co que nós lle proporcionamos).

Segundo, instar á Consellería de Educación a que constrúa un segundo centro público no polígono de Navia para cubrir as previsibles necesidades educativas da zona.

Durante o curso do debate, a concelleira delegada de Educación, Sr. López Atrio, formula a seguinte emenda de substitución:

1.- Instar á Consellería de Educación a resolver todas as carencias de instalacións no CEIP Alfonso Daniel Rodríguez Castelao canto antes, no espazo do que dispón actualmente.

2.- Instar á Consellería de Educación a que constrúa un segundo centro público no Polígono de Navia para cubrir as previsibles necesidades educativas da zona.

*Coa conformidade da relatora, a Presidencia somete a votación a emenda formulada pola Sra. López Atrio.*

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito

ACÓRDASE:

Aprobar a emenda formulada pola concelleira delegada de Educación, Sra. López Atrio, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

*No transcurso do debate do seguinte punto, se incorpora á sesión a concelleira Sra. Veloso Ríos.*

11.- (160).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO UNHA CAMPAÑA DE LIMPEZA E MEDIDAS CORRECTORAS EN DIFERENTES BARRIOS DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xullo de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

"Nos últimos meses estamos a asistir a unha situación de deterioro e abandono da cidade en todo o referido á limpeza e mantemento da mesma. Este cambio de aspecto é, sen dúbida, prexudicial para a imaxe da cidade, pero tamén o é para os seus cidadáns que sofren acotío a situación.

O malestar se esta a reflectir en queixas e críticas permanentes e xeneralizadas dos veciños dos distintos barrios e parroquias, así como nos medios de comunicación, que se fan eco das mesmas.

Recentemente, aparecía en varios medios a situación na que se atopa a Avenida Clara Campoamor -o vial de acceso ao Cuvi desde Castrelos- onde cada día hai menos indicadores visibles para os condutores que circulan por ela, amosándose como "un claro exemplo do abandono ao que está sometida esta estrada". Cunetas superpoboadas de vexetación, maleza e arboredo se "botan enriba" da sinalización vertical e sobre a calzada e impiden a identificación dos vehículos.

No GM do Partido Popular parécenos especialmente preocupante a demanda dos cidadáns dunha limpeza mínima e un mantemento axeitado dos parques infantís e zonas verdes, pero tamén a eliminación da maleza en numerosos viais públicos, camiños e cunetas, que en moitos casos impiden o tránsito dos peóns, a máis dunha axeitada visibilidade na conducción de vehículos.

Doutra banda, no seo do GM do PP preocupa a acumulación de sucidade en fontes públicas como é o caso da coñecida como "*paellera*" na rúa Areal, convertida nun posible foco de infeccións.

Existen outros moitos exemplos desta situación de abandono en distintas parroquias viguesas, como en Valladares, Coia, Navia, Vilar Gandarón e Bagunda en Lavadores etc.

Dados estes antecedentes, o GM do Partido Popular formula a seguinte proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación:

1.- Que de xeito inmediato se poñan en marcha medidas correctoras de limpeza e mantemento, reforzando especialmente os medios para a eliminación de maleza naqueles viais onde se prexudique o tránsito dos peóns e a visibilidade dos condutores.

2.- Instar ao Goberno Municipal a facer as xestións oportunas diante dos organismos correspondentes, segundo o caso, para que se emenden as deficiencias expostas nos distintos barrios e parroquias da cidade e cuxa solución demandan os vigueses."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 21 de xuño, quedou

informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SEGARRA: Nos últimos meses estamos asistindo a unha situación de deterioro e abandono na cidade, sobre todo nas cuestións referidas a limpeza e mantemento da mesma que é sen ningunha dúbida un prexuízo para a imaxe da mesma. Este deterioro vese reflectido nos medios de comunicación nos últimos meses e semanas de xeito xeneralizado. Hai casos sangrantes como é o da avenida Clara Campoamor, acceso ó CUVI dende Castrelos, que como xa saberá está en condicións deplorables. Onte mesmo saía nalgún medio de comunicación a situación na que se atopa o parque da Guía onde se di que "...Tamén chama a atención o deixamento na que se atopan estes insuficientes sebes que bordean o camiño, semella que hai bastante tempo que non se recortan e en determinados tramos sobre saen por riba dos bancos e invaden a vía pública". Hai múltiples casos e mesmo noutro sentido como poden ser as fontes públicas, como é o caso que tamén saíu nos medios de comunicación da fonte do Areal coñecida como "*Paellera*" onde se está acumulando a sucidade dende hai bastantes meses.

Esta situación denunciouse polos veciños, dende logo que en todas as parroquias que visitamos así nolo están comunicando e hoxe neste hemiciclo poderíamos facer un monográfico exclusivamente deste tema porque hai casos moi numerosos, moi abundantes da falla de xestión. A herdanza que recibiron vostedes foi impecable e excelente e esta situación está empeorando a marchas forzadas. Mesmo a concelleira, Sra. Díaz, atribuíuse (logo se quere podemos falar diso tamén) xestións que non son de seu, senón unha herdanza do anterior goberno, da xestión de dona Corina Porro.

Espero e confío en que tomen medidas e solucionen moitos dos problemas de limpeza que existen en moitas parroquias: Lavadores, Sampaio, Cabral, Coia, Sárdoma. Como lle digo hai moitos exemplos. Xa que falaba antes nunha das súas primeiras intervencións no Pleno de hoxe, hai moitas fotos, Sra. Díaz.

Polo tanto esperamos que solucione eses problemas porque mesmo son prexudiciais para a circulación de condutores e viandantes porque hai viais polos que non se pode circular, onde tampouco se poden ver os sinais de tráfico e iso é bastante prexudicial, non xa só para a imaxe, senón para a mesma circulación.

Non imos permitir dende o Grupo popular que algunhas zonas da cidade se

convertan nunha auténtica selva e que haxa que circular case con machete; non o imos consentir.

Como lles dicía, hai múltiples fotos. Aquí temos unha que saíu publicada onte nun medio de comunicación do parque da Guía e outras tantas que hai. A herdanza dende logo foi excelente e tamén o din os medios de comunicación cando falan que dende o ano 2000 Vigo, que era a sexta cidade máis sucia de España, pasou ó posto número 23 no 2007.

Só pretendemos que aumente as medidas de limpeza, que fagan as xestións necesarias con aqueles organismos ou empresas que lles corresponda actuar e que solucionen os problemas que hai de maleza en todo tipo de vías por onde circulan os coches e tamén os peóns.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A verdade é que me faría gracia se non fose porque estamos a falar dun tema moi serio como é o da limpeza da cidade, que é a imaxe que estamos dando da cidade.

Vostede fala da magnífica herdanza que deixou o Partido Popular; non lembra a sucidade que había nesta cidade hai un ano cando os colectores e os seus arredores cheos de sucidade, restos de "botellón" ata o mediodía, os parques infantís con restos de "botellón" todo o domingo e seguían así ata o luns..., vostede iso non o lembra pero por sorte a administración funciona, ten uns arquivos. Eu fun ós arquivos e resulta que na época na que vostedes estaban gobernando se recibían no departamento de Limpeza entre unhas 2-3 queixas diarias por motivos de maleza e sucidade na cidade.

Eu collín a modo de exemplo pola época na que estamos as queixas dos meses de maio, xuño e xullo e vostedes en menos de tres meses recibiron máis de duascientas queixas por temas de malezas, de silvas, por temas de sucidade e xa que falaba dos viais, voulle ler algunhas, por casualidade teño aquí as queixas de maio, xuño e xullo, non as vou escoller, están por orde tal e como mas entregaron a min.

31 de maio de 2006: a cidadá quéixase de que na rúa indicada hai moitas herbas e silvas e non se pode camiñar por alí, como consecuencia pide que se limpe, rúa ETEA. A cidadá solicita que se limpe a maleza que sae cara á rúa nas zonas abaixo indicadas: avenida de Madrid, San Roque e Muralla.

Maio de 2006: "Desexo poñer no seu coñecemento o risco que supón para os peóns que temos que transitar pola rúa Mestre Chané". Esta chegounos a nós tamén, significa que non se solucionou. Di: "Estreita dúas direccións. Como se ve nas fotos (tamén temos fotos) a maleza está invadindo tanto o solo como polo resto de muros o estreito paso dos peóns, o sebe sobresaie de forma extensible o que supón que sexa o límite do seu crecemento. Prego encarecidamente que tentemos evitar un máis que probable accidente xa que os peóns nos vemos na necesidade de achegármonos perigosamente á zona de circulación dos coches, motos, camións dos que lles podo asegurar que non baixan a velocidade". Isto chegoulles a vostedes e volveu chegar a nós, o que significa que vostedes non o solucionaron.

Máis de maio de 2006: A cidadá dá aviso de que na dirección abaixo indicada o Varredor non pasa e teñen eles que limpar. Estamos falando da Travesía da Churreira.

Maio de 2006: O cidadán solicita que limpen o camiño Mide pois está cheo de vexetación e é imposible pasar co coche a través do mesmo.

A cidadá quéixase de que na rúa San Honorato non pasan a limpar e que tampouco baldean con auga. Solicita que lle dean unha resposta xa que o solicitou en varias ocasións (a vostedes).

A cidadá quéixase de que en todo o camiño Soutelán e na baixada á fonte de Barros a maleza invade o camiño. Maio de 2006.

O cidadán quéixase de que en Saiáns as beiras das rúas están cheas de herbas e solicita que se limpe.

A cidadá quéixase de que na dirección abaixo indicada hai unha cantidade de herbas que non deixan transitar ós carriños (falamos de perigo para os cativos). Solicita que se limpe.

A cidadá pide que acuda o departamento de Limpeza ó enderezo indicado xa que está cheo de mobles, mesas de noite, colchóns e maleza.

O cidadán solicita que corten a maleza da parte situada pola varanda da Vía Norte dende o comezo da mesma ata a altura do Hotel México.

O cidadán quéixase de que no contorno do Museo Liste a maleza creceu tanto que se sae dos lindes e chega á beirarrúa, non se pode transitar.

O cidadán solicita que se leve limpeza á zona abaixo indicada que está moi abandonada, Barrio de Ribadavia.

A cidadá solicita que se limpe regularmente a rúa abaixo indicada pois está sempre chea de lixo e están aparecendo ratas.

Lémbrese, Sr. Sagarra, dunha moción que presentou aquí na que falaba das ratas e acusou a unha concelleira deste grupo de non se decatarse de nada? Mire, Sr. Sagarra, quen non se estaba decatando era vostede de que xa no seu goberno había ratas e vostedes non as souberon exterminar.

Podería seguir así pero non o vou facer e é que estamos falando de arredor de 2-3 queixas diarias en limpeza.

Voulle resumir o que fixo este departamento de Limpeza nun ano e que vostedes non fixeron en tres anos.

Intensificamos a atención en limpeza en zonas que non son exclusivamente do centro, senón no rural, coas brigadas de proximidade e da concesionaria con dúas brigadas máis cas que tiñan vostedes. Ampliamos na concesionaria un vehículo máis en quenda de noite para a retirada de trastes, máis persoal de mañá e o seu traslado a Cerceda. Intensificouse a limpeza e borrado de pintadas, pasquíns, carteis e pancartas. Por primeira vez limpáronse os contornos dos colectores, levantáronse todos os colectores e retirouse toda a sucidade acumulada que había por eses colectores durante todos os anos nos que vostedes estiveron gobernando. Reforzouse por primeira vez o servizo de limpeza do "botellón", por primeira vez nesta cidade coordinouse o servizo de "botellón" de xeito que neste momento todas as empresas rematan a limpeza do "botellón" ás dez horas da mañá. Ampliamos tamén o servizo de recollida selectiva de envases de xeito que se antes se pasaba unha vez por semana agora estase pasando cada cinco días. Modificamos illas de reciclaxe, protección de colectores, máis illas de reciclaxe, servizo de recollida selectiva en zonas novas que vostedes tiñan esquecidas como Cambeses e Navia. Incrementamos a frecuencia de recollida de pilas, cambiamos colectores de pilas, incrementouse o servizo de recollida porta a porta de papel cartón en puntos como Valladares ou na Baixada do Capitán. Asinouse un convenio con Ecoembes de xeito que obtivemos de xeito gratuíto 72 colectores para a recollida de papel. Tamén xestionamos con Ecovidrio a cesión gratuíta de 13 colectores máis de tipo "igloo" para o vidro tamén de xeito gratuíto.

Este Concello por primeira vez contratou ata 16 peóns e 2 oficiais condutores para a atención exclusiva de areais, praias e accesos a praias. Tamén por primeira vez

en dous anos resolvemos o expediente de contratación de Sogama que vostedes tiñan de xeito irregular. Por primeira vez contratouse un servizo de mantemento para os colectores subterráneos, porque vostedes os inauguraron, os abriron, pero nada de mantemento.

Reestruturamos o servizo de baldeo para mellorar a eficiencia da auga. Reducimos os servizos de atención e resposta ás demandas dos cidadáns con tratamentos informáticos que permitiron que teñamos todas as queixas informatizadas.

Podería tamén seguir con todas as medidas que fixemos neste ano e que vostedes non fixeron. Pero pasando xa exclusivamente ó rural, falabamos das queixas que vostedes tiñan en maio, xuño e xullo, eu dígolle o que este departamento fixo en maio, xuño e xullo.

En maio as brigadas do Concello, brigadas de proximidade e brigadas de FCC atenderon a parroquia de Lavadores, Cabral, San Miguel de Oia, praias, Navia, Castrelos, Alcabre, Coruxo, Beade, Teis, Comesaña, Freixeiro, Valladares, Saiáns, Coia e Sárdoma; iso no mes de maio. No mes de xuño: Lavadores, Cabral, Sárdoma, praias, Navia, Alcabre, Coruxo, Teis, Beade, Valladares, Saiáns, Oia, Coia, San Xoán do Monte e Castrelos. No mes de xullo: Lavadores, Cabral, Candeán, praias, Alcabre, Coruxo, Teis, Beade, Navia, Freixeiro, Valladares, Saiáns, Oia, Coia, San Xoán do Monte, Zamáns, Bouzas, Balaídos, Candeán e Matamá. Isto foi o que fixo o servizo de Limpeza de forma regular e que estamos facendo.

Con respecto ó que vostede pon na moción, esas zonas ás que especialmente fai referencia, na rúa Clara Campoamor procedeuse á limpeza mecánica o mes de decembro de 2007 e á limpeza manual ata o mes de febreiro de 2008 e agora en xullo de novo se comeza tal e como lle tocaba. Na parroquia de Valladares dende o mes de febreiro deste ano estanse a limpar todos os camiños desta parroquia: estrada Portal, camiño Igrexa, camiño Laranxo, camiño Cañizo, estrada San Xoán, etc. Na parroquia de Navia dende o mes de marzo estase a realizar a limpeza de todos os camiños desta parroquia: Laixelas, Piñeiros, Saíñas, Sampaio, Bravo, Cerqueiro, etc. Lavadores: dende o mes de xaneiro tamén se están a limpar todos os camiños da parroquia: Naia, Bouzaboa, Brea, Coutada Nova, Severino Cobas, Manuel Álvarez, Baruxáns, Santa Cristina. Barrio de Coia: tamén diariamente limpeza viaria, varrido e baldeo e con respecto á limpeza dos camiños entre o 15 de xuño e o 15 de xullo: Tui, Porriño, Núñez de Balboa, Corcodeira, Barciela.



Pero lle digo máis, Sr. Sagarra, hai estradas nesta cidade que non son competencia do Concello, que o son da Deputación provincial, por exemplo a estrada do Vao e a estrada Provincial. Pois mire, neste momento a Deputación provincial que é quen ten a obriga do mantemento, conservación e limpeza destas estradas non o está facendo e o está facendo o Concello cun varrido con *porter* dúas veces por semana e na estrada Provincial un varrido diario cun operario e carro. A Deputación ten a obriga de atender esta cidade e non a está atendendo.

Dígolle máis cousas, ata agora a Deputación colaboraba con este Concello cunha máquina curta malezas que estivo traballando no ano 2006 dende o 1 de agosto ata o 28 de decembro, no ano 2007 dende o 16 de abril ata o 30 de maio (xusto cando perderon as eleccións) e no 2008 non se viu esta máquina para nada. Pedimos a máquina o 14 de xaneiro, solicitámola á Deputación, non recibimos contestación. O 6 de maio volvemos solicitar esta máquina e seguimos sen recibir contestación.

Hai tamén unha máquina limpa praias; o da máquina limpa praias é como o Guadiana: aparece e desaparece, traballou entre o 13 de maio e abril, xuño ata setembro no ano 2006 en todas as praias, no ano 2007 traballou dende marzo ata xuño (que casualidade tamén) e no 2008 xa digo, é como o Guadiana: aparece o día 7, marcha o día 15, volta o día 18, marcha o 1, volta de novo o 23 de xullo, volveu marchar o día 24 e xa desapareceu. Non desapareceu, sabe onde está, Sr. Sagarra, esta máquina limpa praias cando non está atendendo os areas de Vigo? Está en Baiona, está nun municipio do Partido Popular.

A Deputación de Pontevedra ten a obriga de atender esta cidade, polo menos polas estradas que son da súa competencia e se estivo axudando en anos anteriores ten que seguir axudando neste ano. Pero hai moito máis. Fixemos un pedimento dunha subvención á Deputación de Pontevedra para 15 persoas para mantemento e conservación de praias e se nos di que non por parte da Deputación porque di que hai débedas, imos mirar as débedas e resulta que son débedas da Sra. Porro. A Sra. Porro deixou este goberno, deixou débedas contraídas coa Deputación do ano 2004-2006 por valor de 17.000 euros e a Deputación contesta que como hai esas débedas non se pode conceder a subvención, que paguemos as débedas da Sra. Porro que entón si nos dan a subvención.

Así non se traballa, así non son as cousas pero en calquera caso a limpeza é

necesaria, temos que coidar a cidade e por iso lles imos votar que si ó primeiro punto da moción. Pero con respecto ó segundo punto eu propoño unha emenda que é: "Instar ó goberno municipal a facer as xestións oportunas diante dos organismos correspondentes, especialmente a Deputación Provincial, para que se emenden as deficiencias expostas nos distintos barrios e parroquias da cidade cuxa solución demandas os vigueses".

SR. GONZÁLEZ SEGARRA: A verdade é que me deixa sorprendido, Sra. Díaz, déixame realmente apampado porque fala de moitas cousas, dá moitos datos, leva media hora falando, perdón, non sei se media hora pero un bo rato...

A PRESIDENCIA: Sr. Sagarra, exactamente once minutos.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Perdón, non vou discutir diso, é igual. Ía dando moitos datos e lendo o informe completo que lle pasou FCC, leva dicindo todas as cousas que está facendo na cidade e sen embargo a cidade está igual que hai catro meses que foi cando vostede chegou ó departamento e para o comprobar non hai máis que consultar ós cidadáns e ler enquisas que saen nos medios de comunicación onde á pregunta de "considera insuficientes as tarefas de limpeza e mantemento dos viais?" o 90% di que si, Sra. Díaz, dino os cidadáns.

Vostede está falando de moitas cousas, pero ademais me sorprende a súa "cara dura" política, dende o punto de vista político polas declaracións que fai na prensa tamén se satisfai do máximo galardón que deron a esta cidade, a famosa vasoira de platino, que é un galardón que dan a esta cidade por unha xestión realizada nos anos anteriores. Si, Sra. Díaz, e ter esa cara dura política para ir dicir ós medios de comunicación que é unha xestión de seu cando vostede non fixo ren nos últimos catro meses, é realmente lamentable.

Pero agora imos ver realmente como está a cidade e non falar de "*pamplinas*", de tantos "*rollos*" que nos solta aquí cos informes que lle pasan, imos ver realmente como está. Eu coido que vostede se equivoca de discurso, pasou dez meses debatendo co Sr. Guerra de números, claro os números é moi fácil manipularlos, como vostede fai acotío, é moi fácil recortalos, pegalos e utilizar o types, pero iso rematou, agora a situación é real, é a que é e ímolo ver agora porque como lle

dicía, para *dossier* teño aquí un completo que se quere logo o vemos concretamente e imos vendo rúa por rúa e vial por vial. O que non imos permitir é que unha situación que vostedes herdaron e que o din os medios de comunicación, insisto, que no 2007 pasamos a seren unha das cidades máis limpas e vostede está botando a perder toda esa herdanza que recibiu.

Pero como lle dicía, imos velo con fotos que non se poden manipular como os números. Imos empezar, Sra. Díaz, pola mala xestión que está vostede facendo, por exemplo co tema das árbores e dos transplantes onde, por certo, polo transplante das árbores de Policarpo Sanz acusábanos ó Grupo popular exactamente de mentiras: "A concelleira de Limpeza cualificou de mentiras as críticas do PP ó que tacha de improvisación". Mentiras, Sra. Díaz? Como pode dicir vostede que isto de Rosalía de Castro son mentiras cando comezaron as obras para os aparcadoiros? Como pode dicir que está facendo un morea de tratamentos e que van sobrevivir todos as árbores transplantadas cando esta é a realidade? E isto non o pode vostede manipular, Sra. Díaz, estas son as árbores transplantadas en Castrelos que están a morrer todos, laranxeiros e Camelias; isto é unha realidade, non hai máis ca ir velos.

Eu animo a todos os medios de comunicación, se teñen algunha dúbida, a que me pidan as fotografías porque teño todas as que queiran, teño un álbum completo que podemos ir vendo ós poucos.

Isto en canto á súa xestión, este é o resume da súa xestión que dende logo está sendo magnífica, pero imos ir indo ós poucos coas fotos que a vostede tanto lle gustan, fotos que teño clasificadas para que vostede as poida ver máis polo miúdo. Estes son dous exemplos do que está a ocorrer en Vigo, a que non é quen de descubrir de onde son? Son moi semellantes pero son distintas. A diferenza é que unha é de Lavadores e a outra é de Clara Campoamor. Estas outras dúas tamén son moi semellantes pero son distintas, unha é da Circunvalación e a outra da avenida Clara Campoamor. E así seguimos coa primeira carpeta, que teño moitas porque está toda a cidade igual. Vostede que fala tanto de que está facendo tantas actuacións resulta que logo as actuacións, quedan en nada e hai que descubrir onde están os sinais de tráfico e por onde circular.

Agora imos ver a segunda carpeta que titilei "Circulación de viandantes". Mire por onde circulan os viandantes nesta cidade, mire por onde teñen que pasar. Isto é de

Navia, a que non pasou por aí ultimamente? Esta seméllase moito pero non é de Navia, é de Lavadores exactamente e se quere lle concreto as rúas. Esta é outra carpeta máis.

Agora imos coa de "Fontes e rotondas". Mire como está a fonte da "Paellera" que leva máis de catro meses así, a cor é da sucidade. Eu estiven alí en numerosas ocasións, aproximeime alí e púxenme ata enriba de auga. Pero a foto é da "Paellera" na que vostede non fixo ningunha xestión e iso é o que debería facer. Unha xestión rápida, fale vostede coa empresa que ten que xestionar iso, con Electromecánicos ou con quen corresponda porque isto é unha vergoña; a cor verde é por sucidade e eu dou fe diso porque me acerquei en moitas ocasións e non só na última semana, senón que hai un, dous e tres meses, dende que vostede está.

Pero aquí hai outra fonte, non é da bisbarra, non é de ningunha parroquia, Sra. Díaz, isto é da mesma rúa Areal e voullo ensinar para que teña constancia e saiba de onde é, pono claramente o cartel. É unha vergoña que estea como unha selva que vostede segue sen xestionar aínda que leva dez minutos falando das súas xestións.

Agora empezamos coa fase de rotondas. As rotondas están igual, mire dúas rotondas que están feitas un noxo. Vostede non pasou nin unha soa vez dende hai catro meses por esta rotonda de Navia. A zona de Navia está realmente impresentable.

Aquí teño unha carpeta que é: "onde está o sinal?". A ver se é vostede quen da atopar porque esta é para nota, pódese facer un crebacabezas con todas estas fotos sobre un plano de Vigo e as imos colocando: unha corresponde a Lavadores, outra a Coia, outra a Sárdoma, outra a Valladares, hainas tamén da avenida de Madrid. Estiven en todas as zonas, Sra. Díaz. Estas fotos son semellantes pero distintas porque están en distintas zonas da cidade.

Teño o *dossier* completo e todas as fotos que necesite e estou disposto a velas con vostede en detalle unha por unha porque aquí realmente o que interesa é que se solucionen os problemas dos cidadáns, que nos transmiten cando imos ás parroquias, porque as visito todas, xa llo dixen hai catro meses.

O seu problema é que vostede confundiu a forma de facer, ten un erro de concepto. Vostede empeñouse en rematar coas árbores, coas camelias, cos laranxeiros que

transplanta. Se o necesitan estou disposto a acompañar a calquera medio de comunicación a onde están estas árbores. Isto non é de ningunha outra cidade, é de aquí, transplantounas vostede e é a responsable que se satisfacía de todo ese transplante e por riba, para máis INRI porque iso é o que realmente molesta, acusábanos de mentir. Estabamos ben asesorados tecnicamente, Sra. Díaz, non estabamos mentindo, estabamos dicindo a realidade e se errou ben, ata se pode entender porque ás veces un erra, pero o que realmente é molesto, é que por riba nos acuse de mentir terxiversando a realidade; iso é o realmente lamentable. Entón o erro de concepto, como dicía, que vostede ten semella que vai rematar con todas as árbores. O Sr. alcalde tamén ten unha grande parte en toda esta historia, vostede dicía que se ían plantar árbores aquí que logo sabía que se ían arrancar dous meses despois. Sr. alcalde, vostede dálle moitas patadas as árbores...

A PRESIDENCIA: Sr. González Segarra, íalle dicir que se empezara a ater ó tempo porque leva o dobre do tempo. Non llo digo agora porque está falando de min e eu adoito escoitalos con moita atención e polo tanto lle deixo pero leva dez minutos falando e tiña que falar cinco.

SR. GONZÁLEZ SEGARRA: Dende logo vostede tamén ten parte en todo isto e están pasando pola cidade, se me permiten a expresión, "como Atila" porque non van deixar unha árbore en pé, pero iso si, a maleza toda, hai que ir con machete e con gadaña.

Logo falaremos doutras cousas tamén porque, como lle dicía, podíamos facer un monográfico e estarmonos toda a mañá, podíamos falar da xestión que hai no porto, noutros viais e zonas que son responsabilidade de seu e niso si atina, Sr. alcalde, vostede satisfaise moito de que agora as administracións van todas ó mesmo compás; ó compás da desorde, do desastre, da mala xestión; a ese compás si que van, dende logo que si.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Sagarra, entendo que a súa moción era o punto primeiro e segundo, debía haber algúns puntos que vostede cita pero que non aparecen escritos.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Se aquí se vai empezar a falar de todo eu tamén falo de todo, se o alcalde me dá permiso volvemos retomar temas anteriores.

A PRESIDENCIA: Sra. Díaz, responda ós temas que fixo o interpelante.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Por educación vou recoller nada máis a intervención do Sr. Sagarra con respecto ó que é estritamente esta moción.

Non sei cantas fotografías presentou pero eu xa lle digo que podería ter unha por cada queixa destas, en tres meses máis de duascentas. A diferenza é que en tres meses vostedes tiñan máis de duascentas e non as souberon xestionar. Saquei unha, non se ve porque é unha fotocopia, non estou facendo unha guerra de fotografías, pero si que hai duascentas en tres mes sacadas exactamente ó chou porque estamos na mesma época.

Aquí o único que ten cara dura política é vostede. A vasoira de platino entregouse no ano 2008, un ano despois de que vostedes deixaran este goberno e entregouse gracias a todas esas cousas que estivemos facendo neste departamento e lémbrolle: a limpeza do "botellón", a coordinación, estamos coordinando os servizos de limpeza de recollida, a mellora no servizo de reciclaxe..., todo iso foi o que motivou que neste ano se concedera o máximo galardón de limpeza que vostedes non teñen e isto un ano logo de que vostedes o deixaran porque traballamos moi duro, tanto Isaura coma min traballamos arreo, máis de doce horas diarias para solucionar os problemas de limpeza que vostedes nos deixaron. Por iso saben que no tema de limpeza fracasaron presentando esta moción de limpeza porque saben que o debate o teñen perdido porque a xente si recoñece que estamos mellorando.

Eu recibo chamadas de agradecemento. Aquí hai queixas, pois eu recibo chamadas de agradecemento polo ben que fixemos algunhas cousas no rural e din "gracias por limpar este foxo", "gracias por limpar este vial, antes non podía pasar co carro do neno así", "gracias por me vir recoller o cartón que antes pasaba todo o día". A xente me chama, chamaba a Isaura e ó pouco se solucionaba o da limpeza. Miren como é que mesmo chegoume a min un problema que ven da etapa do Sr. Arca e nós solucionámolo en quince días.

Esa é a diferenza entre vostedes e nós e como perden o debate da limpeza sacan

o da árbore, pois Sr. Sagarra, errou por completo sacando este tema porque os que están mentindo acotío dos temas das árbores son vostedes.

Vostedes presumen de que foron os que adxudicaron os aparcadoiros. Pois si, á presa e correndo adxudicaron os aparcadoiros e, tiñan algún plan de recuperación de árbores na adxudicación dos aparcadoiros? Non. Cando nós vimos os proxectos unicamente no de Policarpo Sanz había un plan, para o resto ningún, nin un só estudo, nin unha análise, ningunha proposta coa empresa de como recuperar esas árbores, só no de Policarpo Sanz, única e exclusivamente, no resto ren de ren. Isto porque querían facer o mesmo que coas anteriores humanizacións onde as árbores as tiraron á papeleira, decididamente tiráronas, non se conservou nin unha soa árbore. Nós puxemos en práctica un programa e ampliamos o programa que tiñan vostedes porque vimos que era insuficiente. Aplicámoslos absolutamente a todos os aparcadoiros da cidade: ó de Jenaro de la Fuente, ó de Rosalía de Castro, a todos; nas zonas afectadas contemplamos todas as árbores e un plan de transplante para todas elas.

Vostedes nin sequera no de Policarpo Sanz tiñan a zona na que se situarían, sinxelamente dicían que tiñan que tentar os recuperar, nada máis. Nós tivemos que pensar na mellor zona de Vigo para recuperar esas árbores e así fomos a Castrelos, unha zona que está atendida todos os días con rega continua e permanente, levámolas ó viveiro, tanto ó municipal como ó de Castrelos, zona atendida todo o día con rega permanente. Vostedes tiráronas directamente á rúa, iso foi o que fixeron vostedes coas árbores. Nós escollemos a época e o lugar, algo que vostedes deixaron completamente esquecido.

O debate do lixo perdeuno e non siga polo das árbores porque tamén o vai perder.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Dikir que perdín o debate é xa o colmo. Vostede segue empeñada en utilizar os números e ese tipo de cousas cando aquí hoxe se demostrou a realidade, gústelle ou non, Sra. Díaz.

Por outra parte eran vostedes os que dicían que unha das poucas cousas que funcionaba no anterior goberno de Corina Porro era Parques e Xardíns. Agora ten a desvergoña política, unha vez máis, de vir aquí dikir xusto o contrario do que dicían hai un ano e medio, é lamentable, iso dicíano vostedes, ven nos Plenos, temos que ler, pódese comprobar.

Respecto ó tema da famosa vasoira de platino aquí teño, Sra. Díaz, as condicións de participación, linas moitas veces, xa estou aburrido de lelas nos últimos días logo de ver a súa entrevista nos medios de comunicación na que facía alarde desa vasoira. Pero llas vou ler: "Poderán optar ó galardón "Vasoira de Platino" todas aquelas entidades posuidoras de mención especial e/ou "Vasoira de Platino" dos anos 2004 e/ou 2006". Si, Sra. Díaz, ven aquí, non diga que non porque si, ven aquí e esa é a realidade, 2004 e 2006. Vaise abaixo toda esa argumentación que acaba de utilizar. É lamentable, mesmo é daniño para a cidade que vostede faga esa argumentación e utilice unha vez máis mentiras como utilizou hai unhas semanas na entrevista famosa acusándonos a nós precisamente do mesmo.

Eu podo errar pero eu non acuso ós demais de dicir mentiras cando esta é a realidade. Veñen aquí as normas de participación e ese galardón que outorgan e do que vostede se satisfacía é cada dous anos. Alégrome de que vostede estivera satisfeita porque é unha xestión, como di aquí, debida ó anterior goberno de Corina Porro, 2004 e/ou 2006. Só ten que entrar na páxina de internet, é moi sinxelo. Tiñamos esas mencións especiais como o fixeron no 2008, efectivamente. Por todo coido que sobra facer máis comentarios porque unha vez máis vostede mente, ven aquí mentir.

Por outra banda, se tan ben o están a facer haberíalle que preguntar ó Sr. alcalde por qué cambiou de concelleira no departamento de Parques e Xardíns, Sr. alcalde, porque había unha mala xestión? Polos resultados?

De todos os xeitos o que máis lamento é que ven vostede aquí hai catro meses para nos dicir que todo é marabilloso e que todo se vai solucionar e sen embargo todo segue igual. En cuestións de medio ambiente e maleza é lamentable, eu xa non sei que facer. Por exemplo, para temas de desratización como os que falou vostede pedín audiencia co frautista de Hamelín porque coido que de non ser así é imposible. Vostede dicía que os focos estaban localizados e ó final resulta que non. Con este tema non sei se pedir audiencia a Harry Potter para que nos faga maxia coa súa vasoira e nolo limpe todo, non se me ocorren máis ideas, ó mellor o Sr. alcalde coas súas excentricidades e as súas cousas pode inventar algunha noria voadora. O que está claro é que ata que dende o Grupo popular non denunciemos, non facemos un seguimento das xestións, non traemos todo isto ós medios de comunicación, non se soluciona. De verdade que me gustaría moito que se



solucionara e polo tanto é o único que pido.

Non vou falar de praias porque diso falaremos noutra ocasión, Sra. Lago.

A PRESIDENCIA: Sr. Sagarra, este Pleno está encantado co seu estilo, encantado. Procedemos á votación desta moción. Propúxose unha emenda, non sei se acepta.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Non a aceptamos, Sr. alcalde, moitas gracias.

A PRESIDENCIA: Solicitouse entón a votación separada dos dous puntos porque hai unha emenda a un. Sométense separadamente a votación os dous puntos.

*A presidencia somete a votación separadamente os dous puntos da moción.*

VOTACIÓN DO PRIMEIRO PUNTO DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, ACÓRDASE:

Que de xeito inmediato se poñan en marcha medidas correctoras de limpeza e mantemento, reforzando especialmente os medios para a eliminación de maleza naqueles viais onde se prexudique o tránsito dos peóns e a visibilidade dos condutores.

VOTACIÓN DO SEGUNDO PUNTO DA MOCIÓN.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar o segundo punto da moción co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (161).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO Ó GOBERNO A PROLONGACIÓN DA RÚA SANXENXO ATA O SEU ENTRONQUE COA AV. DE CASTELAO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xullo de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

"Na rúa Sanxenxo, nas inmediacións do Centro Comercial Alcampo en Coia, os veciños dos arredores veñen sufrindo os inconvenientes de que esta sexa unha vía en fondo de saco. Este feito agrávase polas numerosas retencións que se producen na rotonda de confluencia das rúas Castelao, Grove e Martín Echegaray, motivadas por constituír a rúa Cambados -perpendicular ao vial en cuestión- o acceso principal á devandita área.

Ademais, nestas datas de verán o problema acrecéntase pola cantidade de vehículos que escollen a rúa Castelao para os seus desprazamentos aos distintos areais da cidade.

Por estes motivos, dende o Grupo Municipal do Partido Popular, consideramos que sería desexable a prolongación da rúa Sanxenxo ata o seu entronque coa rúa Castelao, medida coa que se acadaría un dobre obxectivo.

Dunha banda, conseguiríase o acceso directo ás edificacións do contorno, sen necesidade de entrar pola rúa Cambados, e doutra contribuiríase a unha desconxestionamento do tráfico na rotonda de Castelao, na que en moitas ocasións so queda un carril libre de continuación como consecuencia dos vehículos que acceden ao Centro Comercial.

Diante destes antecedentes, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que tome o seguinte acordo:

Que o Goberno Municipal se dirixa aos diversos departamentos municipais que teñan competencias na medida proposta (Urbanismo, Vías e Obras, Tráfico...) para que se prolongue a rúa Sanxenxo ata o seu entronque coa Avenida de Castelao."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 21 de xuño de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Coma sempre esta moción vai en sentido positivo para poder solucionar algúns problemas que están a ter os veciños de Coia.

Xustamente na rúa Sanxenxo, nas inmediacións do centro comercial Alcampo de

Coia, os veciños da zona teñen un problema de base que é que a rúa Sanxenxo teña un fondo de saco. Este feito agrávase en moitas ocasións debido ás continuas confluencias coa rúa Castelao, Grove e Martín Echegaray.

Estas rúas teñen un grave problema e é que a mesma rotonda que conflúe con Alcampo fai un fondo de saco na zona que evita que o tráfico flúa con total nitidez. Ademais debido ó verán no que nos atopamos moitas persoas utilizan esta vía para acceder directamente ás praias da zona o que ocasiona que só quede un carril na devandita rotonda.

Dende o Grupo popular propónse que se prolongue a rúa Sanxenxo á altura da rúa Castelao, sempre coa debida humanización, para conxeniar o progreso no que a zona de Coia ten que estar inmersa como o resto da cidade. Digo isto porque Coia necesita esas humanizacións para poder conseguir que a súa situación sexa a mesma que a do centro e poder conxugar os vehículos coas zonas peonís.

Efectivamente con esta prolongación da rúa Sanxenxo obteremos dous beneficios: dar saída á propia rotonda evitando que teñan que pasar por diante da única entrada que ten o centro comercial Alcampo de Coia pola zona correspondente para acceder á rúa Sanxenxo e así evitar que se produzan atrancos sempre que os veciños teñan que acceder ás súas vivendas, sobre todo á hora de saída do traballo, efectivamente ás 3 e ás 8 se producen atrancos, retencións e mesmo colisións das que ningún veciño da zona está exento, mesmo algúns dos que utilizamos esa vía para acceder ás nosas vivendas noutros lugares tamén tivemos algún problema motivado polos atrancos que se producen na mesma rotonda. Tamén deixaría os carrís libres para poder circular todas as persoas que non van entrar a Alcampo nin á súa vivenda.

Por esta situación e sempre dende o punto de vista da humanización, igual que teñen no centro, solicítase dende este Grupo popular ó goberno municipal que se dirixa ós diversos departamentos municipais que teñan competencia na medida proposta: Urbanismo, Vías e Obras, Tráfico, para que se prolongue a rúa Sanxenxo ata o seu entroncamento coa avenida de Castelao.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Somos conscientes de que había un problema e baralláronse todas as posibilidades para o poder arranxar. Non nos pareceu o máis axeitado a prolongación dese vial porque habería que facer unha modificación

puntual do Plan Xeral, cousa que non estaba recollida antes nin se recolleu agora. Indicar tamén que hai que ter en conta que se elimina unha superficie considerable de zona verde, que se corta ese paseo que nos permite ir andando ata a zona dos volcáns, que xa está cortado en bastantes sitios e teríamos que buscar algunha alternativa de zona verde para esa parte da cidade.

Si estamos traballando con Parques e Xardíns e con Mobilidade e Seguridade e temos deseñada a separación do tráfico que vai á rúa Sanxenxo do que se vai achegar ó aparcadoiro de Alcampo para evitaren as retencións en hora punta na rotonda de Castelao ó mesmo tempo que mellora a seguridade; tamén se está deseñando un plan peonil que mellore os novos accesos para que sexan máis seguros.

Polo tanto imos votarlle en contra desa moción porque coidamos que a solución que estamos buscando dende Parques e Xardíns e Mobilidade e Seguridade é mellor alternativa sen ter que romper con esa zona verde dá á avenida de Castelao.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Que o seu grupo vote en contra desta moción considero que é impedir que Coia se engada ás humanizacións que se están realizando en toda a cidade. Efectivamente, como vostede indica, córtase a zona verde da avenida de Castelao, pero non só esa zona, córtase tamén noutras moitas para dar servizos a moitas vivendas das que estamos nestes momentos falando.

Vostede indícame que se van realizar numerosos cortes, prolongacións ou modificacións ó tráfico, pero teña vostede en conta, Sra. Abelairas, que realmente a única entrada que hai para poder acceder dende Vigo sen pasar pola rúa O Grove, Vilagarcía, Estrada e Sanxenxo é a rúa Cambados. Esa é a única vía pola que se pode acceder ós edificios sen ter que rodear Alcampo. Ademais Alcampo só ten unha entrada, calquera circunstancia que poida englobar unha modificación do tráfico sempre pasa pola mesma situación que é a entrada pola rúa Cambados.

Vostede indícame que esa modificación podería dalgún xeito solventar o tema derivado do atranco producido na praza da rúa Castelao; o que digo é que aínda que aí se poidan modificar as circunstancias dos atrancos, o único que se fai é aliviar a rúa Castelao trasladando a problemática a outro lugar que pode ser á rúa O Grove onde se atopa un semáforo na saída de Alcampo, á rúa Estrada que ven dar subida á rúa Raposa con referencia á subida de Bouzas, e a rúa Vilagarcía que é

a única que tería entrada para poder dar servizos ós edificios correspondentes.

Eu pídolles que sexan consecuentes co que se está facendo nesta cidade e non deixen Coia á marxe de toda esta situación no sentido, Sra. Abelairas, de que o corte da zona axardinada non sería moito tramo. Eu estiven alí, como pode maxinar, e vin concretamente o tramo onde dalgún xeito se tería que quitar a zona axardinada e non é moito. Non só iso, senón que o feito de humanización suporía o mellor un enriquecemento para esa zona e que os cidadáns da zona de Coia soubesen realmente que xa está chegando a eles esta situación.

Así que realmente, Sra. Abelairas, o que lle pediría por favor é que teña rigor nesta situación. Vostede fálame de que ten que haber modificacións do Plan, pois xa as vai haber porque, segundo indicounos o Sr. alcalde, vai haber modificacións pola rúa Bembrive, na zona de Bouzas, a entrada do AVE.

Por conseguinte nada impide que haxa unha modificación máis que beneficie ós cidadáns porque maxino que vostede iría pola zona e vería que moitas das persoas que alí se atopan requiren esta situación porque todas teñen unha problemática, que cando teñen que ir directamente ás súas vivendas atópanse, non só coa posibilidade de seren vítimas dun accidente, senón cos pertinentes atrancos en horas punta.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Non me confunda o que son as humanizacións, permítame o símil, con lle meter unha navallada transversal ó paseo de Castelao; iso si que non sería humanización.

Estamos coas humanizacións e de feito toda a beirarrúa da avenida de Castelao ímola arranxar ata o final e non só iso, senón que tamén ó final, logo do colexio "Amor de Dios" tamén para que a xente poida ir andando.

Trátase de que haxa máis zonas peonís, de lles facilitar a vida ós cidadáns para que poidan seguir paseando pola avenida de Castelao. Iso sería humanización, se a temos que cortar pola metade xa non sería humanización porque habería que se parar, poñer un semáforo e ían estar entrando os coches.

O Alcampo ten dúas entradas (eu utilizo moito esa zona) e por iso lle dixen e repito que dende Tráfico e Seguridade se deseñou a separación do tráfico que vai cara á rúa Sanxenxo co que se vai incorporar ó aparcadoiro para evitaren as retencións da zona de Castelao. Ó mesmo tempo estamos mellorando a seguridade dos peóns

nos accesos, tanto ó Alcampo como á avenida de Castelao.

Repito de novo que non confunda o que son as humanizacións porque entón si que estaríamos a falar doutra cousa. Iso non sería unha humanización, sería atravesar a avenida pola metade incumprindo o que temos que facer que é priorizar a vida dos cidadáns e sobre todo nunha zona por onde, terá que recoñecer comigo, pasan milleiros de persoas andando e paseando cos carriños e que xa está bastante cortada, precisamente para facilitar o acceso a vivendas de Coia.

Iso non sería imprescindible, por iso lle imos votar en contra.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Para rematar tan só indicar, Sra. Abelairas, sinto dicirlle que Alcampo só ten unha entrada pola rúa Cambados, as demais son saídas, lévoos utilizando dende que era moi pequeno. O que lle digo é que a humanización depende de que poidan circular e convivir os vehículos coas persoas e o que non podemos ver só é un feito puntual relacionado coas persoas que non se lles impediría circular polo carril bici, estamos falando de que deamos servizos a todos os cidadáns.

(Está ausente a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, solicitando ó goberno a prolongación da rúa Sanxenxo ata o seu entronque coa Avda. de Castelao, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (162).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A EXECUCIÓN DO

## SANEAMENTO DE BEMBRIVE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xullo de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, formula a seguinte moción:

"Existe en Bembrive un total de 30 vivendas nun contorno sen urbanizar pero ó mesmo tempo consolidado desde hai moitos anos, que non dispoñen de saneamento, tendo que recoller os verquidos en fosas sépticas.

Entendendo que no Departamento de Servizos Xerais do Concello existe a información técnica disposta por Aqualia sobre o problema que estamos a falar e que asumir o custo da execución da obra, presupostada entorno aos 254.186,37 euros, non supón ningún quebranto para as arcas municipais, consideramos que deberían acometerse os traballos canto antes.

Falando como estamos a falar dun contorno residencial, tanto con novas construcións como con viais próximos, máis ou menos recentes, debemos ofrecer e dotar a cidade dos servizos básicos de primeira necesidade para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños.

Por todo isto o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

"Instar ao Goberno Municipal a executar o saneamento de Bembrive, co fin de permitir os verquidos das vivendas alí existentes, directamente á rede xeral de saneamento, eliminando as fosas séptica actuais."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 21 de xuño, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COMESAÑA ABALDE: Trátase de rematar o saneamento na parroquia de Bembrive, restan trinta vivendas que quedaron illadas é o que se lle pide ó goberno municipal é que se acometan esas obras porque tampouco é un grande orzamento, estamos falando de 254.000 euros. Con iso quedaría pechado o saneamento na parroquia de Bembrive.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Quero empezar como o fixo o Sr. Figueroa na súa intervención que cando tomou a palabra neste Pleno dixo que a historia está aí, despois dun ano ímonos decatando e o tempo pon a cada un no seu sitio. A min

esta última frase me resulta especialmente atractiva.

Como xa imos aprendendo e nos imos decatando, resulta que collemos a prensa e lemos: "A alcaldesa acompañada dos concelleiros de Medio Ambiente e Vías e Obras realizou onte un balance da súa xestión na materia". Está falando concretamente de abastecemento e di: "No caso de saneamento as parroquias máis beneficiadas foron as de Valladares, Bembrive, Beade e Cabral". Isto dio o 16 de xaneiro de 2007. O 20 de xaneiro dende a Consellería de Política Territorial dinlle que "Subsane as deficiencias relativas ó saneamento e ó abastecemento" cando está falando do PXOM. Ó mesmo tempo o Sr. Figueroa explica que rematarán o Plan Director de Saneamento en todo o municipio, que esa é a estrela do Partido Popular.

Seguimos falando do saneamento que vostedes dicían que era a súa prioridade e ademais din: "O Concello logra que todas as casas de Vigo teñan saneamento". Isto foi o 16 de xaneiro.

Resulta que vou buscar e penso que se o 16 de xaneiro todas as casas de Vigo teñen saneamento, como en marzo aparecen na parroquia de Bembrive detectados todos os puntos onde non hai saneamento e non son trinta casas, son trinta e cinco casas as que están en Bembrive sen saneamento.

Nós levamos 1.500.000 euros en saneamento neste orzamento. Vostedes non se decataron, falaban moito do Plan Parroquias pero deixaron 176 casas sen saneamento, pero teñen a desvergoña de dicir que en Bembrive estaba todo feito e son 35 vivendas, en Valladares (nomeo estas tres porque son sobre as que vostedes fan declaracións na prensa) 12 sen saneamento e en Beade 2.

De momento arranxamos temas que vostedes deixaron sen facer tanto en Cabral como Candeán. Saben perfectamente, e o Sr. Comesaña mellor ca ninguén, que puideron facer e non fixeron en Bembrive a negociación coas persoas que non deixaban pasar o saneamento. Esquecéronse que alí hai unha cooperativa privada de saneamento e que hai veciños que non se quixeron conectar á rede. Deben saber que nós estamos facendo as negociacións para recibir ese saneamento privado.

Hai barrios que están sen conectar nos que hai que facer unha estación de bombeo, que vostedes non fixeron e nós imos facer. Tamén saben ou deberían saber que hai canalizacións que invaden as propiedades privadas, pero hai un



problema e cando xorde un problema o concelleiro responsable do momento teno que tentar solucionar e hai que tentar convencer e negociar coas persoas que se senten afectadas para que se poida acometer unha obra que vai en beneficio de todos en detrimento duns poucos. Se por algo nos caracterizamos nós precisamente é por acometer o saneamento, investir cartos onde non se ven e darlle o servizo precisamente a aquelas persoas que están máis lonxe do centro da cidade e que o precisan.

Ímoslle votar que si a esa moción no convencemento de que nós imos facer o que vostedes non foron quen de facer.

SR. COMESAÑA ABALDE: Vai ben porque o aceptan, pero vostede non dixo toda a verdade e as verdades a medias son mentiras ou medias verdades, como lles queira chamar.

Efectivamente no mes de marzo mandamos facer un proxecto para iren rematando todas as parroquias, proxecto que non se levou a piques porque non había orzamento e había unha partida de 2.000.000 euros das acometidas que lles quedaron a vostede para facer e máis outras cousas que lle deixamos nas demais parroquias e non as fixeron aínda que xa pasou un ano.

Con respecto a esa comunidade da que vostede me fala téñolle que dicir que se fixo nos tempos do seu compañeiro don Uxío González, non me tocaba a min negociar iso, mala sorte, a min tocoume darlle 3.000.000 de pesetas daquela cando era presidente da Entidade para esa comunidade, mire que casualidade. Negociáronse con todos os veciños todos aqueles pasos dende a Entidade que non dende o Concello e sendo presidente Carlos Comesaña. É o que hai pero como nos van votar a favor dámonos por satisfeitos.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: 1 de xaneiro: "O Concello logra que todas as casas de Vigo teñan saneamento". Dio aquí, vostedes son os que sacan os titulares dos xornais e crenos ó pé da letra. Non fale do proxecto. Acábolle de demostrar que en Bembrive non son 30 que son 35, que deixaron en San Xoán Poulo 10, que deixaron 30 en Candeán, deixaron 36 en Coruxo, 12 en Valladares, 22 na zona da Mimosa, 3 en Lavadores, 21 no camiño de Cascalleira na Baixada ás Roteas en Teis e deixaron 5 en San Paio de Navia en Muíños. Son moitas as suficientes para que nós as

teñamos que facer.

Sr. Comesaña, vostede di que me deixou 2.000.000 de euros. Pois me acabo de lembrar agora mesmo que desas partidas que deixou vostede e coas tivo que facer auténtico encaixe de palillos a concelleira de Facenda mire cantos cartos quedaron que tivemos que pagar o alumado de Nadal de dous anos anteriores e 3.000.000 euros de obras. Eses cartos saíron de Vías e Obras.

Nós si que o estamos facendo e de feito estamos preparando o expediente para recibir ese abastecemento, sabemos perfectamente onde está cada un dos problemas e estámonos reunindo cos veciños e co representante do Partido Socialista en Bembrive para tentar arranxar o que vostedes non foron quen de facer e que a "bombo e prato" anunciaron en xaneiro que todo estaba resolto.

Remato a intervención. Sr. Figueroa. Co alcalde pedáneo tamén falamos porque somos respectuosos coas institucións, pero somos nós dende o goberno quen marcamos as prioridades e non é máis importante o alcalde pedáneo que os veciños de Bembrive.

SR. COMESAÑA ABALDE: Quérolle lembrar á Sra. Abelairas que o representante legal en Bembrive chámase Benito Pérez, elixido nas urnas o 27 de maio de 2007 polo Partido Popular, por se queda dúbida.

Non puido gastar vostede os 2.000.000 de euros que lle quedaron alí en nada porque son para saneamento que é a liquidación de Emavisa. Todos pasamos por alí e non veña dicindo cousas que non son certas, non imos entrar en polémica pero é así, pensou que me ía coller nun renuncio, que me esquecerá? Ando bastante ben de memoria.

Agora imos dar isto por rematado pero, por alusións, Sr. Alcalde, gustaríame contestar á Sra. Díaz.

A PRESIDENCIA: Sr. Comesaña, a Sra. Díaz non interveu, tiña que ter pedido vostede alusións nese momento do debate, coido que non procede. En todo caso non houbo alusións, houbo un debate político sobre árbores.

SR. COMESAÑA ABALDE: Pero estamos nun bo diálogo e son sinxelamente dúas palabras.

A PRESIDENCIA: Coido que non é procedente pero, en fin.

SR. COMESAÑA ABALDE: Agradézollo, gracias. Que me diga cantas árbores sacamos nas humanizacións que fixemos, en que rúas e a cantidade.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, instando a execución do saneamento da parroquia de Bembrive, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

#### 14.- (163).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO UNHA ALTERNATIVA ÓS SERVIZOS PRESTADOS POLA CASA DE ACOLLIDA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xullo de 2008, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

“A Casa de Acollida de Vigo vén de ser referente da atención ás mulleres vítimas da violencia de xénero en Galicia. Hai xa 17 anos que o Concello de Vigo presta este servizo, moi valorado tanto polas mulleres e os seus fillos alí atendidos, como pola sociedade viguesa en xeral.

Sen embargo, a concelleira da Muller logo de convocar o concurso para a xestión da Casa de Acollida decide, repentinamente, o peche deste servizo de xeito definitivo, deixando na rúa a 16 traballadoras.

A concelleira da Muller vén de afirmar a través dos medios de comunicación que o peche se debe a que “as cuestións de violencia de xénero veñen de evolucionar dende o punto de vista social e lexislativo” e que trata de artellar unha nova “rede de acollida” reconvertendo a Casa de Acollida nun Centro de Emerxencia.

Pero se as explicacións da Concelleira atenden á súa verdadeira vontade, non se entende por que a primeiros de ano convoca un concurso para a xestión da Casa de Acollida e meses despois decide desmantelala.

Esta situación deixa a moitas mulleres desprotexidas, xa que logo, ata dentro de 3 meses non estará dispoñible o centro de emerxencia e dos tres pisos cedidos pola Consellería de vivenda para este colectivo -mercede a un convenio asinado durante o anterior mandato- so un está dispoñible.

O GM do PP cre que estes feitos obedecen á ausencia dun proxecto claro en canto á atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero no goberno local e esta brusca decisión só pode ser entendida coma unha improvisación que afecta moi negativamente á calidade dos servizos que ata o de agora prestaba o Concello a este colectivo tan vulnerable.

Así, o GM do PP propón ao Pleno da Corporación Municipal de Vigo, que tome o acordo que segue:

1.- Que o Goberno municipal ofrezca unha alternativa real e inmediata para que o servizo prestado pola Casa de Acollida siga a seren efectivo mentres non se elabora e presenta ao Pleno unha alternativa clara dentro dun proxecto global de atención ás mulleres vítimas de malos tratos.

2.- Que a esta alternativa se incorporen as dezaseis mulleres que a concellería da muller vén de deixar sen traballo."

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: En primeiro lugar quero felicitar publicamente, como xa fixen en privado, á concelleira de Igualdade polo recente nacemento do seu fillo e lamentar que estea hoxe aquí, sobre todo se é pola miña culpa pero a moción presentouse o 30 de xuño con carácter urxente e foi este goberno quen a rexeitou. Polo tanto nos mesmos termos nos que se presentou o 30 de xuño como moción urxente, o mesmo día que se pechaba a Casa de Acollida, preséntase hoxe a este Pleno do mes de xullo.

O 10 de xuño a concelleira de Igualdade anuncia en rolda de prensa que se pecha a Casa de Acollida e que se substituirá por un centro de emerxencia. Esta nova cóllenos a todos por sorpresa porque precisamente o 9 de xuño resolvíase un concurso posto en marcha por ese goberno polo que se sacaba a concurso esa Casa de Acollida nos mesmos termos que catro anos antes.

Creemos que esa rolda de prensa estaba chea de incongruencias posto que non se dicía, en primeiro lugar, que este cambio de modalidade respondía a que quedaba precisamente deserto en Xunta de Goberno un día antes, o 9 de xuño, esa adxudicación e, en segundo lugar, na propia rolda de prensa se facía un tipo de argumentación que era que cambiaran as circunstancias, que semellaba que todo respondía a unha planificación e a unha previsión. Pero isto era falso porque en

todo momento non se poñía de manifesto que durante nove meses este goberno perdera o tempo sacando a concurso algo que non coidaba que ía estar en funcionamento e que tiña previsto outro plan. Pero ademais sorprendéronos as declaracións, dende o noso punto de vista pouco afortunadas, da concelleira de Igualdade cando se refería ó gasto da Casa de Acollida, 325.000 euros, como un gasto pouco eficiente e así recollérono os distintos medios de comunicación.

Cremos que é un erro falar de gasto pouco eficiente cando se está a falar de mulleres vítimas de violencia de xénero e sobre todo por un goberno que non escatima gastos en conceptos como son 226 e 227 de publicidade e asistencia técnicas, cando a este mesmo Pleno se trouxo unha modificación de crédito, a novena deste exercicio, para pasar precisamente gastos de investimento a gastos de publicidade e asistencia técnicas que non imos criticar pero que nos parece pouco afortunado.

Ademais o 27 de xuño sae nos medios de comunicación algo que nos parece grave que é a entrevista a unha vítima de violencia de xénero dicindo que non ten onde acudir. Ante esta nova do 27 de xuño, venres anterior ó Pleno do 30 de xuño, dende o Partido Popular preparamos esta moción para que neste Pleno se debatese este asunto que nos parece prioritario: atender ás vítimas de violencia de xénero e sobre todo cando unha vítima sae nos medios de comunicación expoñendo a súa vida. Pareceunos preocupante e presentamos con carácter de urxencia esta moción para debater o día 30 e foi insólito que unha moción urxente dun tema coma este non se debatese neste Pleno porque o goberno non quixo.

Sen embargo o día 30 de xuño a concelleira de Igualdade sabendo que probablemente ía estar proximamente de baixa por maternidade, no mes de xuño negouse a debater este tema en Pleno para dar unha explicación á oposición e á cidadanía. Pero o que non lle parecía urxente o 30 si llo pareceu o 3 de xullo para dar unha rolda de prensa ós medios de comunicación, iso si unha rolda de prensa á que o Partido Popular non podía contestar. Non quere debate pero si convoca unha rolda de prensa o 3 de xullo na que tamén, segundo se recolle nos medios de comunicación, fala dunha alternativa diferente á que se dera ata o momento que era a substitución da Casa de Acollida por un centro de emerxencia sen definir e de tres pisos de saída. Nesta rolda de prensa di: “Xa hai mulleres que están utilizando este recurso pero o que non vou facer é dicir o enderezo dos hostais, as residencias

ou pisos por puro exercicio de responsabilidade, algo que outras parece non ter". Maxino a que se refire ó exercicio de responsabilidade non o teño eu pero lle podo asegurar que o teño e bastante desenvolvido, xa me gustaría telo menos.

Vostede fala desta alternativa da que ata o momento non falara e non só nos medios de comunicación, senón tampouco dirixíndose a outra administración como a Deputación provincial que, como todos sabemos, ata ese momento estaba tamén servindo de apoio financeiro da Casa de Acollida posto que esta daba saída non só ás vítimas de violencia de xénero da cidade de Vigo, senón tamén ás de toda a provincia de Pontevedra e ese gasto era por conta da Deputación provincial.

O 20 de xullo, dez días antes de pecharse, comunícase á Deputación provincial mediante escrito o peche da Casa de Acollida e a súa substitución por un centro de emerxencia e pisos de saída. En ningún momento se fala dunha saída transitoria ata que ese centro de emerxencia estea en marcha e dálle dez días ó resto de concellos para que se busquen a vida para solucionar este problema, para dar unha alternativa socio-sanitaria ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Sen embargo, á concelleira de Igualdade e a este goberno non lles pareceu urxente debater esta moción o día 30 en que se pechaba a Casa, pero si lle pareceu urxente para o tratar no Consello Municipal da Muller o 14 de xullo nunha sesión extraordinaria. Non entendemos como, se non podía ser tratada como unha moción urxente porque non había motivos de urxencia para a tratar no Pleno, para facer un debate tranquilo, sosegado e construtivo, si lle parecía axeitado convocar o Consello Municipal da Muller, no mesmo día, na mesma data e practicamente á mesma hora na que a súa compañeira de goberno, a responsable de Artes e Oficios, convocara precisamente unha reunión de Artes e Oficios sendo ela unha das representantes polo Partido Socialista nese Consello municipal.

O 18 de xullo segue a ser nova este tema e vólvese reflectir nos medios de comunicación que "As mulleres maltratadas buscan refuxio nos Misioneiros de Teis ó careceren dun centro" e hai declaracións nas que o propio responsable deste centro di que está recibindo a mulleres con esta temática e poñendo en dúbida a seguridade.

Diante desta situación, logo de asistir a ese Consello municipal no que logo de horas de debate a concelleira de Igualdade comprométese a ter en marcha ese centro de emerxencia no mes de setembro pero dicíndonos que non se iniciou

ningún expediente e sen saber se vai ser unha contratación externa, con recursos propios, é dicir, con oferta de emprego público. Reiteramos o que eu mesma dixen nese Consello, que non cremos que por parte do goberno un procedemento administrativo como o de sacar a concurso a Casa de Acollida, que a propia concelleira neste Consello recoñeceu que tardara nove meses; iso si, botoulle a culpa a Patrimonio e Contratación que non sei se o leva o Sr. Font ou a Sra. Díaz, pero dende logo non un representante do BNG. Iso a min dáme igual e díxeno alí, é este goberno, é responsable o alcalde e se un procedemento administrativo que tarda nove meses, hoxe vimos neste Pleno que o concurso de socorrismo tardou máis de nove meses e fíxose por emerxencia. Decía a Sra. Lago que era un procedemento de emerxencia e polo tanto, agás que lle vaia copiar á súa compañeira que espero que non o faga, invítolle a que non fale coa Sra. Díaz se ela lle vai aconsellar unha tramitación de emerxencia para tramitar un expediente coma este. Claro que é urxente, claro que é prioritario que as mulleres vítimas de violencia teñan recursos, pero unha tramitación de emerxencia non ven ó caso como tampouco viña co concurso do socorrismo.

Polo tanto nós seguimos preocupados porque cremos que se en nove meses non se resolveu un procedemento, noutros moitos casos de contratacións administrativas non se resolven en menos de seis meses, temos serias dúbidas, e ogallá erremos porque o importante son as vítimas de violencia de xénero, de que en dous meses e co mes de agosto polo medio que o mes de setembro vaia estar un centro de emerxencia en marcha, repito que temos serias dúbidas para crer que en mes e medio pode estar en marcha un procedemento que aínda non se iniciou.

De todos os xeitos non ten importancia que se chame centro de emerxencia ou casa de acollida, o importante é o contido, que se quere facer, que se quere establecer. Cremos que neste momento estamos nun período no que as cousas non están claras, non sabemos como se está tratando ás mulleres vítimas de violencia, con que persoal, en que lugares e realmente non digo físicos, senón en que tipo de contratación administrativa porque o preguntamos e non nos deron contestación.

Polo tanto seguimos tendo como prioritario este tema, séguenos preocupando e precisamente facendo o exercicio de responsabilidade que dende a oposición debemos facer, presentamos esta moción en Pleno para o seu debate.

A PRESIDENCIA: Polo goberno ten a palabra a concelleira de Igualdade, Sra. Veloso. Antes estou seguro de que transmito o sentimento de todo o Pleno na felicitación pola súa maternidade e o meu propio recoñecemento por suspender a súa baixa maternal para participar neste debate.

SRA. VELOSO RIOS: Moitas gracias, Sr. Alcalde, e gracias tamén en primeiro lugar polas felicitacións que estou recibindo, como explicaba a Sra. Molares, moitas delas xa as recibín en privado e agora publicamente e o primeiro que quero facer e agradecerlo e indicar que estando mesmo de permiso de maternidade evidentemente teño unha responsabilidades de goberno ás que teño que facer fronte. Por iso hoxe estou aquí, porque quería contestar a esas mocións presentadas polo Grupo Popular malia a recomendación explícita da concelleira Molares de que gozara do meu permiso de maternidade.

Esta cuestión ademais é especialmente delicada e niso estamos todos de acordo. Precisamente por iso lamento moito moitas das cousas que se estiveron dicindo nos medios de comunicación e que sementaron a dúbida sobre a atención que reciben as mulleres da nosa cidade deste concello, as mulleres vítimas de violencia de xénero e todas as mulleres que se achegan ós servizos que ofrece o Concello de Vigo tanto na oficina de Igualdade no Concello como no Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. Laméntoo porque cuestionar a atención ás mulleres prexudica sobre todo ás mulleres que a precisan. Isto xa o dixen tamén no Consello Municipal da Muller, como puido escoitar a Sra. Molares.

Eu pónome na pel dunha muller que estea sufrindo malos tratos hoxe en día na nosa cidade e realmente estaríame preguntando onde ir segundo o que vexo nos medios de comunicación, efectivamente, cando o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller segue a traballar exactamente igual de ben que o leva facendo durante anos.

Non hai que esquecer que o CMIDM de Vigo é un referente en Galicia e tamén o é no Estado. As mulleres que levan anos traballando pola igualdade e no apoio ás mulleres vítimas da violencia de xénero na nosa cidade saben perfectamente que, cos erros que todas podemos cometer evidentemente, o CMIDM está composto por un equipo de profesionais que poden presumir de seren realmente persoas sensibilizadas, cunha capacidade de traballo enorme e cunha grande capacidade



ademais para atender ás mulleres que se achegan ó noso centro para solicitar información ou axuda en situacións en ocasións realmente terribles e desgraciadas. A atención está garantida independentemente dos debates políticos. Quero lembrar que na rolda de prensa na que eu presentei a nova alternativa de servizo de acollida á Casa de Acollida que estaba funcionando ata agora, estaba acompañada de dúas profesionais do CMIDM que viñan tamén dar o punto de vista técnico, porque isto non é só unha idea que poida ter a persoa que ocupa o cargo político, senón que está traballada e apoiada polo equipo técnico da concellería. Estaban comigo a psicóloga e a avogada do CMIDM que estaban para dar as explicacións que se considerasen oportunas sobre o proxecto que estabamos a presentar.

Ademais no caso da Sra. Molares que foi concelleira de Igualdade e de Muller durante tres anos e medio e traballou cúbado a cúbado coas traballadoras da concellería e do CMIDM e realmente cuestionar como cuestionou o seu traballo e poñelo na picota non me parece que sexa propia dunha persoa que traballou con elas, non sei se ó mellor cabería unha desculpa ás traballadoras do CMIDM e ás da Concellería e Igualdade porque demostran cada día a súa capacidade para atender ás mulleres da nosa cidade. Por isto tamén no Consello Municipal da Muller a primeira intervención que houbo non foi miña, senón que foi das profesionais do centro para explicar como se estaba levando a cabo todo este proceso.

Polo tanto quero insistir en que a atención ás mulleres está garantida, estivo garantida en todo momento, todas as mulleres que se achegaron ó CMIDM solicitando axuda recibírona como sempre, a axuda máis axeitada segundo o criterio das profesionais que traballan no CMIDM e ese un criterio técnico, non é de meu, eu non digo o que hai que facer co cada muller que se achega ó CMIDM, son elas.

Ademais de dicir falsidades sobre o traballo das profesionais do CMIDM e da Concellería de Igualdade estase manipulando mesmo a mulleres que están en situacións moi desgraciadas, vítimas de malos tratos e aproveitándose da súa situación para sacar, non sei se se lle pode chamar rendemento político porque eu non entendo que se lle poida sacar rendemento político a unha situación coma esta, pero paréceme que caemos baixo cando chegamos a estes casos.

Eu non podo nin vou entrar, só fallaba, a falar de casos concretos, de mulleres concretas que se atenderon e que están sendo atendidas polo CMIDM, porque hai

mulleres que están sendo atendidas, que están recibindo digamos que orientacións pouco axeitadas, pero que están recibindo atención por parte do CMIDM porque esa é a nosa obriga. Eu non vou entrar por unha cuestión, primeiro de respecto e, segundo, de confidencialidade porque cada muller que chega ó CMIDM solicitando axuda ten garantida a confidencialidade, así que eu non vou entrar a comentar o caso de ningunha muller que saia nos medios ou que particularmente comente a súa situación.

Por suposto que está no seu dereito a dicir e a criticar todo o que queira e todas as críticas que estean baseadas en realidade estamos dispostos a asumilas dende a nosa concellería, pero eu non vou entrar aí e non entendo ademais como alguén é quen de entrar.

Iso sobre a situación en xeral que se está producindo que me parece realmente pouco construtiva. Falábase de que se quería un debate tranquilo, sosegado e construtivo pero me parece que dende logo o que se buscaba o 30 de xuño e o que se busca coas declaracións ós medios de comunicación é calquera cousa menos un debate tranquilo, sosegado e construtivo porque iso se fai doutra maneira e non como se está a facer.

En primeiro lugar o que quería era lamentar esta situación e asegurar que á atención ás mulleres na nosa cidade está completamente garantida.

Falando do proceso do peche da Casa de Acollida, efectivamente eu expliquei, unha vez que se declarou deserto o concurso, porque antes non podía anunciar esa decisión porque non estaba aínda tomada polo goberno, expliquei que a Casa de Acollida ía ser substituída por un servizo de acollida distinto, unha rede de acollemento formada por un centro de emerxencia para mulleres vítimas de malos tratos e por tres pisos de saída. Sempre expliquei iso, sempre o mesmo, non falei primeiro dunha alternativa e logo doutra, en ningún momento cambiei o discurso sobre a alternativa e segue a ser o mesmo: a Casa de Acollida vai seren substituída por un centro de emerxencia para mulleres vítimas de malos tratos e por tres pisos de saída.

Se logo de dezasete anos de funcionar a Casa de Acollida non podemos parármonos en pensar, non podemos analizar cal é o funcionamento dun servizo coma este e non podemos cambiar nada, mala cousa. O que temos moi claro é que o BNG é unha forza transformadora, non estamos para xestionar os cartos públicos

evitando conflitos ou comprando vontades. Nós estamos para cambiar, para mellorar as cousas.

En dezasete anos cambiaron moitas cousas tanto dende o punto de vista lexislativo como social e cómpre pararse a analizar os servizos que estamos prestando para ver se realmente cobren as necesidades das mulleres da nosa cidade ou non.

Non somos só aquí en Vigo as que coidamos que a Casa de Acollida tal e como estaba funcionando non cubría as necesidades das mulleres, este é un proceso de transformación que se está dando en toda Galicia e en todo o Estado. Temos exemplos que tamén foron moi criticados no seu momento como o da Casa Malva do Principado de Asturias e agora é un exemplo para todo o Estado; temos o caso de Santiago onde hai dous anos que non hai Casa de Acollida e vaise abrir un centro de tratamento integral das vítimas de violencia de xénero. Trátase de buscar alternativas acoidas á situación actual das mulleres que non ten por que seguir sendo a mesma solución ano tras ano dunha Casa de Acollida, levamos dezasete anos con esa Casa de Acollida.

Isto non é algo que se me ocorrese a min o 9 de xuño ó saíren da Xunta de Goberno, que dixera eu de cambiar o da Casa de Acollida, non. Por exemplo, se se ve o prego de condicións do concurso para o contrato da xestión, verase que se contrataba a xestión da Casa de Acollida nada máis que por un ano porque xa tiñamos en mente dende o principio do mandato cambiar ese servizo, porque xa sabiamos dende o principio que non estaba atendendo a moitas mulleres desta cidade que o precisaban no caso de sufrir malos tratos.

Contratábase durante un ano e si é certo que o proceso de contratación da xestión da Casa de Acollida prolongouse durante moitos meses; durante eses meses non estivemos perdendo o tempo, estivemos analizando as posibles alternativas, tamén pasaron á propiedade do Concello os pisos de saída que xa coñece a Sra. Molares, contabamos con novos recursos e podiamos preparar unha nova rede de acollemento que poderíamos poñer en marcha, en pouco tempo. Durante eses meses fomos preparando todo iso.

Evidentemente que se imos situar un centro de emerxencia no mesmo lugar onde estaba a Casa de Acollida precísase un período mínimo de transición para acomodar ese edificio ó novo servizo que se vai constituír alí; para ese período de transición que sabiamos que se ía dar, tamén tiñamos previstas as distintas saídas

e opcións para atender ás mulleres vítimas de malos tratos. Durante todo o ano estivemos preparando este proceso de cambio.

Se non se cre a oposición que se vai poñer en marcha, tampouco cre que as mulleres estean atendidas. As mulleres están atendidas e a propia avogada do CMIDM dixo claramente que estaban atendendo e que tiñan alternativas para as mulleres pero que non as podían revelar, que preferían que se lles cuestionara antes de dar unha información que non poden dar porque poría en perigo a seguridade das mulleres. Se a oposición non o cre pois pode utilizar como queira esa convicción, para min non é unha cuestión de fe. Agora iso si, o resto dos colectivos que forman parte do Consello Municipal da Muller, que traballan con mulleres vítimas de malos tratos, ratificaron que polo que sabían, polo contacto que teñen directamente con mulleres vítimas de malos tratos, o CMIDM segue a cubrir perfectamente as súas necesidades.

Se se dixo que era un gasto pouco eficiente, efectivamente. Se contamos con que a xestión da Casa de Acollida ascende a unha partida de 325.000 euros, ademais dos custos de mantemento da Casa, que atendemos a 24 mulleres e deixamos fóra a moitas mulleres que precisan un servizo que non teñen, semella que estes 325.000 euros se poden utilizar mellor.

Non se trata de utilizar menos cartos para atender ás mulleres, trátase de utilizar mellor os cartos, de analizar o que se está a facer e buscar a mellor maneira de utilizar os cartos para atender a cantas máis mulleres mellor. Evidentemente que se mantemos as cousas tal e como están para evitaren conflitos, tal e como se fixo anteriormente, o contrato anterior foi de dous anos, prorrogouse dous anos máis, non se estudou en ningún momento a posibilidade de modificar o servizo para atender mellor ás mulleres, evitamos moitos conflitos, por suposto, porque semella que sempre hai alguén disposto a sacar rendemento a que se fagan transformacións, cambios ou se tenten mellorar as cousas, pero nós non estamos aquí para evitaren conflitos.

Non vou deixar de facer políticas de igualdade reais para a situación real das mulleres da cidade polo que se poida sacar nos medios de comunicación, contando ademais cousas que non se corresponden en absoluto coa realidade. Pensamos ademais que as administracións públicas teñen que asumir este tipo de servizos porque son tan fundamentais que non se poden deixar fóra do control das

administracións públicas que, por suposto, teñen que asumir ese servizo.

Iso quere dicir que nós imos utilizar todos os mecanismos administrativos que poidamos e que sexan máis acidos en cada momento para poder xestionar directamente este servizo e iren á súa municipalización porque pensamos que é a única maneira de garantir que ó fin e ó cabo o Concello que é o último responsable sempre do que pase nun servizo municipal, poida controlalo e xestionalo directamente.

Efectivamente no Pleno do mes pasado dixen que se podía presentar unha moción dentro da orde do día porque pensaba que era o que conviña para un tema coma este; presentouse, quizais habería que lle dar unha volta á moción porque non se corresponde demasiado co que expuxo a concelleira, pero hoxe estamos debatendo ademais dun xeito moito máis tranquilo, sosegado e construtivo como pedía a concelleira.

Sigamos co debate pero en calquera caso o que quero é aclarar esas dúas cuestións: as mulleres están sendo atendidas, o centro de emerxencia e os tres pisos forman parte dunha rede de acollemento que está perfectamente clara e programada dende a Concellería. Esas dúas cuestións son fundamentais e non se trata dunha cuestión de fe.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Con respecto a este tema coido que chegou o momento real de recibir unha información clara. Sinto non poder estar no Consello Municipal da Muller para estaren ó tanto ou mellor informada, pero logo de escoitar as intervencións creo que o máis axeitado é dicir que tal vez a confusión mediática do momento fixo que o cidadán non teña claro como está esta situación. Considero que é moi importante informar axeitadamente á cidadanía do servizo que actualmente se presta para que as mulleres vítimas de malos tratos non deixen de se achegar ó Concello de Vigo para seren atendidas porque loxicamente a impresión que calquera muller pode ter a través da prensa, xa non o precisando pero máis se o necesita é de non estar para se achegar ó Concello.

Considero esencial que esa información que acabamos de recibir se dea a través dos medios para que saiban en todo momento que poden recibir a atención que precisan.

SRA. MOLARES PÉREZ: A Sra. Veloso di que hoxe facemos un debate tranquilo e sosegado e que o día 30 de xuño non o podíamos facer. Dubídoo, eu estaba na mesma disposición ca hoxe e o que non lle vou consentir é que me solicite que lles pida perdón ás técnicas coas que traballei e que ademais incorrín en falsidades ou manipulacións. Non lle vou consentir porque exerzo a política con responsabilidade e a irresponsabilidade sería, por quedar ben, non traer a este Pleno unha moción cun tema que coido non está solventado. Precisamente o que creo é que é este Pleno o lugar onde vostede, concelleira de Igualdade, e o alcalde, responsable desta Corporación, van dar conta e realmente vai quedar reflectido ó que vostedes se comprometen e din publicamente como está.

Eu non lle digo como, non preciso saber se está na rúa "a" ou "b", o que quero é que, non as técnicas senón vostede como responsable política, se responsabilice de que as mulleres están sendo atendidas correctamente.

Dixen no Consello Municipal da Muller e dígoo agora que en ningún caso dubidei das profesionais, do que dubido é da dirección política, non lle imos botar a culpa as técnicas, do que estou a falar aquí é de falla de decisión política, non técnica e quero que neste Pleno se garanta, e así o establecemos na propia moción, que o goberno municipal ofrezca unha alternativa real e inmediata para que o servizo prestado pola Casa de Acolida sega a ser efectivo mentres non se elabore e presente ó Pleno unha alternativa clara dentro dun proxecto global de atención ás mulleres vítimas de malos tratos.

Se vostedes nos din publicamente, vostede como concelleira de Igualdade e o alcalde o apoia, que as mulleres vítimas de violencia de xénero, ata que se faga ese centro de emerxencia que aínda non sabemos que centro de emerxencia é, e malia haber no Consello Municipal da Muller unha comisión específica de violencia de xénero, se non se tratou aí, como se vai tratar ás mulleres vítimas de violencia de xénero? Non estamos falando do trato das técnicas e por iso eu non lles vou pedir perdón porque en ningún caso lles fallei o respecto nin puxen en dúbida a súa profesionalidade; poño en dúbida a súa dirección política neste caso concreto e así o digo publicamente.

Realmente neste caso nós non sementamos a dúbida, se hai algunha responsable do facer é vostede que puido convocar unha Xunta de Voceiros, un Consello Municipal da Muller previo a cambiar as cousas. É vostede quen ten que prever que

diante do peche inmediato dunha Casa de Acollida que durante dezasete anos prestou atención, ten que garantir que as cousas estean perfectamente coordinadas e non son eu como responsable da oposición.

Agora ben, sería unha irresponsabilidade pola miña banda si diante dunha publicación nos medios de comunicación sobre que as mulleres vítimas de violencia de xénero non están sendo atendidas me quedara de brazos cruzados porque é un tema tabú e non se pode tratar.

Non creo que haxa ningún tema que non se poida tratar neste Pleno e cando pola parte do goberno se pense que é un tema o suficientemente complicado ou que non se poida dicir ós medios de comunicación, que teña que ser privado, é a obriga da responsable da área convocar a todos os grupos e dicirlles como se van tratar as cousas porque me dá a impresión de que nin sequera os seus socios de goberno sabían que cambios se ían facer xa que nalgunha Mesa de Contratación amosaron certa sorpresa e mesmo o procedemento atrasouse porque os seus socios de goberno non estaban de acordo en deixar deserto este procedemento administrativo.

Polo tanto era a súa responsabilidade establecer os mecanismos axeitados para que non se xerara esta situación de alarma social. Non a xerei eu e sería unha irresponsabilidade pola parte do Partido Popular diante dun feito coma este quedar cos brazos cruzados. Vostede tivo a oportunidade de xeito inmediato, ese mesmo día 30, de dar aquí unha explicación e comprometerse publicamente con esa alternativa. Sen embargo quixo demoralalo no tempo, quixo que pasara un mes sen dar esa explicación. Vostede saberá por que o fai pero non me faga responsable a min desta situación.

Fala de que o BNG quere mellorar as cousas e que está para iso e ademais que é unha decisión planificada. Eu teño aquí o programa co que o BNG concorreu a estas eleccións e nel non aparece un centro de emerxencia por ningures. Ó mellor cando se elabora un programa non se teñen claras as cousas, pero teño aquí un documento do ano de goberno, “365 días traballando para a xente” e na Concellería de Igualdade fálase dos tres pisos cedidos, por certo, tres pisos cedidos dos que xa falamos moitas veces e a verdade é que a min xa me empeza aburrir falar deses tres pisos que nos cederon na comisión de abril, tamén teño aquí o expediente que tardou xusto un ano porque se aceptou a cesión en abril e estamos

en xullo e eu non sei se están ou non en marcha.

Ademais deses tres pisos dos que fala, das accións da campaña “Na violencia de xénero non hai tregua”, que é do goberno anterior e pagada tamén polo goberno anterior ou mellor dito cos cartos de todos os cidadáns porque aquí as persoas non pagamos nada, facémolo co diñeiro das arcas municipais; fálase de reforzo do CIDM, de aumentar as axudas para o ingreso e saída das mulleres da Casa de Acollida, de “Camiña con nós pola igualdade” que tamén é un programa que nós puxemos en marcha e que me alegro que continúe, da nova páxina de Igualdade. Pero non se fala dun centro de emerxencia por ningures.

Iso é o que realizaron pero nós imos ó que van facer e o que aparece no ámbito de Muller é “Avaliación do último Plan de Igualdade do Concello de Vigo e elaboración dun novo” e “Adaptación da oferta de formación e lecer á situación actual e ós intereses das mulleres da nosa cidade co obxectivo de fomentar a igualdade na nosa sociedade”. No ano de goberno do mes de xuño non aparece o centro de emerxencia por ningures. Será planificado pero secreto e dicir que van facer un centro de emerxencia non coido que fose algo secreto e dicir como tampouco.

Cambiar o nome non é nada que nos interese, que se chame casa de acollida, centro de emerxencia, centro integral..., o importante é a definición de que se vai facer e como se vai tratar ás mulleres e iso é o que nos preocupa e o que deberíamos debater. Preocúpame aínda máis que me fale do de Santiago porque ese centro integral que aparece na Lei contra a violencia, vostede mesma díxoo, que cría que levaba menos tempo, que o anunciaran hai moito e que levaba bastante tempo parado, dáme as datas pero a peor.

Do concurso da Casa de Acollida eu dicíalle que tardaron seis meses e vostede díxome que nove e agora o centro de emerxencia eu pensaba que levaba un ano parado, máis ou menos dende que nós non estamos, e resulta que leva dous. Déixame máis preocupada. Se o centro de Santiago é un modelo e leva dous anos parado, eliminaron un recurso que era a Casa de Acollida e está pendente de facer ese novo centro integral, o que me quere dicir é que os dous meses que vostede anunciou para o centro de emerxencia vanse converter en dous anos? Iso é o que me dá a impresión porque ó que non me contestou e a min gustaríame que me contestara que é realmente o importante é cando vai estar ese novo centro de emerxencia e en que vai consistir porque para este período transitorio entre que se



pecha a Casa de Acollida e que se vai facer un centro novo, non hai contratación administrativa, nin dos profesionais, nin do lugar. Non lle digo que diga onde, pero nin dos profesionais, nin do lugar.

Polo tanto é lóxico que eu teña serias dúbidas e aínda que vostede dixo que no Consello municipal os colectivos de mulleres que saben deste tema e que lles preocupa, apoiaron a súa xestión, eu quero clarexar que foi un comunicado que fixeron sen votación, eu quedei ata o final dese Consello e non se someteu a votación ese comunicado e ademais sei que determinadas asociacións non ían dicir que si. Polo tanto é un comunicado que fixeron algunhas asociacións que forman parte dese Consello municipal. Pero coido que aquí o importante e o que nos ten que preocupar a todos e a todas é cando vai estar aberto ese centro de emerxencia e se vai ser con recursos propios ou alleos.

Vostede quere terxiversar o que eu dixen porque en ningún caso dende o Partido Popular dixemos que non a un cambio, é máis, sabe que os tres pisos foron unha xestión realizada por min, que me levou o seu tempo, quedaron aí porque queríamos evolucionar, ninguén lle di que non a evolucionar. Precisamente dende que vostede fixo o anuncio o 10 de xuño ó 30 de xuño nós non saímos a dicir nada ata que unha vítima de violencia de xénero saíu nos medios de comunicación, porque nós non nos opoñemos ó cambio, queremos que as cousas se fagan con coherencia e con planificación; iso é o que pedimos.

Coido que esta moción é moi clara, o que pedimos é que haxa unha alternativa real e inmediata, que se vostede di neste Pleno que a ten eu créoa e polo tanto non terá ningún problema en votar a favor esta alternativa e, segundo, que nos diga cando vai estar operativo ese centro de emerxencia para que eu en setembro, se segue ratificando o que dixo no Consello municipal sobre que en setembro xa estaría operativo, eu poida facer ese seguimento e ese control político que teño a obriga de facer como parte da oposición e preguntareille a vostede que como vai. Ogallá que vostede me diga que está en marcha.

A PRESIDENCIA: Sra. Veloso, para a segunda quenda de palabra dispón vostede do tempo equivalente que son dez minutos.

Sra. Molares, na súa primeira intervención vostede utilizou trece minutos, na segunda once. A Sra. Veloso na súa primeira intervención utilizou trece minutos,

agora lle corresponden aproximadamente dez minutos máis e logo a vostede a quenda de peche de tres minutos. Vostede rematará logo o debate como corresponde en tres minutos.

SRA. VELOSO RÍOS: A Sra. Molares pídemme que me responsabilice publicamente de que as mulleres están correctamente atendidas e unha vez máis responsabilízome publicamente de que as mulleres están sendo atendidas. Iso explicouse en distintas ocasións, en distintos foros e unha vez máis o volvo explicar: as mulleres están sendo atendidas. Todas as mulleres que acoden ós servizos que ofrecemos dende a Concellería están recibindo resposta ás súas demandas e están sendo atendidas.

En canto a outras cuestións das que se falou como a de crear alarma social, teño que dicir que se nós dende o Concello estamos asegurando que se está a atender ás mulleres, se as mulleres que se están achegando ós servizos municipais están sendo atendidas, non sei entón quen crea alarma social, sinceramente. A concelleira, Sra. Molares, di que ela non a crea pero se nós estamos prestando os servizos nas mesmas condicións de sempre, estamos atendendo ás mulleres que o solicitan e temos alternativas previstas para as mulleres e así o estamos asegurando e así o estamos facendo, pois sinceramente non sei quen crea alarma social.

Repito que se unha muller ve nos medios de comunicación as cousas que se están dicindo, é normal que se preocupe pero insisto en que se corresponden bastante pouco coa realidade, por non dicir que nada.

Non hai falla de planificación. Unha vez máis explico que isto está pensado política e tecnicamente dende hai tempo e que se está traballando nese proceso de transformación dende hai tempo. Chegará o momento no que se poida poñer en marcha e hai un momento no que se ten que tomar a decisión e esta é política da que ten que se responsabilizar neste caso a concelleira de Igualdade e o goberno do Concello de Vigo. Nese momento en que se tome a decisión será cando se comunique.

Durante todos estes meses estiven en contacto con distintos colectivos sociais da cidade, colectivos de mulleres e outros que se reuniron comigo e que tamén tiveron a oportunidade de participar nun Consello Municipal da Muller extraordinario que se realizou unicamente cun punto na orde do día que era “Os malos tratos, a atención

ás mulleres vítimas de violencia de xénero” de onde saíron distintas comisións de traballo, coido que é a primeira vez que se constitúen esas comisións de traballo que figuran no Regulamento do Consello Municipal da Muller. A partir de aí, de todos eses contactos, de toda a análise da información que me pasan as técnicas e de todas as conversas que teño cos distintos colectivos da cidade, tómase a decisión.

Tomouse e comunicouse a decisión e agora estanse poñendo en marcha todos os mecanismos necesarios para que ese cambio nos servizos de acollida se poña en marcha. Xa dixen que nós temos unha planificación que prevé que se poida poñer en marcha a finais de setembro e dende logo que eu tamén espero que cando se me pida contas poida dicir que por suposto, que está o centro de emerxencia e que están os pisos.

En todo caso a planificación prevé que todo estea para finais de setembro, se hai algún atraso asumireino, por suposto que asumirei a responsabilidade que teña sobre calquera atraso que se produza pero espero que non sexa unha boa nova para ninguén, para min non o será e para a oposición tampouco o debería ser.

Insisto en que non se trata dun cambio de nome. Expliqueino tamén na rolda de prensa, explicárono as técnicas, explicámolo no Consello Municipal da Muller, explicámosllo a todos os colectivos que quixeron información; non cambiamos o nome de casa de acollida por centro de emerxencia, cambiamos o servizo. É un centro de emerxencia que como o seu propio nome indica trata de atender inmediatamente ás mulleres que cheguen nunha situación de malos tratos a diferenza da Casa de Acollida, sen necesidade de ter presentada denuncia, terán logo un período de 24-48 horas para presentar a denuncia que, por suposto, si a teñen que presentar para acceder a distintos servizos e beneficios das administracións e ten un período de estancia para as mulleres distinto segundo as circunstancias e en tres modalidades, período curto, medio e un período de longa estancia pero que en todo caso non vai superar o do mes. Para períodos máis longos temos os pisos de saída.

Tratamentos distintos, por tanto, para situacións distintas que son as que hoxe en día nos atopamos entre as mulleres que sofren malos tratos na nosa cidade e que non son as mesmas situacións, nin as mesmas circunstancias que as das mulleres que sufrían malos tratos hai dezasete anos cando se abriu a Casa de Acollida.

Afortunadamente as cousas ós poucos van cambiando, adaptémonos ós cambios que se están dando na sociedade para ir ofrecendo mellores servizos ás mulleres que os precisan.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Querería volver reiterar que é conveniente informar a toda a cidadanía do que está a disposición e do que se está facendo neste momento para a acollida das mulleres. Esa información terá que ser por diversos sistemas pero dende logo que cos medios de comunicación para que quede a cousa clara e non haxa ningún problema de achegamento.

Outra cousa que me preocupa é un colectivo que queda pendente e que tamén son mulleres con certas condicións e dificultades; é unha suxestión, non unha imposición nin moito menos, que este novo servizo que se está a organizar debería acoller dalgún xeito, recolocar ás mulleres que traballaron ata agora no servizo de atención ás mulleres vítimas de malos tratos. Coido que dadas as circunstancias se podería atopar algún xeito de volver colocalas.

A PRESIDENCIA: Sra. Molares, para rematar o debate, pregaríalle tres minutos.

SRA. MOLARES PÉREZ: Non teño ningún problema en engadir "do xeito que sexa posible" que as mulleres que traballaban na Casa se engadan a esa nova alternativa.

Está claro que neste Pleno hai que poñer mala cara porque, primeiro a Sra. Lago non me deixa sorrir, pero disto si que lle podo asegurar que non sorrín, fixen un xesto de decepción pero non de sorriso. Pódolle garantir que se no mes de setembro hai unha alternativa e vostede ten o centro de emerxencia aquí, publicamente nese Pleno do mes de setembro vouna felicitar a vostede por acadar en dous meses poñer en marcha un centro de emerxencia porque ademais vai ser algo récord nesta administración, xa que se vemos o tempo de espera de calquera procedemento administrativo é superior, vímolos coas festas e con cantidade de cousas periódicas, pero se é así a vou felicitar. Agora ben, se en setembro non está tamén vou pedir a súa dimisión por enganarnos neste Pleno. Voulle crer, vou crer que as mulleres estean atendidas.

De todos os xeitos vostede dime que cre que se non está en marcha sería unha

mala nova. Se vostede ten claro que neste momento as mulleres están recibindo a mesma atención que tiñan non sería tan mala nova porque están atendidas.

Eu comprométome ata o mes de setembro a non facer nin unha soa declaración sobre o centro de emerxencia, nin sobre a Casa de Acollda, pero no mes de setembro neste Pleno lle vou pedir a vostede a responsabilidade política que vostede hoxe aquí dixo que tiña. Espero que sexa así, espero que o centro de emerxencia estea.

Respecto a que para entrar nunha Casa de Acollda poidan ter ou non denuncia, non fai falla cambiar o nome de casa de acollda ou centro de emerxencia, para deixar entrar ás mulleres vítimas de violencia na Casa de Acollda sen ter feita a denuncia só fai falla que dende a concellería fagan un regulamento. Non confunda á cidadanía, non ten nada que ver como se faga ese regulamento, o importante é cantas prazas van dedicar vostedes, que espazos físicos, como e onde.

Se vostede o que quere é que entren sen denuncia teno moi claro, só fai falla facer un regulamento, pero lles lembro que no Consello Municipal da Muller, esa psicóloga da que vostede di que é tan boa profesional e dende logo apoieino alí e vou seguir dicindo que comigo traballaron, tiveron unha boa relación e polo tanto non vou poñer eu en dúbida a súa profesionalidade, pero dixo que lle deu o borrador de Xixón, que lle fixeron un borrador dos estatutos do novo regulamento e que fallaba que politicamente o puxeran en marcha.

Estou encantada de que sexa con recursos propios e ademais lle aseguro que dende o Partido Popular nin sequera adxudicamos ese contrato hai catro anos, foron dous, un, máis un e polo tanto estaba adxudicado de antes; iniciamos cambios como o da adquisición dos pisos que foi máis lento do que quixemos porque a Consellería da Vivenda cedeunos pero ó remate do mandato, estaban os mobles para os ocupar, e polo tanto nós non nos negamos a unha nova alternativa que sexa mellor para as mulleres pero lle lembro que vostede neste Pleno garantiu que as mulleres teñen os servizos cubertos como ata agora ou mesmo mellor e que no mes de setembro estará o novo centro de emerxencia.

Admítolle ese compromiso político pero tamén coido que neste caso non terán ningún inconveniente en votar todos a favor desta moción que o que pide é unha alternativa real e inmediata, que non nola conta pero que nós cos ollos pechados lla cremos, e que as mulleres que estaban traballando na Casa se poidan engadir a

esa nova alternativa que vostede vai poñer en marcha.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 21 de xuño de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción presentada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, solicitando unha alternativa ós servizos prestados pola Casa de Acollida co texto que se contén nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Antes de entrar no seguinte punto da orde do día debo facer unha advertencia: son as 13,35 horas, quedan catro mocións e eu establecera unha norma de que se ás 14,00 horas non rematabamos a orde do día rematabamos o Pleno. Imos tratar de prorrogalo un pouco máis pero sexamos conscientes de que o Pleno se ten que rematar a unha hora razoable

15.- (164).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A PUBLICACIÓN DAS AXUDAS MUNICIPAIS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS DESEMPREGADAS E FOMENTO DE CREACIÓN DE EMPRESAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xullo de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

“A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 29 de abril de 2008, aprobou un PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL 2008-2011 do que este grupo político non tivo información previa ningunha aínda que no Pleno ordinario do mes de decembro de 2007 se aprobou por unanimidade o seu consenso anticipado cos grupos municipais. Unha vez analizado este documento, comprobamos que tanto a filosofía como os programas son continuístas respecto similares ós do anterior plan polo que non podemos máis que estar de acordo cos seus postulados e liñas básicas de actuación.

Algunhas das accións máis sobranceiras que configuraban o Plan municipal de emprego 2004-2007, aprobado por unanimidade cando o Partido Popular tiña a responsabilidade de gobernar esta cidade, eran, sen dúbida, a concesión das axudas municipais para o fomento da creación de empresas, así como ós incentivos á contratación de desempregados e desempregadas que participaran nalgún dos programas da concellería.

Este programa de axudas tiña como finalidade a de colaborar dunha forma activa na loita contra o desemprego, ademais de apoiar a posta en marcha de novos proxectos empresariais. No pasado ano por exemplo, estes apoios publicáronse o 15 de xuño e 6 de xullo respectivamente; por contra, este ano aínda non se sabe a data prevista de publicación.

O Partido Popular considera que dada a situación económica actual caracterizada por unha moi elevada inflación, o grave estancamento do consumo privado e as enormes dificultades de liquidez e acceso ó financiamento, todas as axudas que se podan ofrecer tanto a empresas como a desempregados poden resultar insuficientes, polo cal este Grupo Municipal propón ao Pleno da Corporación municipal de Vigo que tome o seguinte acordo:

Instar á Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego a publicar de forma urxente ás axudas municipais para a contratación de persoas desempregadas e o fomento da creación de empresas no ámbito do Concello de Vigo, beneficiando nun momento económico complicado a quen apostan polo autoemprego e pola contratación de homes e mulleres que pertencen a colectivos con especial dificultade de contratación”.

A comisión informativa de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 21 de xullo de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FIDALGO IGLESIAS: Con polo menos catro meses de atraso a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 29 de abril de 2008, aprobou un Plan de Emprego Municipal 2008-2011 do que este grupo político non tivo información previa ningunha.

Unha vez analizado este documento comprobamos que é moi semellante ó anterior polo que non deberíamos estar moi desencamiñados no noso labor. Algunhas das

accións máis sobranceiras do anterior Plan de Emprego eran sen dúbida a concesión de axudas, tanto á creación de empresas, como á contratación de desempregados. Estas axudas tiñan como finalidade a de colaborar dunha forma activa na loita contra o desemprego ademais de apoiar a posta en marcha de novos proxectos empresariais. Por exemplo o pasado ano estas axudas publicáronse en xuño e o 6 de xullo, respectivamente; por contra este ano aínda non sabemos nada da data prevista para a súa publicación.

O Partido Popular considera que dada a situación económica actual todas as axudas que se poidan ofrecer tanto a empresas como a desempregados poden resultar insuficientes, polo que instamos á Corporación municipal que tome o seguinte acordo: "Instar á Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego a publicar de forma urxente as axudas municipais para a contratación de persoas desempregadas e fomento da creación de empresas no ámbito do Concello de Vigo, beneficiando nun momento económico complicado ós que apostan polo autoemprego e pola contratación de homes e mulleres que pertencen a colectivos con especial dificultade de contratación."

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Sr. Fidalgo, fai referencia á súa boa xestión no mandato anterior no tema de emprego e pretende criticar pero ó mesmo tempo di que hai unha continuidade.

En primeiro lugar, este foi un Plan Municipal de Emprego, como xa se puxo de manifesto aquí, que contou co aval das organizacións sindicais e da Confederación de Empresarios. Elaborouse a partir dunha exhaustiva análise da situación económica e laboral do noso municipio, xa que para elaborar un plan de emprego antes hai que coñecer e saber onde queremos intervir. En terceiro lugar, un Plan municipal de emprego que contén xustamente a coordinación con todas as políticas de emprego que se están a levar agora mesmo por outras administracións, xa que este non é un sitio illado senón que temos que traballar de xeito coordinado con outras administracións.

Ademais esa coordinación, en concreto coa administración que ten agora mesmo transferidas as competencias que é a Xunta de Galicia, fixo realidade o compromiso adquirido co noso alcalde o presidente Emilio Pérez Touriño e estou facendo realidade coas achegas. Non vou falar doutras entidades pero si das achegas que



está a facer para este Concello de Vigo, para que poidamos desenvolver políticas municipais e de emprego eficaces.

Unha delas o convenio de colaboración Xunta de Galicia-Corporacións Locais, que vostedes contaron no ano 2007 con 725.000 euros, este ano aporta 1.625.000 euros, máis 300.000 que van ser dedicados a parroquias para recuperación de lavadoiros e fontes.

Vostede fala de economía social e de autoemprego e voulle dar outro dato sobre algo no que vostede non tiveron intención de intervir como é o fomento do cooperativismo, axudas que xa concedeu tamén a Xunta de Galicia a este Concello. O terceiro tema que se solicitou estes días e que contamos con que se aprobe, é un plan experimental para o emprego cara orientar a 150 persoas cunha porcentaxe importante de inserción e cunha dotación de outros 300.000 euros.

Polo tanto nin todo é igual, nin todas as administracións teñen o mesmo compromiso porque senón vexan a diferenza entre aquela Consellería que vostedes tiñan de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, coa do goberno socialista en coalición co BNG que se chama de Traballo, esa diferenza está aí e radica nos medios que se poñen para o fomento do emprego e coido que é un dos eixos máis importantes deste plan municipal de emprego.

Vostedes non teñen vontade de acordo e así se demostrou nos últimos anos do seu goberno xa que non acadaron ningún acordo no eido laboral.

Neste Plan Municipal de Emprego contamos xa hoxe cun Pacto Local de Emprego onde están presentes a Administración Local, a Confederación de Empresarios e as organizacións sindicais máis representativas para que en todos os momentos, vaia peor ou mellor o emprego, poder estar analizando *in situ* e buscar as mellores alternativas. Iso é algo que a vostedes nunca lles preocupou e nunca impulsaron pero xa está acadado aquí e será complementado, como non, polo Pacto Territorial de Emprego que abranguerá máis municipios que o noso. Estamos a falar do Plan Municipal de Emprego.

O que vostede pide na moción como conclusión quero entender que, ademais das axudas a emprendedores, de subvencións para creación desas empresas de autoemprego, estase tamén a referir ás axudas para a formación con compromiso de contratación, coido que é así porque queda un tanto difuso tanto na exposición como no pedimento.

Para elaborar un novo Plan de Emprego sería moi fácil copiar as bases que había e tirar cara adiante, pero ese non é o noso modo de traballar. En base á experiencia temos unhas bases elaboradas agora mesmo e teño que dicir que contando coa colaboración inestimable dos que están a traballar para axustar as bases ás novas demandas e realidades.

En todo caso dicirlles que xa houbo contactos con empresas que contan cunha maioría de emprego estable e de calidade para levar a cabo a formación e xa hai unhas bases que van saír en breve, unha vez adaptadas ás novas realidades .

Polo tanto, encantados novamente de que dende o Partido Popular nos fagan interpelacións neste sentido que, como lles dicía noutra intervención, nos permiten falar de algo tan importante para tantos traballadores e traballadores como é o emprego ou a posibilidade do atopar. Ademais tamén me dan a oportunidade de dicir que cando realmente houbo políticas de avances serios e reais, de leis aprobadas no Parlamento que favorecen eses avances, déronse cando estaba no goberno da Nación o Partido Socialista e estanse a dar tamén cun presidente de Goberno de Galicia do Partido Socialista, Emilio Pérez Touriño, como así mesmo se están a dar neste Concello cun alcalde socialista.

Miren vostedes se se dan avances que, xa que nos ve todo o mundo, podemos falar da propia Lei de dependencia que protexe ás persoas con graos de dependencia. Desgraciadamente vostedes nestes temas non poden sacar nada máis que algún "decretazo" imposto tanto ós axentes económicos e sociais como ós cidadáns.

Remato dicíndolle que imos aceptar a moción porque é algo que xa está elaborado. Reitérolle que estamos encantados de poñer en primeiro termo o emprego neste Concello de Vigo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: As cousas son o que son e non o que parecen. Un dos obxectivos irrenunciabes do que falaba o Sr. Alcalde no seu programa electoral era a consecución do pleno emprego. Pero iso non sae só, para iso hai que establecer mecanismos, hai que traballar. Non sei para cando vai ser iso do pleno emprego na cidade de Vigo, quizais para o 1 de xaneiro de sabe Deus que ano? Como todo nesta cidade.

Que pasa cos 167 millóns de euros que prometeu o conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, ó día seguinte de tomar posesión o alcalde e que ían vir á cidade? Vostede

fala de 1.300.000 euros, ata 167 aínda queda bastante.

Sr. concelleiro, o que ós cidadáns de Vigo máis lles preocupa é o paro e a crise económica.

Neste Pleno fálase de moitas cousas, pero lle vou dar uns datos porque pola súa obxectividade non son opinables. Hoxe, 28 de xullo, hai preto dun milleiro máis de parados en Vigo que hai un ano. Esta non é unha boa nova. Hoxe a inflación disparouse ó 5,4 en Galicia, tampouco é unha boa nova. O euríbor está no seu récord histórico, o 5,4%. As familias están pagando as hipotecas ó 6%. Sectores como o comercio, o turismo, a hostalería, o transporte, a pesca, están en caída libre.

Vostedes que fan? Non sei, fotocopiar con catro meses de atraso un plan de emprego que nós levamos e non contratar a aínda a ninguén, porque vostedes teñen a sinfonía pero fan falla músicos que a interpreten. Se van ó Servizo de Atención ó Emprendedor hai unha persoa para atender a unha poboación de 300.000 habitantes; se van ó Servizo de Orientación Laboral non hai ningún técnico. Pero como o alcalde e vostede son moi proclives ós slogans eu propóño un: “ante todo moita calma”.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Imos seguir mantendo o do pleno emprego porque quen non se pon obxectivos non os acada. Vostede mesmo, logo de pedir unha data para ese pleno emprego, facía unha referencia á situación económica global. É o que adoitamos escoitar de vostedes: demagogia e contradicións porque primeiro di unha cousa e logo formula outra.

Por suposto que é irrenunciable o do pleno emprego e ademais dígo lle que fai demagogia porque cando na miña intervención lle falei dos cartos, do 1.625.000 euros do convenio de colaboración Xunta de Galicia-Corporacións Locais e faleille de 300.000 euros máis en cooperación para o Concello de Vigo, non para o municipio de Vigo e vostede pretende confundir ós cidadáns falando dunha cantidade de diñeiro, 167 millóns de euros, como se fosen para este Concello. Por iso lle digo que fai demagogia porque eses 167 millóns non eran para o Concello de Vigo, eran para todas as entidades do municipio de Vigo.

Pasa que a vostedes lles preocupa que haxa unhas políticas de traballo importantes que están sendo recoñecidas por todos e tamén políticas de medidas económicas,

tanto no ámbito de Galicia como do Estado, que os propios sindicatos, tanto estatais como galegos, e máis a patronal chegan a acordos e felicitan polas medidas tomadas por eses dous gobernos.

Polo tanto non pretendan confundir. Vostedes sempre pretenden confundir e claramente llo estou a demostrar porque, por exemplo, cando falan da inflación, lémbrense vostedes da entrada do euro? Aquilo deuse gobernando quen dicía aquilo de “España vai ben”, quen fixo o “*decretazo*” e iso que “España ía ben”; pois con aquel foi con quen entramos no euro e moitos cidadáns seguro que lembran que a barra de pan custaba 60 pesetas e automaticamente pasou a 60 céntimos. Non nos veñan dar leccións. As súas medidas xa as coñecen os cidadáns e sobre todo os que dependemos dun salario do traballo nunha empresa. Xa sabemos o que significan as súas medidas para atallar a crise.

Non fotocopiamos nin moito menos. Hai dúas persoas en Orientación Laboral e non temos ningunha queixa da atención; vostedes non cren nos profesionais nin no traballo ben feito. Cando vostedes formulan isto están a desprestixialos.

En todo caso, Sr. Fidalgo, señores do Partido Popular, como teremos ocasión de seguir falando deste tema ireilles degraendo en posteriores intervencións todos aqueles cartos que veñen da Consellería de Traballo para este Concello cara a dinamizar o emprego, a nosa economía e para favorecer que as persoas atopen emprego no noso municipio.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Dúas matizacións. Na páxina web da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia o 28 de xuño do ano pasado ven ben claro: “Ricardo Varela anuncia que a Consellería de Traballo investirá un total de 167 millóns de euros en Vigo”.

Desculpe se a petición que puxen na moción é difusa, só me estou remitindo ó Plan de Emprego ó programa “emprego de calidade”, á medida 1.3 “Axudas municipais á contratación”. Iso é o que estamos pedindo dende este Grupo político, que convoque urxentemente axudas á contratación de desempregados e axudas á creación de empresas.

Nada máis, o importante é o que se fai e non o que se di.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da

Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACORDA:

Aprobara a moción formulada polo concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, instando a publicación das axudas municipais para a contratación de persoas desempregadas e fomento de creación de empresas co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (165).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO SE TOMEN DIVERSAS MEDIDAS DE TRÁFICO NAS RÚAS PONTE DA VEIGA, PABLO IGLESIAS E VIRXE DO ROCÍO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xullo de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

"No mes de febreiro desde a concellería de Mobilidade e Seguridade colocáronse numerosas sinais de tráfico por toda a cidade, moitas delas sen sentido, ademais de direccións prohibidas en zonas que nunca o foron, sen pensar nas posibles consecuencias que ocasionan aos veciños.

Entre estas direccións prohibidas está a que prohibe incorporase na rúa de Ponte da Veiga cando se circula pola rúa Pablo Iglesias. Ademais faise necesario a instalación dun semáforo que regule o paso de peóns.

Esta prohibición consiste en que unha vez que nos incorporamos á rúa Pablo Iglesias, provenientes da Rúa Florida, á altura da illote arborado desta rúa, atopámonos cunha liña continua e unha dirección prohibida enfronte, que nos impide a incorporación á rúa Ponte da Veiga imposibilitando a tres edificios entrar nos seus garaxes e o xiro á esquerda de todos os vehículos dos traballadores de Citroën que aparcan no antigo campo de fútbol "Antonio Alonso".

Para que os propietarios dos edificios da rúa Ponte da Veiga poidan acceder ás súas vivendas e que os traballadores de Citroën poidan incorporarse á rúa Florida, teñen que circular 900 metros, 6 pasos de cebra, un colexio público e un xiro á esquerda, o que leva un perigo debido a gran afluencia dos coches e dos nenos que saen do colexio.

Ó mesmo tempo nos lugares onde sería necesaria a implantación de sinais, non se produce, como é o caso da rúa Virxe do Rocío que se atopa dividindo o Colexio Virxe do Rocío en Coia onde sería necesario que a vía pola tarde, que teñen que circular constantemente os alumnos, fose dirección prohibida excepto ós residentes

en horario escolar para que os alumnos puidesen circular sen temor a ser atropelados.

Por isto desde este Grupo Político solicitamos:

- 1.- Que se modifiquen as direccións das vías rúa de Ponte da Veiga cando circulas pola rúa Pablo Iglesias.
- 2.- Que se instale un punto semaforico que regule o paso de peóns.
- 3.- Que se sinalice a rúa Virxe do Rocío en horario escolar como dirección prohibida excepto residentes."

A comisión informativa de Mobilidade, na súa sesión que tivo lugar o día 21 de xullo, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Sr. Presidente, vaime permitir vostede unha licenza moi breve. Como son o máis vello, o máis veterano e decano do grupo, se mo permite gustaríame felicitar a todos os meus compañeiros individual e colectivamente polo alto nivel que están a ter en todas as súas intervencións que me deixan asombrado de como vai aprendendo á mocidade; é un aviso non soamente para min senón para todos os que compoñemos esta Corporación.

Sobre a moción só dicir que no ano que andamos, a partir do mes de febreiro, realizáronse unha serie de intervencións polo departamento de Mobilidade en determinados puntos moi concretos e áreas xeográficas da cidade. Voume referir en primeiro lugar a unha zona en Balaídos, na rúa Ponte da Veiga con Pablo Iglesias. Puxéronse unha serie de prohibicións, tanto horizontais como verticais de xiro á esquerda e os veciños dalgúns bloques puxeron no noso coñecemento que se lles prohibe xirar á esquerda, obrigándoos a facer un rodeo importante a toda a mazá de preto dun quilómetro, sorteando seis pasos peonís, tamén nas inmediacións dun colexio público. Tamén afecta ó antigo campo de fútbol "Antonio Alonso", no que puiden comprobar que aparcan acotío uns trescentos vehículos de traballadores de Citroën que se lles prohibe saír á esquerda para xirar.

A nosa petición sería que se volvese á situación anterior co que facilitaríamos ese equilibrio que nas normas de tráfico se debe ter moi en conta á hora de cambiar calquera dirección porque a veciñanza é moi sensible a estas actuacións.

Un segundo punto da nosa moción refírese á rúa Virxe do Rocío onde se divide o colexio público que alí temos. Os pais e nais dos alumnos que van a ese colexio tamén nos piden que no horario escolar se teña en conta unha prohibición expresa

para os non residentes a fin de levar máis seguridade a ese contorno público.

*A seguir o concelleiro Sr. Coello Bufill procede a ler o texto da parte dispositiva da moción.*

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Empezando pola última petición e procurando ser o máis concreto posible, a sinalización existente na rúa Virxe do Rocío, entre os dous edificios que corresponden ó colexio do mesmo nome, como lembrará ven dada por unha orde súa o 8 de marzo de 2007. Eu tiven coñecemento da petición de que se exclúa o paso ós residentes por parte do departamento de Educación ó final de curso e esa petición será atendida nos próximos días e estará posta no comezo do curso escolar.

Vaime permitir que poña unha pequena modificación. Non imos poñer “residentes” senón “excepto garaxes” para que non exista a menor dúbida. Non se trata de que sexan os residentes que poidan vivir no barrio de abaixo do Rocío porque como sabe vostede moi ben alí empezan unhas escaleiras e podería darse a situación de que pensaran que tamén están incluídos nesa autorización. Precisamente para evitar ó máximo o tráfico nestas dúas zonas escolares coido que é bo facer este cambio.

Pasando ó segundo punto, lamentablemente en todos os informes técnicos, en todas as informacións, non parece moi razoable en principio ou polo menos non parece prioritario o punto semaforico que une ese entronque entre as rúas Ponte da Veiga e Pablo Iglesias, que ten un paso cebra e xa que logo prioridade para peóns sen a menor dúbida. Por certo necesita accesibilidade, as beirarrúas non están preparadas e por suposto faranse de inmediato as obras. Como ademais está nunha zona na que non hai excesivo perigo en canto á seguridade vial, dado o escaso uso, porque en efecto une eses dous bloques dos que imos falar agora coa zona de lecer que se utiliza nun horario moi restrinxido por poucos veciños e todos sabemos que os semáforos están pensados para dúas situacións: onde son imprescindibles en cruzamentos por razóns de seguridade vial aínda que pasen poucos peóns ou onde hai moito tránsito de peóns e de vehículos.

Por poñer un exemplo, fíxose hai mes e pico a colocación de semáforos do cruzamento Alcalde de Lavadores-Rúa Gandarón no que a seguridade estaba moi

ameazada, que vostede seguro coñece perfectamente porque é unha reivindicación histórica de moitos anos neste Concello que vostede non puido atender; ou tamén por poñer outro exemplo do centro, na saída dos vehículos da rúa O Porto á rúa García Barbón onde tamén era perigoso asomar o morro do vehículo e tamén está posto recentemente así como moitos outros, pero non lle quero aburrir.

Neste caso dende o punto de vista técnico e posiblemente dende calquera outro punto de vista non é prioritario poñer un semáforo que ía estar facendo parar a circulación máis que cumprindo algún dos obxectivos que ten que cumprir un semáforo.

En todo caso habería outras prioridades máis perentorias, por exemplo diante do propio colexio de Balaídos onde hai moita máis presenza peonil e é necesaria maior seguridade vial.

Respecto ó primeiro punto, como xa se repetiu nalgunha ocasión, chega un pouco tarde porque precisamente dende a semana pasada xa están colocados os valados para modificar o entronque da rúa Ponte da Veiga coa rúa de Pablo Iglesias. En efecto coido que non está mal decidido que haxa sentido único na rúa Ponte da Veiga; o que está mal resolto é o final onde está o illote do que vostede fala, que ten unha forma irregular e que motivou no seu intre que se fixera unha mala solución nese lugar.

Creo que a dirección de sentido único é algo que valoraron os veciños e corresponde a unha petición no seu momento e o que está mal resolto é ese final que en efecto hai varias comunidades de moitos pisos que non poden entrar nos garaxes por esa dificultade do xiro á esquerda dende a rúa Pablo Iglesias pero o que imos facer é modificar ese illote triangular nunha rotonda para que cumpra todos os requisitos técnicos e ter esa seguridade imprescindible porque, como estará permitida a saída dos traballadores de Citroën que utilizan ese aparcadoiro co xiro á esquerda cara á avenida da Florida e tamén os propios veciños van poder xirar á esquerda vindo da avenida da Florida para utilizar os seus garaxes, resolvemos o problema dun xeito consensuado.

Hai escaso tempo estiven cos veciños e obviamente que non se fixera antes foi porque posteriormente houbo unha alternativa diferente que era moito máis complexa e máis difícil pero que en todo caso estábamos obrigados a estudar.

Dos tres puntos que se compón a súa moción, dous están practicamente en



realización e o outro estará de inmediato pero dicindo "garaxes" mellor que "residentes".

SR. COELLO BUFILL: Dar as grazias ó Sr. Calviño pero dicir que nós estivemos durante un certo tempo oíndo ós veciños nesta petición e posiblemente a partir de entón se puxo todo o expediente administrativo en marcha. Moitas grazias.

Emenda formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Calviño Rodríguez, durante o curso do debate:

- 1.- Solicita a retirada do segundo punto da moción.
- 2.- Substituír no terceiro punto a palabra "residentes" por "garaxes".

*Co consentimento do relator, a Presidencia somete a votación a moción coa emenda formulada polo Sr. Calviño Rodríguez.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Que se modifiquen as direccións das vías rúa de Ponte da Veiga cando circulas pola rúa Pablo Iglesias.

Segundo.- Que se sinalice a rúa Virxe do Rocío en horario escolar como dirección prohibida excepto garaxes.

17.- (166).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A ELABORACIÓN DO 4º PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE E O III PLAN DE ACCIÓN MUNICIPAL PARA COMBATER A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xullo de 2008, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"Un país avanzado, próspero e competitivo non pode prescindir das mulleres como capital humano. A nosa procura da igualdade pretende as mesmas oportunidades

para todos, os mesmos dereitos e obrigas, unha igualdade ao servizo da liberdade das persoas e máis do conxunto da sociedade.

Desde o Partido Popular sempre defendemos a igualdade de oportunidades e desenvolvemos políticas efectivas para lograr a igualdade entre home e muller no tecido económico, na conciliación da vida laboral e familiar, na transmisión de valores e actitudes igualitarias e máis na promoción da calidade de vida.

Entendemos, xa que logo, que os homes e as mulleres debemos poder contar coas mesmas opcións e as mesmas posibilidades de levar a cabo con éxito as nosas aspiracións persoais e profesionais.

A igualdade está na Lei, pero moitas veces non aparece na realidade. Cando o PP gobernou en España dous millóns e medio de mulleres atoparon un posto de traballo, aprobouse a primeira Lei de Conciliación da vida laboral e familiar e leváronse a cabo iniciativas ambiciosas para evitar que a maternidade fose un obstáculo na permanencia no mercado de traballo.

É sabido que no Partido Popular non cremos que a igualdade deba supor unha imposición ou obriga, que a igualdade deba responder a un sistema de cotas. Moi pola contra, cremos nos incentivos e na capacidade e mérito das mulleres en igualdade de condicións aos homes, sen necesidade de medidas impositivas de discriminación en materia de xénero.

Entendemos tamén que a violencia machista é un problema de todos e cada un dos españois. Por iso todos os vigueses e viguesas debemos tomar plena conciencia do que supón esta traxedia, debemos ser contundentes na loita contra a violencia de xénero, xa que logo, esta é unha vulneración inadmisíbel dos dereitos fundamentais da muller.

Durante o anterior mandato municipal, cun Goberno do Partido Popular, aprobouse o 2º Plan de Acción Municipal 2004-2007 para combater a violencia contra as mulleres, así como o 3º Plan de Igualdade entre homes e mulleres 2005-2007

Sen embargo, o actual goberno municipal leva preto de oito meses de atraso na elaboración dos novos Plans de Igualdade e de violencia de xénero, unha perda de tempo que é, á súa vez, unha perda de oportunidades para a igualdade.

Así, o GM do Partido Popular insta ao Goberno municipal para que, de inmediato, elabore un Plan Integral da Muller, que inclúa:

1.- O 4º Plan Municipal de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, que incorpore medidas que garantan a formación das mulleres para o acceso ao emprego e para que concilien a súa vida laboral e familiar

2.- O III Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres, que incorpore máis medios materiais e persoais, máis recursos sociais e de asistencia ás mulleres vítimas de violencia, así como medidas de concienciación do conxunto da sociedade viguesa, coa implicación da escola e a colaboración dos medios de comunicación social".

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión que tivo lugar o día 21 de xullo, quedou informada do contido da moción.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: A igualdade teórica entre homes e mulleres é algo que establece a nosa Constitución no artigo 14, pero sen embargo a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres décadas despois está lonxe de se acadar. Por iso é necesario impulsala con normativas, con planes e, se se establece nos ámbitos estatal e autonómico tamén é necesario que no ámbito local se establezan planes específicos neste ámbito de igualdade de oportunidades de homes e mulleres e sobre todo que se trate de eliminar con políticas a maior desigualdade que pode haber no século vinteún, a maior lacra que é a violencia de xénero.

Creemos fundamental que un Concello coma o de Vigo conte cuns planes nos que se establezan as políticas e as medidas a adoptar nestes ámbitos. Afortunadamente o Concello de Vigo dende hai anos conta con estes mecanismos. Como responsable da concellería da Muller no goberno anterior tocoume elaborar o III plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2005-2007 e tamén o II plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004-2007. Ambos planes elaborados coas achegas dos distintos grupos e asociacións de mulleres.

Estes planes remataron en decembro de 2007 e neste intre o único que sabemos sobre os novos planes deste goberno é unha reseña que xa utilicei na moción de xuño na que se establece nestes 365 días do BNG como de futuro, que se vai facer unha avaliación do último plan de igualdade do Concello de Vigo e elaboración dun novo. Pasaron xa oito meses, o III plan de igualdade contaba xa cun plan de avaliación por tanto espero que sexa fácil realizala.

Así como a outros compañeiros como o Sr. Rodríguez Díaz, que tiña un plan de emprego 2004-2007, xa no mes de decembro e antes de que rematara fixen unha moción avisándolle que tiña que facer un novo, repetín varias mocións ó longo deste ano 2008 para lle instar que os presentara e mesmo pedíndolle que non se fora de vacacións, á Sra. Veloso deixei por libre precisamente pola expectativa que tiña posta nela. Hoxe xa non penso o mesmo e polo tanto mireime obrigada a presentar esta moción na que se lle insta a que de xeito rápido, non ó ritmo que vai

este goberno, teña elaborado un cuarto plan de igualdade, un III plan para combater a violencia de xénero e, xa que os dous están sen elaborar, ánimoa a que o faga de maneira conxunta cun plan integral.

Espero que nisto si conte co equipo da oposición para facer propostas. Se nos pide colaboración vaina ter, coidamos que o ámbito da igualdade ten que estar por riba das ideas de cada un dos partidos, debemos poñer o que temos en común os distintos grupos políticos e tentar que sexan un plan de todas e todos. Vai contar con nós para poder seguir avanzando nese ámbito de acadar a igualdade real.

No plan que estaba neste intre vixente aparecen distintas medidas que tentamos executar dun xeito o máis axustado ó que establecía o plan tendo en conta a flexibilidade de como avanza a sociedade e por tanto esperemos que elaboren un plan integral mellor do que está neste intre porque se trata de seguir avanzando e mellorando.

SRA. VELOSO RÍOS: Na moción solicítase que se elabore o plan pero ademais se inclúen unha serie de contidos que entendemos que non podemos aceptar que se contemplan porque o plan estase elaborando na concellería de Igualdade. De feito a concellería xa ten contratada a primeira fase de elaboración do cuarto plan de igualdade de oportunidades que non pode ser outra cousa que a avaliación do plan anterior. O documento final desa avaliación vai ser entregado en setembro por parte da empresa que está contratada para realizala e ademais será publicada para que sirva de ferramenta de traballo para o Concello pero tamén para lle dar difusión entre a sociedade porque consideramos que é fundamental.

Esta elaborándose esta primeira fase do IV plan tal como ven recollido no III plan, que di que se debe realizar unha avaliación e di ademais fóra do cronograma da execución que é de 2005 a 2007; parece lóxico agardar a que remate o período de execución para elaborar esa avaliación do plan. Agora mesmo estase a elaborar e en setembro teremos o documento final que será publicado.

Independentemente que nos parece fundamental publicalo para compartir con toda a sociedade as conclusións ás que chegamos, parécenos máis importante que se faga unha reflexión. Efectivamente hai anos que no Concello de Vigo contamos con plans pero ata o de agora non se fixo avaliación dos plans anteriores, só se fixo avaliación do primeiro plan que abrangía o período de 1994 a 1997, avaliación

que se publicou en 1999 e dende entón non se volveu avaliar ningún dos plans posteriores.

Elaborouse o III plan sen a avaliación previa do II e nós agora pensamos que é importante reflexionar e analizar o traballo feito, non se trata de volver comezar sistematicamente, non podemos facer por facer senón que temos que construír para que os demais tamén o poidan facer en base ó traballo que xa está feito porque na concellería queremos facer accións, reflexións e non só publicacións, non somos unha imprenta da que teñamos que sacar plans máis ou menos bonitos, senón que temos que reflexionar para continuar traballando.

Nese sentido o traballo está comezado e farase público o documento final de avaliación logo do verán. Por certo, o goberno anterior aprobou o III plan dez meses logo do remate do plan anterior, así que nós aínda estamos dentro de prazo porque o período de execución do plan anterior rematou o 31 de decembro, pasaron sete meses e aínda nos quedarían tres meses de prazo para igualar o tempo que lle levou ó goberno anterior aprobalo. Coido que tampouco imos tan mal de tempo, coido que aínda non é tempo de se preocupar.

De todos os xeitos entendo que o papel da oposición é de control e non espero nin votos de confianza, nin expectativas, nin tampouco felicitacións. Para a súa tranquilidade aclaro que o novo plan está xa sendo elaborado e logo da avaliación elaborárase o novo plan que conterá as medidas que se consideren máis oportunas en función do resultado desa avaliación e tamén das consultas ós colectivos de mulleres que se farán para esa elaboración.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Logo de ler o texto, quixera engadir no punto primeiro que fala da vida laboral e familiar, que se referira a mulleres e a homes porque case sempre nos ten que tocar ás mulleres facer esa conciliación e é bo expresar que tamén os homes teñen que conciliar o seu traballo igual que as mulleres.

Tamén quixera apuntar sobre a implicación da escola e a colaboración dos medios de comunicación. Efectivamente, a escola é a máis implicada, cómprenos os medios de comunicación pero tamén a sociedade en xeral e a través do seu tecido asociativo, cultural, universitario, sanitario, xustiza e política. Isto non viría mal porque sempre pensamos que coa escola resolvemos todo e coido que toda a sociedade en xeral ten que aportar moito e moi forte para combater a violencia

contra as mulleres.

SRA. MOLARES PÉREZ: En relación cos comentarios da Sra. López Atrio, por suposto que é un texto que pretende incorporar esa unanimidade da Corporación e na conciliación da vida laboral e familiar non aparece unha referencia expresa ás mulleres e comparto totalmente con vostede que é unha cuestión que ten que afectar a homes e mulleres. Por tanto se se quere especificar estamos encantados. A concelleira de Igualdade só me falou do IV plan municipal de Igualdade e non así do III plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres. Si nos parece preocupante e, aínda que non queira felicitacións nin expectativas, dicirille que se tiveran elaborado un III plan para combater a violencia de xénero ó mellor non se xeraría o problema que houbo coa Casa de Acollida e teríamos escrito nun papel, consensuado con todo o mundo, como se ía facer. Repito que nese documento non queren publicar cousas, sen embargo non a nivel de Concello pero si a nivel de partido si que se gastan os cartos en publicacións e gústalles facer documentos.

Non o critico, dicía vostede que non querían documentos; pois ó Sr. Olveira si lle deben gustar porque ademais saen vostedes nas fotos moi favorecidos e que as hai de cada un de vostedes e xuntos tamén en moitas follas.

Á parte diso, impórtanos que estea ese plan de acción para combater a violencia de xénero, seguimos dicindo que é importante, que hai que estar unidos e temos que aportar todos. Segue a ser así porque aínda hai pouco, o 10 de xullo deste mesmo ano, nun comunicado de prensa Amnistía Internacional referíndose a Lei estatal, segue a dicir que o déficit no desenvolvemento da Lei integral, no feito de que non se produciran avaliacións e seguimentos do impacto da Lei con vistas a detectar as lagoas no seu desenvolvemento, é unha deficiencia xa que non só hai que establecer medidas senón mirar o impacto.

Xa ve que ó Partido Popular non lle da medo facer a avaliación porque, como vostede ben di, no propio III plan incorpórase a avaliación e faise precisamente porque nós quixemos que así fora e arriscámonos a que nos avalíen, aínda que xa estaba feita unha avaliación dese plan antes de rematar o mandato porque como ve os dous plans están feitos cun tempo preciso, ata finais de 2007, para que lle dera tempo á Corporación entrante, fose a que fose, a elaborar un.

Vostede fala neses dez meses en que eu tardei en elaborar un plan. Anímoa a que vostede o faga mellor ca min, só faltaría, ademais lémbrolle que eu levaba sete anos, era tenente de alcalde, non tiña nin dez asesores nin tanta xente como vostede e por riba estábamos en minoría. Eu quixen que ese plan, non sendo obrigatorio, fose un plan consensuado no que estivésemos todos por tanto requiriu maior esforzo e maior tempo.

Eu non lle critico que tarde dez meses; se está publicado en novembro e faino coas achegas de todos como o fixen eu, aplaudíralle. Pero dende a oposición a min ninguén me preguntou aínda por nada nin me convocou a ningunha xuntanza sobre o plan de igualdade. Por tanto, nese sentido, fun eu precisamente quen estableceu nese plan a avaliación e os meses que tardei coido que foron os necesarios para acadar que fose un plan de todos, non do Partido Popular, un plan da cidade.

Aínda a que fago a moción son eu e non me gusta caer no que fixemos ou deixamos de facer porque sobre iso xa nos valoraron os cidadáns, facerlle un comentario de que o plan anterior, 2003-2004, era un plan bianual elaborado practicamente en campaña electoral, no mes de marzo de 2003, a uns meses de que rematara o mandato, e asegúrolle que co cambio que houbo de tres ou catro concelleiras no período anterior que non imos lembrar, practicamente quedou sen executar. Por iso, por elegancia política, preferín non avalialo porque ía saír mal parado e crin que era mellor aproveitar o que se podía dese plan e non avaliar unha cousa que podería ser unha mala xestión por como estaba planificado.

Non tiven ningún inconveniente en avaliar o plan para combater a violencia de xénero e tampouco tiven ningún problema en dicir publicamente aquilo que era positivo porque coido que para o que teñen que servir estes planes é para ir avanzada, para que cada quen vaia achegando o mellor e o que nos ten que importar nesta corporación é que coas medidas que se incorporen no plan, como foi por exemplo positivo incorporar pedagogas que no ámbito da educación estableceran uns hábitos e ensinanzas que poden vir ben para que a sociedade do futuro, nenos e nenas que van ser homes e mulleres, aprendan a convivir en igualdade real. Ou outras medidas para combater a violencia de xénero como foron eses pisos que agora seguen nesta Corporación ou multitude de medidas, moitas delas continúan e o bo é que as medidas que son positivas se manteñan e o que se poida mellorar se mellore porque a sociedade evoluciona e o lóxico é que os plans

o fagan coa sociedade.

Pedimos ese plan integral, instámoslles a que se elabore de inmediato, pero nesta Corporación o inmediato xa se sabe cando pode ser, se está en setembro ou novembro estaríamos encantados pero a nosa obriga como oposición é instarlle a que se elaboren eses dous plans porque neste momento non hai plans previstos e, como dicía, no seu ano de goberno e de futuro non aparece nada do plan para combater a violencia de xénero.

SRA. VELOSO RÍOS: Efectivamente o plan que imos elaborar é un plan integral, do mesmo xeito que por exemplo o plan da Secretaría de Igualdade inclúe no plan de igualdade o problema da violencia de xénero, nós entendemos que este problema é a manifestación máis extrema da situación de desigualdade entre homes e mulleres na nosa sociedade e por tanto este problema vai estar incluído no plan integral de igualdade de oportunidades e por suposto vai estar contemplado dentro do plan que estamos a elaborar agora mesmo.

Efectivamente estamos facendo a avaliación e coido que estamos totalmente de acordo na necesidade da facer, entón tampouco vexo a necesidade de lle dar moitas máis voltas á cuestión. Estamos de acordo en que hai que facer un plan e que ademais ten que ser máis de algo que estea por escrito, ten que ser algo realizable e temos que o ter ademais como guía no traballo e na acción política de aquí en adiante. Por iso estamos a facelo como entendemos que o hai que facer, con avaliación previa e co consenso de todo o mundo.

Ademais consultarase ós colectivos de mulleres e ás profesionais para a elaboración do IV plan integral no que xa se incluírá a cuestión da violencia de xénero.

Por tanto ese traballo está feito, está contratado para que en setembro estea o documento final, terémolo publicado a finais de ano e elaboraremos o novo plan.

En canto ó que se recolle na moción de cuestións de contido do plan, non o podemos aceptar porque se se nos pide que se elabore un plan, xa se está a facer. Agora ben, que se nos diga o que teñen que incluír o IV plan municipal de igualdade e o III plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres, ó mesmo tempo que se nos pide un plan integral, xa estamos a falar dun plan integral, xa nos estamos a falar de dous plans distintos e non estamos a falar



dos contidos concretos. Por iso non imos votar a favor da moción pero non porque non esteamos de acordo no resto das ideas que estamos a expoñer e por tanto queda claro que o plan se esta a facer, que se vai publicar e que como sempre se vai elaborar cos colectivos de mulleres e cos profesionais que traballan neste tema.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sorpréndeme que me diga que vai votar en contra e que non me pida que a rectifique para que saia esta moción por unanimidade, dígollo sinceramente. Preocúpame que nun ámbito coma é o da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres vostede queira votar en contra desta moción sen me pedir antes un cambio de redacción ou de proposta.

Coma a miña actuación en goberno e en oposición é a mesma, coido que en política hai que ser coherente, son eu quen lle fago a proposta. Eu non fixo o texto, a propia Sra. López Atrio aportaba unha concreción.

Leo literalmente: O Grupo municipal do Partido Popular insta ó goberno municipal para que de inmediato elabore un plan integral da muller que inclúa: 1.- O IV plan municipal de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres que incorpore medidas que garantan a formación das mulleres para acceso ó emprego e para que concilien a súa vida laboral e familiar entre homes e mulleres, como propoñía a Sra. López Atrio.

2.- O III Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres, que incorpore máis medios materiais e persoais, máis recursos sociais e de asistencia ás mulleres vítimas de violencia, así como medidas de concienciación do conxunto da sociedade viguesa, coa implicación da escola e a colaboración dos medios de comunicación social.

Como pode ver son cousas moi xerais nas que deberíamos estar todos de acordo pero como non quero xerar discordia e o único que pretendían eses dous puntos é poñer de manifesto que estaba pendente de elaborar un IV plan e un III plan, neste mesmo momento, Sr. Alcalde, retiro que se inclúa o IV plan municipal de Igualdade co que vai detrás e que inclúa o III plan municipal para combater a violencia contra as mulleres. Déixoo en que "De inmediato elabore un plan integral da muller" pero me parece grave a actitude da concelleira de Igualdade que pretenda que neste ámbito haxa unha falla de consenso á hora de elaborar un plan integral da muller.

Se vai votar en contra eu non teño inconveniente en cambiar eses dous puntos

porque me parece que sería dar un paso moi negativo que esta Corporación votara en contra a elaborar un plan integral.

SRA. VELOSO RÍOS: Claro que acepto, estamos a falar do mesmo. Paréceme que o que se está a buscar é escenificar unha falla de consenso porque si.

A PRESIDENCIA: Por tanto sométese a votación a moción que diría: "Así o Grupo Municipal do Partido Popular insta ó goberno municipal para que de inmediato elabore un plan integral da muller."

Modificación proposta pola Sra. Molares Pérez á súa moción durante o curso do debate:

Modificar a proposta no seguinte sentido:

Instar ao Goberno municipal para que, de inmediato, elabore un Plan Integral da Muller.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito.

ACÓRDASE:

Instar ao Goberno municipal para que, de inmediato, elabore un Plan Integral da Muller.

18.- (167).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A CREACIÓN DUN PLAN MUNICIPAL DE DEREITOS HUMANOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xullo de 2008, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

"Os dereitos humanos constitúen a base da vida en comunidade e por iso, defendelos, promover o seu coñecemento e garantir o seu respecto debe ser un compromiso ético e político de tidas as administracións públicas. Dende o Concello temos competencias en numerosas áreas que teñen ou poden ter impacto no respecto á promoción dos dereitos humanos como a educación, a inmigración, a

formación policial ou a violencia contra as mulleres.

Débense adquirir compromisos específicos en materia de dereitos humanos, adoptando medidas axeitadas de protección e de promoción naquelas áreas nas que exerzan competencias. E debe facerse cun programa de acción integral, coherente e eficaz.

O Partido Popular asumiu en 2007 as 10 propostas cos dereitos humanos que Amnistía Internacional publicou no documento "Máis dereitos humanos no teu e na túa Comunidade", comprometéndose a asumir todas aquelas cuestións nas que as competencias eran municipais e, xa que logo, dar prioridade a cuestións como a loita contra o racismo, a violencia contra as mulleres, a formación das forzas de seguridade ou a educación en dereitos humanos.

O acordo de goberno entre o PSdeG e o BNG para Vigo recolle varios acordos en áreas relativas aos dereitos humanos que expresan o compromiso cos mesmos. Con todo, a protección e a promoción dos dereitos humanos require da acción política concreta e permanente e non das boas intencións e de promesas de futuras accións que nunca chegan desenvolverse.

Como conmemoración do 60 aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos que se celebra este 2008 debemos, como responsables políticos, facer que esta sexa tida en conta e apoiar sen condicións os seus fins amosando un extraordinario xesto de liderado.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Crear o Plan Municipal de Dereitos Humanos."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 21 de xullo de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

*A concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.*

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A verdade é que sobre esta moción pasáronme diversas opcións pola cabeza á hora de discutila aquí porque sempre é bo que a dereita deixe algúns prexuízos atávicos e se incorpore a temas moi importantes coma este. Quero dicilo porque na proposta que se fai fan referencia a que o Partido Popular asumiu en 2007 as dez propostas cos dereitos humanos que Amnistía Internacional publicou nun documento que obviamente lin e informeime en que consistía.

Nese documento atopámonos cousas tan curiosas como que os puntos que

precisamente teñen máis relación co Concello, en concreto o punto dous fala de adoptar medidas que garantan o acceso de todas as persoas estranxeiras ó conxunto básico de dereitos, independentemente da súa situación administrativa. Cando lin iso non podía menos que lembrar o tema daquel contrato que tiñan que asinar os inmigrantes, que ían ser bos, como se a Constitución e demais dereitos e obrigas da nosa lexislación non fora algo que incumbe absolutamente a todos, españois e inmigrantes.

Continúa este punto con asegurar o seu acceso a dereitos básicos coma a educación e a sanidade. Cando lía isto tamén escoitaba na campaña electoral a aqueles dirixentes do Partido Popular que falaban do que se encarecían eses servizos públicos para os españois coa chegada dos inmigrantes. Ou cando en ocasións escoitaba a moitos dirixentes do seu partido asimilar inmigración a delincuencia, etc.

O punto 8 que tamén ten moita relación co que estamos a falar, sobre todo por competencias do Concello e das comunidades autónomas, quedei absolutamente sorprendido porque se fala de "impulsar de forma efectiva a materia de educación para a cidadanía e os dereitos humanos, destinando un maior número de horas á mesma dentro das marxes establecidas na LOE, Lei orgánica de educación".

Cando lin isto non puiden menos que pensar que en política e en toda actividade humana isto ten un nome: hipocrísía. Laméntoo porque coido que o voto que estamos mantendo nas últimas intervencións é o que debe corresponder a unha Corporación municipal que precisamente trata de utilizar os dereitos democráticos que tanto queremos defender.

Non me asombrou tanto cando Amnistía Internacional propoñía este compromiso de dez puntos cos dereitos humanos para os Concellos e Comunidades Autónomas. Era en plena campaña electoral, parecía que habería que quedar ben con cousas deste estilo.

Realmente tampouco podo deixar de facer unha pequena referencia; estou sorprendido desta proposta que fai o Partido Popular, vostedes adicáronse a insultar, menosprezar, impedir que houbera unanimidade nesta Corporación para recoñecer os sufrimentos e o que traballaron por acadar os dereitos democráticos en España aqueles represaliados durante a ditadura e lamentablemente tivemos que escoitar aquí cousas absolutamente asombrosas, indignas dun partido

democrático que di defender os dereitos humanos.

De todos os xeitos, benvidos a esta modernización que suporía que en efecto a dereita neste país se incorpora de verdade ó que é a democracia.

Imos votar favorablemente a esta moción porque en definitiva propón defender o que xa estamos facendo nós na práctica; estamos respectando os dereitos humanos, protexéndoos e promovéndoos e hai moita actividade deste goberno municipal.

No meu paso pola concellería de Educación e anos pasados sempre considerei coma un obxectivo fundamental loitar por actividades deste tipo que é o que está continuando este goberno.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorpréndeme non gratamente o seu discurso porque estamos falando dun tema maior. Está a facer un discurso totalmente retrógrado, de dereita, de esquerda, da ditadura... Estamos a falar dos dereitos humanos, de temas coma a inmigración, das necesidades das persoas que están en risco de exclusión social, das mulleres vítimas de violencia, do racismo, en definitiva dos dereitos humanos.

Coido que un tema moi importante como para facer ese discurso banal, baleiro e sen contido. Alégrame moito que se tome en conta e se vaia aprobar pero coido que hai que ter moita consideración coas persoas e co que se está a falar.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Non paga a pena intervir.

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Sra. García Miguez, instando a creación dun plan municipal de dereitos humanos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (168).- ROGOS E PREGUNTAS.

- \* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SRA. MOLARES PÉREZ, RELATIVA Á INFORMACIÓN Ó PLENO DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO.

SRA. MOLARES PÉREZ: Trimestralmente a Intervención Xeral municipal ou o órgano que teña atribuída a función de contabilidade, remitiralle ó Pleno da Corporación por conduto da Alcaldía-Presidencia información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación, segundo establece o artigo 207 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A concelleira responsable da área no mes de abril remitiu esta información ó Pleno e dixo "...Queremos que toda a cidade coñeza o que o goberno está a facer e os resultados destes tres meses pódense comprobar aquí".

Gustaríanos saber por que non se trouxo a do segundo trimestre e cando se vai traer.

A PRESIDENCIA: Gracias Sra. Molares, contestaralle a concelleira por escrito.

- \* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. COMESAÑA ABALDE, RELATIVA A INSTALACIÓN DUN SEMÁFORO NA RÚA CACHENO EN BEMBRIVE.

SR. COMESAÑA ABALDE: Quero preguntarlle ó Sr. Calviño con respecto a un semáforo pendente de colocar na rúa Cacheno en Bembrive, algo que quedou solventado e só a expensas do informe de Patrimonio. Ese informe hai sete meses longos que viu e quería saber a situación da obra.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Está en estudo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás

catorce horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2008. Consta de 74 folios da serie A numerados do 2141594 ao 2141667, e números do 487 ao 560. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2008.

Vigo, a 29 de setembro de 2008

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda